

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**4208** *Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

##### I

O pasado 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde declarou pandemia internacional a situación de emerxencia de saúde pública provocada polo COVID-19. A rápida propagación, tanto a nivel nacional como internacional, motivou a necesidade de reaccionar de forma rápida e de adoptar medidas urxentes e contundentes co obxectivo de amortecer o impacto desta crise sen precedentes.

Esta crise sanitaria está tendo un impacto directo na economía e na sociedade, nas cadeas produtivas e no día a día dos cidadáns, así como nos mercados financeiros, suxeitos a unha elevada volatilidade nas últimas semanas.

Máis alá do impacto sobre a economía global, as medidas sanitarias de contención supoñen reducir a actividade económica e social de forma temporal para o tecido produtivo e social, restrinxindo a mobilidade e paralizando a actividade de numerosos sectores, con importantes perdas de rendas para fogares, autónomos e empresas.

O impacto que acabe tendo a situación de emerxencia actual dependerá, en gran medida, da mobilización de recursos nacionais e da Unión Europea e da coordinación entre as políticas orzamentarias, monetarias, financeiras e estruturais.

Nestas circunstancias excepcionais, a política económica debe estar orientada a protexer o emprego, axudar os máis vulnerables e manter o tecido produtivo. Debe fomentarse unha rápida volta á normalidade, unha vez que se restablezan as condicións de mobilidade e se levanten as medidas de contención.

Ante esta situación de emerxencia de saúde pública, o Goberno de España adoptou medidas urxentes de resposta que se engaden ás actuacións no ámbito comunitario e internacional. Así, durante as últimas semanas aprobouse un amplo paquete de medidas de ámbito económico e social para actuar en tres grandes frontes: en primeiro lugar, loitar contra a epidemia a partir do reforzo dos servizos sanitarios e a investigación; en segundo lugar, apoiar todos os cidadáns, é dicir, os traballadores, as familias, os autónomos, prestando unha especial atención a aqueles máis vulnerables e, en terceiro lugar, apoiar a actividade económica con medidas de liquidez e flexibilidade dirixidas a aliviar os custos para as empresas. Todas estas medidas perseguen manter un mínimo de actividade económica nos sectores máis afectados. É dicir, evitar que a ralentización económica derivada dunha situación conxuntural como a actual teña un impacto de carácter estrutural que lastre a recuperación económica e social, unha vez superada esta situación excepcional.

Todas estas medidas están recollidas nos seguintes reais decretos leis: o Real decreto lei 6/2020, do 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública; o Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19; o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, e o Real decreto lei 9/2020, do 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19.

Tendo en conta a evolución dos acontecementos e a rápida evolución dos contaxios, a escala nacional e internacional, o 25 de marzo o Congreso dos Deputados, logo do

Acordo do Consello de Ministros, aprobou, até as 0.00 horas do día 12 de abril, a prórroga do estado de alarma establecido no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que inclúe, entre outras cuestións, limitacións á liberdade de circulación, cos efectos que isto supón para traballadores, empresas e cidadáns.

Posteriormente, aprobouse o Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19. Este permiso retribuído recuperable establécese, de carácter obrigatorio e limitado no tempo entre os días 30 de marzo e 9 de abril (ambos incluídos), para todo o persoal laboral por conta allea que preste servizos en empresas ou entidades do sector público ou privado que desenvolven as actividades non esenciais cualificadas como tal, exceptuando as persoas traballadoras que teñan o seu contrato suspendido durante o período indicado e aquelas que poidan continuar prestando servizos a distancia.

Todas estas actuacións están aliñadas coas medidas que están adoptando os países da nosa contorna e de acordo coas recomendacións dos organismos da Unión Europea e internacionais. Nas últimas semanas, e atendendo á evolución da crise sanitaria a nivel europeo e internacional, os distintos países están empezando a adoptar medidas económicas e sociais de amplo alcance dirixidas a reforzar os sistemas sanitarios, proporcionar liquidez á economía, manter o emprego, así como protexer as familias e os máis vulnerables.

No marco da Unión Europea, e a nivel internacional, a través do G-20, o FMI, a OCDE e outros organismos, a comunidade internacional está tratando de coordinar as súas actuacións, compartindo as medidas adoptadas e as mellores prácticas e poñendo en marcha actuacións destinadas a apoiar os esforzos despregados, e de presentar plans de acción conxunta. A nivel europeo, os Estados membros adoptaron medidas fiscais de apoio á economía de case o 2% do PIB da zona euro e puxeron en marcha esquemas de provisión de liquidez en apoio aos traballadores e ás empresas por valor do 13% do PIB conxunto. O BCE, pola súa parte, adoptou medidas excepcionais de apoio á economía europea, entre outras a través do seu Programa de compras de emerxencia pola pandemia (PEPP) por valor de 750 mil millóns de euros, a Comisión Europea adoptou a decisión de activar a cláusula de escape do Pacto de estabilidade e crecemento, e o Banco Europeo de Investimentos propuxo accións adicionais de calado para ampliar a provisión de garantías ás empresas europeas.

Cos obxectivos de seguir protexendo e dando soporte ao tecido produtivo e social, de minimizar o impacto e de facilitar que a actividade económica se recupere en canto empece a remitir esta situación de emerxencia de saúde pública, preséntase un novo paquete de medidas que reforza, complementa e amplía as anteriormente adoptadas, conformando un paquete económico e social completo para dar resposta a todos os cidadáns.

Neste contexto, a aprobación deste real decreto lei de medidas urxentes dá resposta á persistencia e afondamento das circunstancias económicas e sociais excepcionais anteriormente sinaladas, sumándose ás medidas adoptadas a nivel comunitario e completando as tomadas polo Goberno nas últimas semanas.

Concretamente, este novo real decreto lei persegue, en primeiro lugar, a adopción dun novo paquete de medidas de carácter social dirixidas ao apoio a traballadores, consumidores, familias e colectivos vulnerables, facendo especial fincapé naqueles que máis o necesitan, e, en segundo lugar, a posta en marcha dun conxunto de medidas de diversa natureza con impacto directo no reforzo da actividade económica, así como actuacións encamiñadas a apoiar empresas e autónomos. Inclúese, ademais, un conxunto de medidas que permiten axustar o funcionamento da Administración ás necesidades actuais, acometendo medidas en materia de contas anuais das entidades do sector público, en materia de dispoñibilidades líquidas e doazóns, así como no financiamento outorgado polas entidades territoriais.

A evolución da crise sanitaria require a prolongación no tempo das medidas adoptadas no Real decreto lei 8/2020, co fin de mitigar o impacto económico e social derivado da extensión do contaxio da enfermidade, mantendo como prioridade a protección das familias, autónomos e empresas máis directamente afectadas. Para tal efecto, en aplicación da disposición derradeira décima do Real decreto lei 8/2020, inclúese a disposición derradeira décima segunda na cal se determina expresamente a prórroga da vixencia de todas as medidas adoptadas durante o prazo dun mes tras a fin do estado de alarma, reforzando ou desenvolvendo algunhas delas para unha maior efectividade.

De tal forma, este real decreto lei estrutúrase en 3 capítulos, 54 artigos, 22 disposicións adicionais, 5 disposicións transitorias, 13 disposicións derradeiras e 4 anexos.

## II

### **Apoio a traballadores, consumidores, familias e colectivos vulnerables**

O capítulo 1 regula un amplo paquete de medidas para apoiar os traballadores, os consumidores, as familias e os colectivos máis vulnerables.

O apoio aos traballadores, consumidores, familias e colectivos vulnerables para aliviar a súa situación financeira e que poidan dispor duns ingresos mínimos e contribuír ao alivio dos seus gastos fixos é unha das prioridades estratéxicas do Goberno, especialmente relevante nas circunstancias actuais, e é de especial importancia a adopción de medidas que aseguren que non quedan en situación de exclusión como consecuencia da crise sanitaria do COVID-19.

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Medidas dirixidas a familias e colectivos vulnerables*

A sección I regula un novo paquete de medidas para apoiar as familias e os colectivos máis vulnerables que, tras a paralización de gran parte da actividade económica, viron afectados os seus ingresos e, por conseguinte, a súa capacidade para facer fronte aos gastos necesarios para o mantemento dos seus fogares.

En primeiro lugar, adóptanse medidas dirixidas ao apoio ao alugamento de persoas vulnerables. En España, no 85% dos arrendamentos de vivenda o propietario é unha persoa física, pequeno propietario. Esta particularidade do mercado do alugamento en España fai especialmente necesario que as medidas adoptadas faciliten os acordos entre as partes para permitir o pagamento das rendas. Establécense, por isto, propostas neste ámbito dirixidas á necesaria protección aos colectivos máis vulnerables que poidan ver sensiblemente afectada a súa capacidade para facer fronte ao alugamento, ao tempo que se garante un equilibrio entre as partes que impida que a vulnerabilidade dos arrendatarios sexa trasladada aos arrendadores, especialmente a aqueles para os cales os ingresos xerados pola renda do alugamento poden ser esenciais.

Neste contexto, as medidas adoptadas neste real decreto lei están orientadas a un triplo obxectivo:

Primeiro, responder á situación de vulnerabilidade en que incorran os arrendatarios de vivenda habitual como consecuencia de circunstancias sobrevidas debidas á crise sanitaria do COVID-19, especialmente aqueles que xa facían un elevado esforzo para o pagamento das rendas, pero tamén aqueles que, sen estaren previamente nesa situación, se encontren agora nela circunstancialmente. Segundo, deseñar medidas de equilibrio que impidan que, ao resolver a situación dos arrendatarios, se traslade a vulnerabilidade aos pequenos propietarios. E, terceiro, mobilizar recursos suficientes para conseguir os obxectivos perseguidos e dar resposta ás situacións de vulnerabilidade.

Con estes obxectivos, o real decreto lei establece, entre outras medidas, a suspensión de lanzamentos para fogares vulnerables sen alternativa habitacional e a prórroga extraordinaria dos contratos de arrendamento de vivenda habitual. Así mesmo, establécense medidas conducentes a procurar a moratoria da débeda arrendaticia para as persoas arrendatarias de vivenda habitual en situación de vulnerabilidade económica.

Neste sentido, tamén se incorpora un novo Programa de axudas ao alugamento ao Real decreto 106/2018, do 9 de marzo: o «Programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social do COVID-19 nos alugamentos de vivenda habitual», e a creación, mediante acordo entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o Instituto de Crédito Oficial (ICO), dunha liña de avais do Estado específica á cal poderán ter acceso todos aqueles fogares que poidan estar en situación de vulnerabilidade como consecuencia da expansión do COVID-19 e que non comportará ningún tipo de gastos ou xuros para o solicitante.

En segundo lugar, amplíase o prazo de suspensión a 3 meses e realízanse axustes técnicos para facilitar a aplicación da moratoria de débeda hipotecaria para a adquisición de vivenda habitual introducida polo Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

Concretamente, clarifícase que as cotas suspendidas non se deben liquidar unha vez finalizada a suspensión, senón que todos os pagamentos futuros se deben pospor o que dure a suspensión. Clarifícase, así mesmo, o concepto de «gastos e subministracións básicas» para efectos da definición do limiar de vulnerabilidade, incluíndo neste concepto os gastos asociados a subministracións de electricidade, gas, gasóleo para calefacción, auga corrente e dos servizos de telecomunicación fixa e móbil e adáptase a acreditación de vulnerabilidade ás dificultades derivadas do estado de alarma que poida impedir a obtención de determinados documentos, mediante a presentación dunha declaración responsable. Tamén se amplía a información que deben remitir as entidades financeiras ao Banco de España, co fin de facilitar o seguimento do impacto desta medida, así como o réxime de supervisión e sanción. Desta maneira, lógrase dar unha maior seguridade xurídica á aplicación da moratoria.

A moratoria da débeda hipotecaria do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, inicialmente prevista para a vivenda habitual das persoas físicas, esténdese agora a dous novos colectivos: o dos autónomos, empresarios e profesionais respecto dos inmobles afectos á súa actividade económica, e o das persoas físicas que teñan arrendados inmobles polos que non perciban a renda arrendaticia en aplicación das medidas en favor dos arrendatarios como consecuencia do estado de alarma.

Así mesmo, individualízase o importe do superávit que poderán destinar as entidades locais a prestacións e investimentos relativos a gasto social, coa consideración de investimentos financeiramente sustentables, como así se estableceu no artigo 3 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, que fixou que o importe para o conxunto do citado subsector sexa de 300 millóns de euros. A aplicación desta norma e do seguimento que corresponderá realizar ao Ministerio de Facenda require que as entidades subministren a información necesaria, polo que se recolle un anexo co formulario.

Ademais, vista a actual situación, por razón da súa excepcionalidade e da urxencia en executar os gastos que sexan necesarios para atender as necesidades que se presenten en relación coa aplicación daquel precepto, habíltanse os presidentes das corporacións locais para que, mediante decreto, poidan aprobar modificacións de crédito consistentes en créditos extraordinarios ou suplementos de créditos.

Ademais, co obxectivo de asegurar que os cidadáns non queden excluídos do sistema financeiro ao non poder facer fronte temporalmente ás súas obrigacións financeiras como consecuencia da crise sanitaria do COVID-19, de forma paralela ao financiamento hipotecario da vivenda, este real decreto lei amplía o alcance da moratoria aos créditos e préstamos non hipotecarios que manteñan as persoas en situación de vulnerabilidade económica, incluíndo os créditos ao consumo.

Para compatibilizar esta nova moratoria coa hipotecaria do Real decreto lei 8/2020 e a moratoria do alugamento deste real decreto lei, axústase o réxime de acreditación desta moratoria non hipotecaria con dous obxectivos. En primeiro lugar, establécese que non se teña en conta a aplicación dunha posible moratoria hipotecaria ou de alugamento para efectos de calcular se se alcanzou ou non o límite da carga hipotecaria ou a renda arrendaticia do 35% dos ingresos. Con isto preténdese garantir o tratamento equitativo de todos os acredores e arrendadores. En segundo lugar, preténdese abarcar a casuística

daqueles que non fagan fronte a débedas hipotecarias ou a unha renda arrendaticia e deban facer fronte a un ou varios préstamos que lle supoñen máis dun 35% dos seus ingresos.

O obxectivo da medida é estender a todo tipo de préstamo o alivio económico establecido polo Real decreto lei 8/2020 para as persoas máis necesitadas mediante a suspensión dos contratos de crédito ou préstamo non hipotecario.

En cuarto lugar, para contribuír a aliviar as necesidades de liquidez dos fogares, amplíanse as continxencias en que se poderán facer efectivos os dereitos consolidados nos plans de pensións e recóllense, con carácter excepcional, como supostos nos cales se poderá dispor do aforro acumulado en plans de pensións, situacións de desemprego consecuencia dun expediente de regulación temporal de emprego e o cesamento de actividade de traballadores por conta propia ou autónomos que se produzan como consecuencia do COVID-19.

En quinto lugar, amplíase o colectivo de potenciais perceptores do bono social de electricidade, ao cal poderán acollerse, de maneira excepcional e temporal, as persoas físicas, na súa vivenda habitual, con dereito a contratar o prezo voluntario para o pequeno consumidor, que teñan unha renda igual ou inferior a determinados limiares referenciados ao IPREM, e que acrediten ante a comercializadora de referencia ter cesado na súa actividade profesional como profesionais autónomos ou ter visto a súa facturación reducida nun 75 por cento de media respecto ao semestre anterior.

As medidas de confinamento e restrición da mobilidade comportan a estadia ininterrompida no domicilio da maioría dos membros do fogar. Adicionalmente, moitas actividades profesionais que, en circunstancias habituais se realizan fóra do fogar, trasladáronse á vivenda. Por isto, as subministracións enerxéticas (electricidade, gas natural, derivados do petróleo) e a subministración da auga adquiren, se cabe, unha natureza aínda máis esencial.

Neste contexto, en sexto lugar, adóptase un conxunto de medidas dirixidas a garantir a continuidade da subministración enerxética e da auga para fogares mentres dure o estado de alarma. Para isto, mentres estea en vigor o estado de alarma, non poderá suspenderse a subministración a consumidores domésticos na súa vivenda habitual, por motivos distintos á seguridade da subministración, das persoas e das instalacións, aínda que conste a dita posibilidade nos contratos de subministración ou acceso subscritos polos consumidores.

Así mesmo, o período de tempo en que estea en vigor o estado de alarma non computará para efectos dos prazos dos procedementos de suspensión da subministración iniciados con anterioridade ao dito período.

En sétimo lugar, dáse resposta ao colectivo das empregadas do fogar, especialmente vulnerables nas circunstancias actuais, dado que non dispoñen de dereito á prestación por desemprego. Por isto, créase un subsidio extraordinario temporal do cal se poderán beneficiar ante a falta de actividade, a redución das horas traballadas ou a extinción do contrato como consecuencia do COVID-19. A contía do subsidio dependerá da retribución percibida con anterioridade, así como da redución de actividade que se sufra, e exixirase unha proba acreditativa da dita redución ao empregador. Este subsidio é compatible co mantemento doutras actividades e a contía máxima que se recibirá será o SMI sen pagas extraordinarias.

A crise sanitaria motivada polo COVID-19 desencadeou novas situacións de necesidade vinculadas á falta de emprego e agravou a situación en que se encontraban persoas desempregadas con anterioridade. Aínda que o sistema estatal de subsidios de desemprego e tamén os sistemas asistenciais das comunidades autónomas serviron para dar resposta a algunhas destas situacións, resulta necesario completar o ámbito da cobertura para efectos de que queden incluídas as novas situacións de necesidade por falta de emprego xeradas pola actual crise sanitaria.

Un colectivo particularmente afectado pola actual situación e que pode non encontrarse entre os que dan lugar a algunha cobertura da seguridade social ou de calquera outra Administración pública é o constituído por aquelas persoas traballadoras cuxo contrato

temporal chega á súa fin con posterioridade á declaración do estado de alarma. Aínda que no Real decreto lei 9/2020 se estableceron medidas para que, en caso de suspensión de contratos, se interrompa o cómputo dos contratos temporais, esta previsión non evita totalmente que existan finalizacións de contratos temporais con posterioridade á declaración do estado de alarma que non estean cubertos polo sistema establecido para as persoas desempregadas por ter estado afectadas pola suspensión ou redución de xornada establecida nos artigos 22 e 23 do Real decreto lei 8/2020.

A situación en que quedan estas persoas debe ser atendida con medidas excepcionais dada a dificultade de acceso ao emprego ao menos mentres dura a situación de crise sanitaria. O subsidio por circunstancias excepcionais aplicable ao colectivo de traballadores temporais cuxo contrato se extingue porque chega á súa fin configúrase sen requisito de carencia precisamente para equiparar a súa situación no posible á das persoas que si foron incluídas nun expediente de regulación temporal de emprego e que puideron acceder, aínda sen cumpriren a carencia establecida, á correspondente prestación de desemprego. O único requisito que se exige é a duración mínima establecida do contrato cuxa fin chegou e que debe ser de ao menos dous meses. Esta duración do contrato temporal permite identificar a existencia dunha expectativa profesional e exclúe, por tanto, as relacións contractuais esporádicas.

## *Sección 2.<sup>a</sup> Medidas de apoio aos autónomos*

Con motivo da situación excepcional de emerxencia sanitaria, as empresas e autónomos tiveron que suspender a súa actividade ou vírona reducida considerablemente. Por isto, co obxectivo de aliviar a tensión financeira que teñen que afrontar, adóptanse as seguintes medidas complementarias ás xa adoptadas nos reais decretos leis para este colectivo.

Nesta sección, habilitase a Tesouraría Xeral da Seguridade Social para a concesión de forma excepcional de moratorias no pagamento das cotizacións á seguridade social atendendo a excepcionais circunstancias, nos casos e condicións que se determinen mediante orde ministerial. O período de devindicación no caso de empresas sería o comprendido entre abril e xuño de 2020, mentres que no caso dos autónomos sería o comprendido entre maio e xullo de 2020. E, neste ámbito, permítese que as empresas e autónomos que non teñan en vigor aprazamentos de pagamento de débedas coa seguridade social poidan solicitar o aprazamento do pagamento das súas débedas coa seguridade social, que deban ingresar entre os meses de abril e xuño de 2020, cunha rebaixa substancial do tipo de xuro exixido que se fixa no 0,5%.

Así mesmo, para facilitar ás empresas e aos autónomos a realización das xestións coa seguridade social, permítese a empresas e xestorías utilizar o Sistema de remisión electrónica de datos (RED) para efectuar por medios electrónicos as solicitudes e demais trámites correspondentes aos aprazamentos no pagamento de débedas, as moratorias no pagamento de cotizacións e as devolucións de ingresos indebidos coa seguridade social.

Por outro lado, recóllese que aqueles autónomos que suspendesen a súa actividade e pasen a percibir a prestación por cesamento de actividade regulada no Real decreto lei 8/2020 e que non ingresasen en prazo as cotizacións sociais correspondentes aos días efectivamente traballados do mes de marzo poderán aboalas fóra de prazo sen recarga.

Por último, ante as especificidades de determinados sectores produtivos, con producións que teñen como base os ciclos de vida de seres vivos que lles dan un carácter estacional, dentro das medidas urxentes extraordinarias tomadas polo Goberno, tómanse medidas para que, ao determinar o descenso de facturación que dea dereito á prestación extraordinaria prevista no artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, a referencia de partida se faga sobre a base do conxunto da campaña anterior e non en relación co semestre anterior, xa que existen producións que centralizan a súa facturación en determinados meses da campaña.

Ademais, para os beneficiarios da prestación extraordinaria por cesamento de actividade recollida no artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, para os casos de suspensión da actividade, non será obxecto de recarga a cotización correspondente aos días de

actividade no mes de marzo de 2020 non cubertos pola prestación regulada neste artigo, que non fose aboada dentro do prazo regulamentario de ingreso.

Por último, prevense as formas en que se pode acreditar a redución da facturación. Para aqueles traballadores autónomos que non estean obrigados a levar os libros que acreditan o volume de actividade, deberán acreditar a redución ao menos do 75% exixida por calquera medio de proba admitido en dereito.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Medidas de protección dos consumidores*

Nun contexto excepcional como o actual, cómpre dotar os consumidores e usuarios dos mecanismos que garantan os seus dereitos e a súa protección.

Para isto, adóptanse diferentes medidas aplicables aos contratos de compravenda de bens e de prestación de servizos, sexan ou non de tracto sucesivo, cuxa execución sexa imposible como consecuencia da aplicación das medidas adoptadas na declaración do estado de alarma. Nestes casos, os consumidores e usuarios poderán exercer o dereito a resolver o contrato durante un prazo de 14 días.

Nos contratos de tracto sucesivo, paralizarase o cobramento de novas cotas até que o servizo se poida volver prestar con normalidade; non obstante, o contrato non queda rescindido.

Pola súa parte, no caso da prestación de servizos que inclúan varios provedores, como as viaxes combinadas, o consumidor ou usuario poderá optar por solicitar o reembolso ou facer uso do bono que lle entregará o organizador ou, se for o caso, o retalista. O dito bono poderao utilizar no prazo dun ano desde a conclusión do estado de alarma. En caso de non utilizarse durante ese período, o consumidor poderá exercer o dereito de reembolso.

Por último, neste contexto de excepcionalidade motivado pola enfermidade COVID-19, resulta, así mesmo, indispensable establecer determinadas limitacións no marco das competencias de ordenación do xogo.

Por isto, dadas as implicacións da declaración do estado de alarma en termos de mobilidade e oferta de ocio dispoñible para os cidadáns, para evitar a intensificación do consumo de xogos de azar en liña (en particular, os xogos de casino, bingo e póker), que pode derivar en condutas de consumo compulsivo ou mesmo patolóxico (especialmente para protexer os menores de idade, adultos mozos ou persoas con trastornos de xogo nun momento de maior exposición), limítanse as comunicacións comerciais que realizan os operadores de xogo de ámbito estatal, incluídas as entidades designadas para a comercialización dos xogos de lotaría.

## CAPÍTULO II

### **Medidas para soste a actividade económica ante as dificultades transitorias consecuencia do COVID-19**

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Apoio á industrialización*

Como consecuencia das medidas excepcionais adoptadas no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE do 14 de marzo de 2020, foi declarado o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, moitas actividades económicas víronse obrigadas a pechar as súas portas ou a limitar drasticamente a súa actividade. Por iso, faise necesario pór en marcha unha serie de medidas que teñan como obxectivo primordial soste a actividade económica ante as dificultades transitorias que se están dando no noso país a consecuencia da crise do COVID-19.

En primeiro lugar, o real decreto lei aborda diversas medidas no ámbito da política de apoio á industrialización, co obxectivo de continuar facilitando liquidez ás empresas para desenvolveren os seus proxectos.

Por iso, establécese que, durante un prazo de dous anos e medio, extensible por acordo do Consello de Ministros, se poderán refinanciar os préstamos outorgados pola Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa. Para os proxectos actualmente en execución flexibilízanse os criterios para a avaliación da execución dos proxectos sempre garantindo o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

Tamén se aproba incrementar a dotación do Fondo de Provisións Técnicas de Cersa con 60 millóns de euros co fin de dar unha cobertura extraordinaria do risco de crédito de operacións de financiamento para pemes afectadas na súa actividade polo COVID-19. Desta maneira, Cersa poderá asumir uns 1.000 millóns de euros de risco que permitirá mobilizar 2.000 millóns de euros e beneficiar unhas 20.000 pemes e autónomos.

Adicionalmente, moitas empresas sufriron cancelacións de numerosos eventos previstos para apoiar a súa internacionalización co apoio do ICEX. En moitos casos asumíronse gastos, polo que se procederá á devolución do aboado polas empresas en eventos organizados polo ICEX que deberon ser cancelados por razóns de forza maior. Así mesmo, no caso de cancelación dos eventos internacionais, o ICEX concederá ás empresas axudas adicionais en función dos gastos en que incorreron non recuperables.

Por último, cómpre seguir apoiando as empresas do sector turístico. A crise do COVID-19 supuxo a paralización total do sector turístico: desde a limitación á libre circulación de persoas e as limitacións na conectividade nacional e internacional a destinos ao peche ao público de establecementos turísticos, incluídos aloxamentos, restauración e outras empresas da cadea de valor.

Co fin de asegurar a liquidez e, polo tanto, a viabilidade das empresas turísticas, suspéndense durante un ano e sen penalización ningunha o pagamento de xuros e amortizacións correspondentes aos préstamos concedidos pola Secretaría de Estado de Turismo no marco do Programa Emprendetur I+D+i, do Programa Emprendetur Mozos Emprendedores e o Programa Emprendetur Internacionalización.

A conxuntura económica orixinada pola crise sanitaria do COVID-19 constitúe un obstáculo adicional á viabilidade das empresas concursadas que pode determinar ben a imposibilidade de subscribir ou cumprir un convenio, abocando as empresas á liquidación, ben a dificultade de allear unha unidade produtiva que puidese resultar viable. Por esta razón considérase imprescindible que estas empresas poidan acceder nas circunstancias actuais a un ERTE cando fosen afectadas pola situación derivada do COVID-19. Desta maneira, estas empresas poderían non ver menoscabada a súa viabilidade ao poder desfrutar das vantaxes asociadas aos ERTE do Real decreto lei 8/2020: a posibilidade de acceso en caso de afectación pola situación derivada do COVID-19; unha tramitación máis áxil, practicamente inmediata en caso de forza maior; a reposición da prestación por desemprego e a exoneración (parcial ou total, segundo o número de traballadores) en caso de ERTE por causa de forza maior.

Como contrapartida, para asegurar que só aquelas empresas concursadas que resulten viables poidan acollerse aos beneficios que estas medidas supoñen, declárase expresamente aplicable a disposición adicional sexta, sobre salvagarda do emprego, suxeitando, por tanto, o acceso ás ditas medidas á presentación dun compromiso de mantemento de emprego durante o prazo de seis meses desde a data de continuación da actividade.

### III

#### *Sección 2.º Flexibilización en materia de subministracións para pemes e autónomos*

As medidas restritivas da mobilidade e actividade económica derivadas da declaración do estado de alarma teñen como consecuencia o peche temporal de moitos establecementos empresariais, comerciais e industriais.

Isto xustifica a necesidade de dotar os consumidores, de maneira temporal e excepcional, mentres dure esta situación, de mecanismos de flexibilización das condicións



da contratación de electricidade, de modo que os ditos contratos se poidan adaptar ás novas pautas de consumo.

Neste contexto, permítese que os autónomos e empresas poidan suspender temporalmente os seus contratos de subministración ou modificar as súas modalidades de contratos sen penalización; así mesmo, posibilitáselles o cambio de peaxe de acceso e o axuste da potencia contratada á alza ou á baixa, sen custo ningún. Unha vez concluído o estado de alarma, vólveselles permitir unha nova modificación sen custo nin penalización.

Con motivo da declaración do estado de alarma produciuse un significativo descenso da actividade económica que motivou que numerosos titulares de puntos de subministración de gas natural teñan contratado un caudal diario significativamente superior ao que necesitan nas circunstancias actuais.

Por isto, coa finalidade de reducir ao máximo os custos fixos dos titulares de puntos de subministración cuxa actividade produtiva e, por extensión, a súa necesidade de consumo de gas natural descendeu no contexto actual, cómpre dispor dun mecanismo urxente que lles permita axustar a capacidade contratada dos puntos de subministración ás súas necesidades reais, cambiar o chanzo da peaxe de acceso ou mesmo suspender temporalmente o contrato de subministración sen custo ningún.

As medidas restritivas da actividade comercial e da mobilidade derivadas da declaración do estado de alarma van supor para as empresas unha diminución da súa facturación, o que vai xerar tensións de liquidez debido á necesidade de seguir afrontando custos fixos de operación.

Para os autónomos e pemes, con menor capacidade de financiamento que as grandes empresas, resulta oportuno adoptar medidas tendentes a reducir os seus custos enerxéticos para así aliviar a carga financeira que van soportar transitoriamente as empresas.

Por isto, estableceuse un mecanismo de suspensión do pagamento da factura de electricidade, gas natural e determinados produtos derivados do petróleo, por parte do titular do contrato ao comercializador de electricidade e gas ou, se for o caso, o distribuidor en gases manufacturados e gas licuado do petróleo (GLP) canalizado. Así mesmo, para que os comercializadores non asuman cargas de tesouraría indebidas, son eximidos de afrontar o pagamento das peaxes e da liquidación dos impostos indirectos que gravan estes consumos durante o período de suspensión do pagamento.

Adicionalmente, para aliviar a carga financeira que supón esta medida sobre as comercializadoras de electricidade e gas, sobre os distribuidores de gases manufacturados e GLP canalizado, e sobre os distribuidores de electricidade e gas natural, habilítanse todas estas empresas para acceder á liña de avais establecida no artigo 29 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, ou a calquera outra liña de avais que se habilite con este fin específico. A cantidade avalada coincidirá coa cantidade en que diminúisen os ingresos de cada axente como consecuencia desta medida.

Por outro lado, cabe sinalar que o Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se determinan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fuel óleos e gases licuados do petróleo e se regula o uso de determinados biocarburantes e o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, establece as especificacións das gasolinas de automoción, algunhas das cales, como a presión de vapor e o evaporado a 70.°C, cambian da temporada de inverno á de verán, que comeza o próximo 1 de maio. Non obstante, tanto a normativa europea como o citado real decreto prevén que, como consecuencia da existencia de acontecementos excepcionais, se poidan autorizar valores límite superiores de determinadas características dos carburantes.

Tras a declaración do estado de alarma, a demanda de gasolina está experimentando unha redución sen precedentes que, pola súa vez, está provocando unha rotación dos tanques de almacenamento máis lenta do previsto, impedindo así o total consumo das existencias con especificacións de inverno na data do 1 de maio de 2020 e con isto o inicio da comercialización de gasolinas con especificacións estivais. Ante este reto loxístico, débese prever un período excepcional, comprendido entre o 1 de maio e o 30 de xuño de 2020, durante o cal se permitirá a comercialización de gasolinas cuxa presión de vapor e

destilación presenten uns límites comprendidos entre o límite mínimo de verán e o límite máximo de inverno.

Os servizos audiovisuais xogan unha transcendente dobre función como servizos esenciais, que se viu reforzada no contexto da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Por un lado, constitúen unha vía fundamental para que os cidadáns poidan informarse e para que poidan manifestarse as diferentes correntes de expresión na sociedade española. E por outro lado e ao mesmo tempo, proporcionan á sociedade española servizos de ocio e entretemento, que cobran especial relevancia nestes momentos de confinamento domiciliario.

As empresas que prestan servizos audiovisuais, especialmente as que emiten en aberto, encóntranse neste contexto de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 coa situación paradoxal de que viron aumentar a súa audiencia polas medidas de confinamento pero, ao mesmo tempo, están sufrindo unha brusca caída dos seus ingresos desde o inicio da crise, debido principalmente á cancelación de campañas publicitarias de empresas que viron suspendida ou ralentizada a súa actividade. Na necesidade de seguir garantindo a prestación deste servizo, esencial en toda sociedade democrática e para a cidadanía en España, especialmente no actual contexto de crise, o presente real decreto lei inclúe, con carácter excepcional e transitorio, unha compensación temporal de determinados gastos de cobertura poboacional obrigatoria do servizo de televisión dixital terrestre de ámbito estatal, co obxectivo de permitir que as empresas que provén este servizo poidan gozar dunha maior liquidez en prol da adecuada prestación deste servizo esencial.

De acordo coa vixente disposición transitoria oitava da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, os permisos de acceso e conexión ás redes eléctricas outorgados antes da entrada en vigor da dita lei caducarán se, con anterioridade ao 31 de marzo de 2020, non se obtivo a autorización de explotación da instalación de xeración asociada a eles. Esta data límite viuse alterada pola suspensión de prazos prevista no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, que, pola súa vez, dispón a continuación do cómputo dos prazos, unha vez concluído o estado de alarma. Non obstante, para dotar de seguridade xurídica tanto os promotores de proxectos de xeración eléctrica titulares dos ditos permisos, dos cales dependen cuantiosos investimentos imprescindibles para o cumprimento dos obxectivos de penetración de novas enerxías renovables, como os xestores das redes eléctricas responsables da concesión dos citados permisos de acceso e conexión, dispónse un prazo adicional de vixencia destes permisos de dous meses, contabilizados desde a fin do estado de alarma, co obxecto de que os suxeitos afectados dispoñan dun tempo suficiente de readaptación á nova situación.

En canto ao compromiso fixado na disposición adicional sexta do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, este debe entenderse como a vontade da empresa de manter o emprego durante o prazo de 6 meses desde a finalización das medidas de redución de xornada ou suspensión de contratos baseadas no COVID-19.

O dito compromiso, tal e como se recolle nunha disposición derradeira, deberá cumprirse e verificarse tendo en conta as características e circunstancias da empresa ou do sector correspondente, atendendo en especial á estacionalidade ou variabilidade do emprego, así como á súa correspondencia con eventos concretos, acontecementos ou outras especificidades sectoriais como, por exemplo, as das artes escénicas, musicais e do sector cinematográfico e audiovisual. Igualmente deberá terse en conta a normativa laboral aplicable.

Así, o compromiso non se entenderá incumplido cando o contrato de traballo se extinga por despedimento disciplinario declarado como procedente, dimisión, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez da persoa traballadora. No caso de contratos temporais, o compromiso tampouco se entenderá incumplido cando o contrato se extinga por expiración do tempo conviado ou a realización da obra ou servizo que constitúe o seu obxecto ou cando non se poida realizar de forma inmediata a actividade obxecto de contratación.

## IV

No capítulo III establécense diversas medidas no ámbito do sector público para facilitar e flexibilizar os procedementos de cara a facer fronte á crise sanitaria e ás consecuencias que dela derivan.

En primeiro lugar, inclúense medidas dirixidas á suspensión dos prazos de formulación e rendición de contas anuais do exercicio 2019 das entidades do sector público estatal e de remisión da Conta Xeral do Estado ao Tribunal de Contas, como consecuencia da declaración de estado de alarma. Estas previsións serán de aplicación ao sector público local, afectarán tamén os prazos de tramitación da conta xeral na entidade local e poderán ser de aplicación supletoria ao sector público autonómico.

En segundo lugar, prevense medidas en materia de dispoñibilidades líquidas e doazóns do sector público.

A crise sanitaria provocada en España polo COVID-19 está xerando unha tensión sen precedentes nos orzamentos xerais do Estado, e deu lugar á necesidade de atender gastos imprescindibles, imprevisibles e de importante cuantificación, que non teñen cabida nun orzamento prorrogado desde 2018.

Por isto, precísase de todos os medios financeiros dispoñibles e, por tanto, das dispoñibilidades líquidas dos organismos autónomos e outras entidades integrantes do sector público estatal.

En terceiro lugar, adóptanse medidas en materia de financiamento outorgadas polas entidades teles.

Dadas as circunstancias de perda de ingresos por que atravesan as empresas e das medidas que foi necesario adoptar para a contención do COVID-19, o normal servizo da débeda contraída coas comunidades autónomas e as entidades locais podería abocalas a unha grave situación de insolvencia cos conseguintes impagamentos de débedas a provedores, despedimentos colectivos e outros efectos indirectos que poderían agravar as graves repercusións para a economía nacional.

Por isto, adóptanse medidas para o aprazamento extraordinario do calendario de reembolso en préstamos concedidos por comunidades autónomas e entidades locais a empresarios e autónomos afectados pola crise sanitaria.

En cuarto lugar, cómpre dispor dunha adecuada información económico-financeira, consistente e debidamente actualizada, que permita avaliar de forma idónea o impacto orzamentario derivado das actuacións acometidas, así como dispor de información debidamente soportada para tomar as decisións nun futuro. Desta maneira, refórzanse as obrigacións de subministración de información económico-financeira para dotar de maior flexibilidade e atribucións o Ministerio de Facenda para a concreción dos seus contidos, procedementos e prazos de remisión.

Considerando que o artigo 112 do Regulamento (UE) n.º 952/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de outubro de 2013, polo que se establece o Código alfandegueiro da Unión prevé que se poidan conceder ao debedor facilidades de pagamento distintas das previstas no propio regulamento, incluída a dispensa de aboar xuros, considérase oportuno que esta medida se estenda ao ámbito alfandegueiro, dada a actual situación e o seu impacto no ámbito do comercio exterior, polo que se regula este tipo de aprazamento de débedas tributarias no ámbito alfandegueiro.

Por último, en atención ás dificultades que a situación excepcional xerada polo COVID-19 pode entrañar para os obrigados tributarios que se relacionan coas comunidades autónomas e as entidades locais para cumpriren determinadas obrigacións e trámites en procedementos de carácter tributario, esténdese o ámbito de aplicación das medidas previstas no artigo 33 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, ás actuacións e procedementos tributarios de igual natureza que os mencionados no dito real decreto lei realizados ou tramitados polas comunidades autónomas e as entidades locais, dentro do ámbito de aplicación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e os seus regulamentos de desenvolvemento, e será así mesmo aplicable, en relación con estas

últimas, aos procedementos que se rexan polo texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Así mesmo, regúlanse ampliacións de prazos en relación coa interposición de recursos e reclamacións en determinadas circunstancias e para determinados procedementos, que resultan de aplicación no ámbito estatal, autonómico e local. Pola súa vez, recoñécese de forma expresa que as ampliacións de prazos para o pagamento das débedas tributarias recollidas no citado artigo 33 do Real decreto lei 8/2020 se aplican ás demais débedas de natureza pública.

Finalmente, prevese a modificación de diversas normas.

En primeiro lugar, na disposición derradeira primeira modifícase o artigo 4.3 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, que establece a suspensión da vixencia dos sistemas de actualización de prezos regulados do GLP envasado e a tarifa de último recurso de gas natural durante tres bimestres e dous trimestres respectivamente, e establécese unha salvagarda sobre a súa suspensión. Ante o descenso acusado do prezo do barril de Brent durante o mes de marzo, que é un dos elementos fundamentais na determinación de ambos os prezos regulados, optouse por protexer ao máximo os consumidores de ambas as formas de enerxía, permitindo que se actualicen ambos os prezos regulados en caso de que o novo prezo resultante sexa inferior ao actualmente vixente.

En segundo lugar, na disposición derradeira segunda modifícase a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. A pandemia puxo de manifesto a necesidade de que, ante situacións de crise de tal envergadura, que poidan producirse por causas de forza maior, grave risco colectivo ou catástrofe pública, se poidan adoptar medidas conducentes a garantir o funcionamento democrático e eficaz das entidades locais.

En terceiro lugar, na disposición derradeira sétima modifícase a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para establecer unha excepción á duración dos contratos de servizos cando concorran determinadas circunstancias.

Así mesmo, adóptanse medidas que teñen como antecedente o Real decreto lei 25/2018, do 21 de decembro, que estableceu determinadas actuacións urxentes para unha transición xusta da minaría do carbón e o desenvolvemento sustentable das comarcas mineiras, que estendían máis alá de 2019 a política de axudas estatais á restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira, así como as axudas sociais asociadas á desaparición das minas non competitivas regulando o réxime xurídico da empresa pública estatal «Hulleras del Norte S.A., S.M.E». (Hunosa). Así mesmo, para unha mellora dos recursos prevese o réxime da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda (FNMT-RCM), entidade pública empresarial estatal, como medio propio e servizo técnico.

Tamén se prevé a posibilidade de que as empregadas e empregados públicos, sen alteraren a súa situación administrativa nin as súas retribucións ou as condicións do seu contrato, poidan, voluntariamente, apoiar aquelas áreas e actividades, distintas das do seu posto de traballo, de carácter sanitario, sociosanitario, de emprego, para a protección de colectivos vulnerables e aqueloutras que requiran un reforzo en materia de persoal como consecuencia da situación provocada polo COVID-19. Esta posibilidade prevese para o traballo presencial ou a distancia e artículase tamén para a realización de tarefas en administracións diferentes da de orixe do empregado, sen alterar nin a súa situación administrativa nin a súa vinculación coa Administración de orixe, que seguirá a cargo das retribucións do empregado.

Finalmente, introdúcese unha disposición adicional décimo novena ante a situación xerada na Administración de xustiza derivada da pandemia do coronavirus, determínase que o Goberno aprobará un plan específico de actuación no ámbito das ordes xurisdiccionais social e contencioso-administrativa, así como no ámbito dos xulgados do mercantil. Nestes ámbitos concretos de actuación xudicial é previsible que se produza un notable incremento dos asuntos como consecuencia do aumento do número de despedimentos,

reclamacións de responsabilidade patrimonial ou declaracións de concursos e reclamacións de consumidores entre outras actuacións.

Ademais, introdúcese neste real decreto lei unha disposición adicional décimo segunda pola que se establece a prórroga dos contratos de axudantes, profesores axudantes doutores, profesores asociados e profesores visitantes, celebrados conforme a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, por unha extensión equivalente ao tempo de duración do estado de alarma e, se for o caso, das súas prórrogas. Excepcionalmente, por motivos xustificados e con carácter previo á data de finalización do contrato, as partes poderán acordar outra prórroga de até tres meses adicionais ao tempo indicado. En ambos os casos poderán exceder os límites máximos previstos para a súa contratación na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

A citada prórroga pretende evitar o prexuízo que para este colectivo supón a suspensión dos diversos procesos para o acceso a prazas dos corpos docentes universitarios derivada da imposibilidade de convocar e levar a cabo os concursos correspondentes pola limitación da libre circulación das persoas que impide a reunión pública das comisións de selección. Esta situación xera que este profesorado universitario quede nunha posición de desvantaxe ao poder chegar ao máximo da duración legal do seu contrato sen ter a oportunidade de acceder a outro tipo de contratación, e isto pola imposibilidade de se presentaren a novas convocatorias que si terían lugar en circunstancias normais.

Tamén se introduce neste real decreto lei unha disposición adicional décimo terceira pola que se fixan regras específicas aplicables a todos aqueles contratos de traballo de duración determinada e financiados con cargo a convocatorias públicas de recursos humanos no ámbito da investigación, efectuadas polos axentes de financiamento do Sistema estatal de ciencia, tecnoloxía e innovación.

As ditas regras van encamiñadas a garantir que as dificultades na execución de tales contratos, derivadas da declaración do estado de alarma mediante Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, así como das súas eventuais prórrogas, non impidan o adecuado desempeño do persoal investigador así contratado, durante a vixencia dos ditos contratos, para o que se habilita normativamente a posibilidade de prorrogar tales contratos cando reste un ano ou menos para a súa finalización.

Isto permitirá manter o tecido investigador español financiado con cargo a fondos públicos sen que a actividade de I+D+i, fundamental no marco da emerxencia sanitaria, se resinta debido á declaración do estado de alarma, e garantir, polo demais, a continuidade dos proxectos investigadores levados a cabo por estes contratados, incluíndo os relativos ás especialidades relacionadas coa investigación sobre o SARS-CoV-2 e a enfermidade COVID-19. Debe destacarse, especialmente, a posibilidade de prorrogar os contratos dos investigadores que se incorporasen ao Sistema nacional de saúde para reforzar o labor asistencial e facer fronte da maneira máis adecuada a esta emerxencia sanitaria.

Por outro lado, no número cuarto da Orde SND/232/2020, do 15 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos e medios para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establécese a compatibilidade da pensión de xubilación co nomeamento como persoal estatutario dos profesionais sanitarios en situación de xubilación.

Así, introdúcese a disposición adicional décimo quinta co fin de garantir que a compatibilidade establecida se adecúe ás normas que o ordenamento xurídico en materia de seguridade social ten recollido. Esta disposición establece como se debe levar a cabo a compatibilidade, cal é o alcance da protección social e como debe realizarse a cotización por parte do empresario e do traballador durante o tempo que permaneza neste réxime de compatibilidade.

V

A evolución da crise sanitaria require a prolongación no tempo das medidas adoptadas no Real decreto lei 8/2020, co fin de mitigar o impacto económico e social derivado da extensión do contaxio da enfermidade, mantendo como prioridade a protección das

familias, autónomos e empresas máis directamente afectadas. Para tal efecto, no capítulo III, en aplicación da disposición derradeira décima do Real decreto lei 8/2020, inclúese a disposición derradeira décimo segunda na cal se determina expresamente a prórroga da vixencia de todas as medidas adoptadas atendendo ao seu obxecto e natureza.

Neste capítulo, así mesmo, refórzanse, por un lado, algunhas das medidas adoptadas no Real decreto lei 8/2020, como as relativas ao control dos investimentos exteriores ou á protección do consumidor en relación coas comunicacións electrónicas e, por outro lado, introdúcese outras medidas para aumentar a resistencia do sistema financeiro español fronte a posibles vaivéns dos mercados.

Refórzase o control dos investimentos exteriores e establécese un procedemento áxil para a súa tramitación e un mecanismo transitorio para aqueles investimentos que están en curso.

Na disposición derradeira cuarta do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificouse o réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior, engadindo un novo artigo 7 bis á súa norma legal reguladora, a Lei 19/2003, do 4 de xullo. Esta modificación fundamentábase na extraordinaria e urxente necesidade de introducir mecanismos de autorización previa de determinados investimentos exteriores co fin de evitar a ameaza de operacións de adquisición de empresas españolas realizadas por parte de investidores estranxeiros aproveitando a diminución do valor daquelas polo impacto da crise global desencadeada polo COVID-19.

A mesma necesidade exige agora a introdución de novas modificacións na Lei 19/2003, do 4 de xullo. Dunha parte, amplíase o ámbito de aplicación da suspensión do réxime de liberalización de determinados investimentos estranxeiros directos en España por motivos de seguridade pública, orde pública e saúde pública nos principais sectores estratéxicos do noso país, que se estableceu no citado artigo 7 bis, de modo que se estenda tamén ás realizadas por investidores residentes en países da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio, cando os ditos investidores estean controlados por entidades residentes fóra dese ámbito territorial. Ao mesmo tempo, considérase necesario axilizar o procedemento para a tramitación e resolución de determinadas solicitudes de autorización previa de investimentos exteriores, para cuxo fin se introduce na disposición transitoria segunda do presente real decreto lei un réxime procedemental transitorio para as operacións que xa estivesen en curso ao entrar en vigor o novo artigo 7 bis da Lei 19/2003 e para aquelas cuxo importe estea comprendido entre 1 e 5 millóns de euros, e exímense da necesidade de autorización previa as operacións de menos de 1 millón de euros.

Co obxectivo de minimizar os desprazamentos dos usuarios, no artigo 20 do Real decreto lei 8/2020 incluíuse a suspensión das campañas comerciais extraordinarias de contratación de servizos de comunicacións electrónicas que supuxesen a necesidade de levar a cabo a portabilidade numérica. Así mesmo, suspendéronse todas as operacións de portabilidade numérica excepto en casos excepcionais de forza maior.

Non obstante, dado que non todas as operacións de portabilidade numérica requiren dun desprazamento físico aos centros de atención ao cliente ou aos domicilios dos usuarios, modifícase o dito artigo para establecer que a suspensión da portabilidade só afectará aquelas operacións en que sexa necesaria a presenza dos operadores involucrados ou os seus axentes ou do usuario, excepto en casos excepcionais de forza maior.

Adicionalmente, refórzase a protección de consumidores e usuarios ao prever que estes non poderán ver incrementadas nas súas tarifas o período de tempo en que, como consecuencia da suspensión, non poden solicitar un cambio de compañía provedora de servizos de comunicacións electrónicas.

Modifícase, igualmente, o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, co fin de realizar pequenas correccións na concreción das aplicacións orzamentarias do Ministerio de Ciencia e Innovación, así como de aclarar que poden ser beneficiarios das axudas tamén os organismos e entidades de dereito público, universidades e entidades integrantes do Sistema nacional de saúde e do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación.

Por outra parte, inclúese o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) entre os suxeitos que poderán axilizar as axudas e achegar ao sector empresarial en toda a súa amplitude (pemes, empresas de mediana capitalización e grandes empresas), co fin de fomentar a innovación empresarial na loita contra a pandemia, así como para garantir o adecuado funcionamento do tecido empresarial español nestes momentos. Permitirase, así, tanto o rápido financiamento do desenvolvemento de prototipos como poder dispor a industrialización de produtos sanitarios considerados de urxencia.

Así mesmo, modifícase a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para establecer unha excepción á duración dos contratos de servizos ante determinadas circunstancias.

En concreto, permítese suspender total ou parcialmente os contratos de limpeza e seguridade cando os edificios ou instalacións onde se desenvolven queden clausurados total ou parcialmente e debeña imposible que o contratista preste os servizos.

Para os efectos de aplicación do artigo 34 só teñen a consideración de contratos públicos aqueles que conforme os seus pregos estean suxeitos á Lei de contratos do sector público ou á de sectores excluídos.

Os gastos salariais inclúen os relativos ás cotizacións á seguridade social para os efectos do establecido no artigo 34.

De acordo co disposto na Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, unha das fontes de financiamento do Sistema de formación profesional para o emprego son os fondos provenientes da cota de formación profesional que achegan as empresas e os traballadores. Así, na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano establécese a afectación da cota de formación profesional ao financiamento do Sistema de formación profesional para o emprego, de forma que tales ingresos non poderán aplicarse a finalidades distintas.

Non obstante, dado o impacto económico ocasionado polas medidas aprobadas para facer fronte á crise sanitaria provocada polo COVID-19 procédese a cambiar a dita afectación. Por isto, permítese que os ingresos derivados da cotización por formación profesional poidan aplicarse ao financiamento de calquera das prestacións e accións do sistema de protección por desemprego, incluíndo, desta maneira, finalidades máis amplas que a mera formación profesional para o emprego.

Nun contexto como o actual de situación de crise sanitaria, social e económica, a obra social das fundacións bancarias adquire unha relevancia aínda maior. Por isto, e co obxectivo de garantir a dita obra social, propónse modificar a Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias, para estender en 2 anos o prazo de desinvestimento previsto para as fundacións bancarias con participación maioritaria en entidades de crédito.

Modifícase a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, para prever expresamente a posibilidade de que a CNMV exixa ás sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo medidas para reforzar a liquidez dirixidas a establecer prazos de aviso previo que permitan ás sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo en casos extremos xestionar de modo ordenado e equitativo posibles escenarios de acumulación de peticións de reembolso que poderían afectar a estabilidade e confianza no sistema financeiro. Engádesse, así, unha nova ferramenta macroprudencial e estaría suxeita ás obrigacións de comunicación á Amcesfi previstas no artigo 16 do Real decreto 102/2019, do 1 de marzo, polo que se crea a Autoridade Macroprudencial Consello de Estabilidade Financeira, se establece o seu réxime xurídico e se desenvolven determinados aspectos relativos ás ferramentas macroprudenciais.

## VI

Por último, ante a situación particular en que están algúns municipios de España, que se encontran nunha situación de confinamento agravada, na cal non se permiten os desprazamentos fóra do perímetro destes municipios, nin actividade económica, máis alá daqueles servizos considerados esenciais, en que os traballadores por conta allea e por conta propia non poden desprazarse até o seu lugar de traballo fóra deste perímetro desde o día 12 de marzo, cómpre adoptar unha medida que aclare como aplicar a prestación por incapacidade temporal nos termos previstos no Real decreto lei 6/2020.

A adopción de medidas de carácter económico acudindo ao instrumento do real decreto lei foi avalada polo Tribunal Constitucional sempre que concorra unha motivación explícita e razoada da necesidade –entendendo por tal que a conxuntura económica exige unha rápida resposta– e a urxencia –asumindo como tal que a dilación no tempo da adopción da medida de que se trate mediante unha tramitación pola canle normativa ordinaria podería xerar algún prexuízo. O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4, 137/2003, do 3 de xullo, F. 3, e 189/2005, do 7 xullo, F. 3), resolver unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais que, por razóns difíciles de prever, require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

Ante a situación que afronta o noso país pola declaración internacional de pandemia, unida á prórroga da declaración de estado de alarma, faise patente a concorrencia de motivos que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade de adoptar diversas medidas. No actual escenario de contención e prevención do COVID-19 é urxente e necesario atallar a epidemia e evitar a súa propagación para protexer a saúde pública á vez que se adoptan medidas de contido económico e social para afrontar as súas consecuencias na cidadanía, en particular, nos colectivos vulnerables e nos axentes económicos sen esquecer o propio sector público.

Así mesmo, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC, do 30 de xaneiro de 2019, recurso de inconstitucionalidade número 2208-2019), centradas no cumprimento da seguridade xurídica e da saúde pública.

De conformidade co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o presente real decreto lei axústase aos principios de boa regulación.

Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa fundaméntase no interese xeral que supón atender as circunstancias sociais e económicas excepcionais derivadas da crise de saúde pública provocada polo COVID-19, e é este o momento de adoptar medidas adicionais para solucionar estas necesidades e o real decreto lei constitúe o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

A norma é acorde co principio de proporcionalidade ao conter a regulación imprescindible para lograr o obxectivo de garantir o benestar dos cidadáns e minimizar o impacto na actividade económica ante a situación excepcional actual.

Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica, ao ser coherente co dereito da Unión Europea e co resto do ordenamento xurídico, e seguir os principios reitores da política social e económica.

En canto ao principio de transparencia, exceptúanse os trámites de consulta pública e de audiencia e información públicas, conforme o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Por último, en relación co principio de eficiencia, este real decreto lei non impón carga administrativa que non se encuentre xustificada e resulte a mínima e, en todo caso,



proporcionada, en atención á situación existente e á necesidade de garantir o principio de eficacia na aplicación das medidas adoptadas.

Por tanto, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 10.<sup>a</sup>, 13.<sup>a</sup>, 14.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, do réxime alfandegueiro e arancelario e comercio exterior, sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral e débeda do Estado, bases do réxime xurídico das administracións públicas, lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, e dos ministros de Xustiza, de Facenda, de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de Educación e Formación Profesional, de Traxo e Economía Social, de Industria, Comercio e Turismo, de Agricultura, Pesca e Alimentación, para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de Cultura e Deporte, de Dereitos Sociais e Axenda 2030, de Ciencia e Innovación, de Consumo, de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e de Universidades, e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de marzo de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

**Medidas de apoio aos traballadores, consumidores, familias e colectivos vulnerables**

*Sección 1.<sup>a</sup> Medidas dirixidas a familias e colectivos vulnerables*

I

**Artigo 1.** *Suspensión do procedemento de desafuzamento e dos lanzamentos para fogares vulnerables sen alternativa habitacional.*

1. Unha vez levantada a suspensión de todos os termos e prazos procesuais pola finalización do estado de alarma, na tramitación do procedemento de desafuzamento regulado na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, derivado de contratos de arrendamento de vivenda suxeitos á Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, en que a persoa arrendataria acredite ante o xulgado encontrarse nunha situación de vulnerabilidade social ou económica sobrevida como consecuencia dos efectos da expansión do COVID-19, que lle imposibilite encontrar unha alternativa habitacional para si e para as persoas con que conviva, esta circunstancia será comunicada polo letrado da Administración de xustiza aos servizos sociais competentes e iniciárase unha suspensión extraordinaria do acto de lanzamento. Se non está sinalado, por non ter transcorrido o prazo de dez días a que se refire o artigo 440.3 ou por non terse celebrado a vista, suspenderase o dito prazo ou a celebración da vista até que se adopten as medidas que os servizos sociais competentes consideren oportunas, por un período máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

2. Para que opere a suspensión a que se refire o número anterior, a persoa arrendataria deberá acreditar que se encontra nalgunha das situacións de vulnerabilidade económica a que se refire o artigo 5 do presente real decreto lei, xuntando ao seu escrito

os documentos a que se refire o artigo 6. Se o letrado da Administración de xustiza entende que concorre a situación de vulnerabilidade económica alegada, decretará a suspensión con carácter retroactivo á data en que aquela se produciu polo tempo estritamente necesario, atendido o informe dos servizos sociais. O decreto que fixe a suspensión sinalará expresamente que, transcorrido o prazo fixado, continuará o cómputo dos días a que se refire o artigo 440.3 ou sinalará data para a vista.

3. Para os efectos previstos no artigo 150.4 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, entenderase que concorre o consentimento da persoa arrendataria pola mera presentación da solicitude de suspensión.

4. En caso de que o establecemento da suspensión extraordinaria a que se refire o número 1 deste artigo afecte arrendadores que acrediten ante o xulgado encontrarse igualmente en situación de vulnerabilidade social ou económica sobrevida como consecuencia dos efectos da expansión do COVID-19, presentando o escrito e os documentos a que o dito número se refire, o letrado da Administración de xustiza deberá comunicalo aos servizos sociais competentes para a súa consideración no establecemento do prazo de suspensión extraordinaria e na definición das medidas de protección social que se van adoptar.

5. Entenderase que concorre o consentimento do arrendador para facer a comunicación prevista no número anterior pola mera presentación do escrito en que se alegue situación de vulnerabilidade económica sobrevida.

#### *Artigo 2. Prórroga extraordinaria dos contratos de arrendamento de vivenda habitual.*

Nos contratos de arrendamento de vivenda habitual suxeitos á Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, nos cales, dentro do período comprendido desde a entrada en vigor deste real decreto lei até o día en que transcorresen dous meses desde a finalización do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, finalice o período de prórroga obrigatoria previsto no artigo 9.1 ou o período de prórroga tácita previsto no artigo 10.1, ambos os artigos da referida Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, poderá aplicarse, logo de solicitude do arrendatario, unha prórroga extraordinaria do prazo do contrato de arrendamento por un período máximo de seis meses, durante os cales se seguirán aplicando os termos e condicións establecidos para o contrato en vigor. Esta solicitude de prórroga extraordinaria deberá ser aceptada polo arrendador, salvo que se fixen outros termos ou condicións por acordo entre as partes.

#### *Artigo 3. Moratoria de débeda arrendaticia.*

Establécense medidas conducentes a procurar a moratoria da débeda arrendaticia para as persoas arrendatarias de vivenda habitual en situación de vulnerabilidade económica a causa do COVID-19, desde este artigo e até o artigo 9, ambos incluídos.

#### *Artigo 4. Aplicación automática da moratoria da débeda arrendaticia en caso de grandes tedores e empresas ou entidades públicas de vivenda.*

1. A persoa arrendataria dun contrato de vivenda habitual suscrito ao abeiro da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, que se encontre en situación de vulnerabilidade económica, tal e como se define no artigo seguinte, poderá solicitar da persoa arrendadora cando esta sexa unha empresa ou entidade pública de vivenda ou un gran tedor, entendendo por tal a persoa física ou xurídica que sexa titular de máis de dez inmobles urbanos, excluídos garaxes e rochos, ou unha superficie construída de máis de 1.500 m<sup>2</sup>, no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto lei, o aprazamento temporal e extraordinario no pagamento da renda, sempre que o dito aprazamento ou a condonación total ou parcial dela non se alcanzase xa con carácter voluntario por acordo entre ambas as partes.

2. No caso de que o acordo non se producise, o arrendador comunicará expresamente ao arrendatario, no prazo máximo de 7 días laborables, a súa decisión, escollida entre as seguintes alternativas:

a) Unha redución do 50% da renda arrendaticia durante o tempo que dure o estado de alarma decretado polo Goberno e as mensualidades seguintes se aquel prazo for insuficiente en relación coa situación de vulnerabilidade provocada a causa do COVID-19, cun máximo en todo caso de catro meses.

b) Unha moratoria no pagamento da renda arrendaticia que se aplicará de maneira automática e que afectará o período de tempo que dure o estado de alarma decretado polo Goberno e as mensualidades seguintes, prorrogables unha a unha, se aquel prazo for insuficiente en relación coa situación de vulnerabilidade provocada a causa do COVID-19, sen que poidan superarse, en ningún caso, os catro meses. A dita renda aprazarase, a partir da seguinte mensualidade de renda arrendaticia, mediante o fraccionamento das cotas durante ao menos tres anos, que se contarán a partir do momento en que se supere a situación aludida anteriormente, ou a partir da finalización do prazo dos catro meses antes citado, e sempre dentro do prazo ao longo do cal continúe a vixencia do contrato de arrendamento ou calquera das súas prórrogas. A persoa arrendataria non terá ningún tipo de penalización e as cantidades aprazadas serán devoltas á persoa arrendadora sen xuros.

3. O disposto nos dous números anteriores resultará de aplicación a todos os arrendamentos correspondentes ao Fondo Social de Vivenda derivado do Real decreto lei 27/2012, do 15 de novembro, de medidas urxentes para reforzar a protección aos debedores hipotecarios.

4. A persoa arrendataria poderá ter acceso ao programa de axudas transitorias de financiamento reguladas polo artigo 9 e levantarase a moratoria no pagamento da renda arrendaticia regulada por este artigo e o conseqüente fraccionamento das cotas preestablecido na primeira mensualidade de renda en que o dito financiamento estea á disposición da persoa obrigada ao seu pagamento.

*Artigo 5. Definición da situación de vulnerabilidade económica para efectos de obter moratorias ou axudas en relación coa renda arrendaticia da vivenda habitual.*

1. Os supostos de vulnerabilidade económica a consecuencia da emerxencia sanitaria ocasionada polo COVID-19 requirirán a concorrencia conxunta, para os efectos de obter moratorias ou axudas en relación coa renda arrendaticia da vivenda habitual, dos seguintes requisitos:

a) Que a persoa que estea obrigada a pagar a renda de alugamento pase a estar en situación de desemprego, expediente temporal de regulación de emprego (ERTE), ou reducise a súa xornada por motivo de coidados, en caso de ser empresario, ou outras circunstancias similares que supoñan unha perda substancial de ingresos, e por isto o conxunto dos ingresos dos membros da unidade familiar non alcanzase, no mes anterior á solicitude da moratoria:

i. Con carácter xeral, o límite de tres veces o indicador público de renda de efectos múltiples mensual (en diante, IPREM).

ii. Este límite incrementarase en 0,1 veces o IPREM por cada fillo a cargo na unidade familiar. O incremento aplicable por fillo a cargo será de 0,15 veces o IPREM por cada fillo no caso de unidade familiar monoparental.

iii. Este límite incrementarase en 0,1 veces o IPREM por cada persoa maior de 65 anos membro da unidade familiar.

iv. En caso de que algún dos membros da unidade familiar teña declarada discapacidade superior ao 33 por cento, situación de dependencia ou enfermidade que o incapacite acreditadamente de forma permanente para realizar unha actividade laboral, o

límite previsto no subpunto i) será de catro veces o IPREM, sen prexuízo dos incrementos acumulados por fillo a cargo.

v. No caso de que a persoa obrigada a pagar a renda arrendaticia sexa persoa con parálise cerebral, con enfermidade mental, ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 por cento, ou persoa con discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65 por cento, así como nos casos de enfermidade grave que incapacite acreditadamente, a persoa ou o seu coidador, para realizar unha actividade laboral, o límite previsto no subpunto i) será de cinco veces o IPREM.

b) Que a renda arrendaticia, máis os gastos e subministracións básicas, resulte superior ou igual ao 35 por cento dos ingresos netos que perciba o conxunto dos membros da unidade familiar. Para estes efectos, entenderase por «gastos e subministracións básicas» o importe do custo das subministracións de electricidade, gas, gasóleo para calefacción, auga corrente, dos servizos de telecomunicación fixa e móbil, e as posibles contribucións á comunidade de propietarios, todos eles da vivenda habitual que corresponda satisfacer ao arrendatario.

2. Para os efectos do previsto neste artigo, entenderase por unidade familiar a composta pola persoa que debe a renda arrendaticia, o seu cónxuxe non separado legalmente ou parella de feito inscrita e os fillos, con independencia da súa idade, que residan na vivenda, incluídos os vinculados por unha relación de tutela, garda ou acollemento familiar e o seu cónxuxe non separado legalmente ou parella de feito inscrita, que residan na vivenda.

3. Non se entenderá que concorren os supostos de vulnerabilidade económica a consecuencia da emerxencia sanitaria ocasionada polo COVID-19 para os efectos de obter moratorias ou axudas en relación coa renda arrendaticia da vivenda habitual cando a persoa arrendataria ou calquera das persoas que compoñen a unidade familiar que habita aquela sexa propietaria ou usufrutuaria dalgunha vivenda en España. Considerarase que non concorren estas circunstancias cando o dereito recaia unicamente sobre unha parte alícuota dela e se obtivese por herdanza ou mediante transmisión *mortis causa* sen testamento. Exceptuaranse deste requisito tamén aqueles que, sendo titulares dunha vivenda, acrediten a non dispoñibilidade dela por causa de separación ou divorcio, por calquera outra causa *allegata* á súa vontade ou cando a vivenda resulte inaccesible por razón de discapacidade do seu titular ou dalgunha das persoas que conforman a unidade de convivencia.

#### Artigo 6. *Acreditación das condicións subxectivas.*

1. A concorrencia das circunstancias a que se refire o artigo 5 acreditará a persoa arrendataria ante a persoa arrendadora mediante a presentación dos seguintes documentos:

a) En caso de situación legal de desemprego, mediante certificado expedido pola entidade xestora das prestacións, no cal figure a contía mensual percibida en concepto de prestacións ou subsidios por desemprego.

b) En caso de cesamento de actividade dos traballadores por conta propia, mediante certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ou o órgano competente da comunidade autónoma, se for o caso, sobre a base da declaración de cesamento de actividade declarada polo interesado.

c) Número de persoas que habitan na vivenda habitual:

i. Libro de familia ou documento acreditativo de parella de feito.

ii. Certificado de empadramento relativo ás persoas empadroadas na vivenda, con referencia ao momento da presentación dos documentos acreditativos e aos seis meses anteriores.

iii. Declaración de discapacidade, de dependencia ou de incapacidade permanente para realizar unha actividade laboral.

d) Titularidade dos bens: nota simple do servizo de índices do Rexistro da Propiedade de todos os membros da unidade familiar.

e) Declaración responsable do debedor ou debedores relativa ao cumprimento dos requisitos exixidos para considerárense sen recursos económicos suficientes segundo este real decreto lei.

2. Se o solicitante da moratoria non pode achegar algún dos documentos requiridos nas letras a) a d) do número anterior, poderá substituílo mediante unha declaración responsable que inclúa a xustificación expresa dos motivos, relacionados coas consecuencias da crise do COVID-19, que lle impiden tal achega. Tras a finalización do estado de alarma e das súas prórrogas disporá do prazo dun mes para a achega dos documentos que non facilitou.

**Artigo 7. Consecuencias da aplicación indebida pola persoa arrendataria da moratoria excepcional da débeda arrendaticia e das axudas públicas para vivenda habitual en situación de vulnerabilidade económica a causa do COVID-19.**

1. A persoa ou persoas que se beneficiasen dunha moratoria da débeda arrendaticia da súa vivenda habitual e/ou de axudas públicas para atender o seu pagamento sen reuniren os requisitos previstos no artigo 5 serán responsables dos danos e perdas que se puidesen producir, así como de todos os gastos xerados pola aplicación destas medidas excepcionais, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde a que a súa conduta puidese dar lugar.

2. O importe dos danos, perdas e gastos non poderá ser inferior ao beneficio indebidamente obtido pola persoa arrendataria pola aplicación da norma, a cal incorrerá en responsabilidade, tamén, nos casos en que, voluntaria e deliberadamente, busque situarse ou manterse nos supostos de vulnerabilidade económica coa finalidade de obter a aplicación das medidas reguladas por este real decreto lei.

**Artigo 8. Modificación excepcional e transitoria das condicións contractuais de arrendamento no caso de arrendadores non comprendidos entre os recollidos no artigo 4 como consecuencia do impacto económico e social do COVID-19.**

1. A persoa arrendataria dun contrato de vivenda habitual suscrito ao abeiro da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, que se encontre en situación de vulnerabilidade económica, tal e como se define no artigo 5, poderá solicitar da persoa arrendadora, cando esta non sexa ningunha das comprendidas no artigo 4, no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto lei e nos termos recollidos nos números 2 a 4 seguintes, o aprazamento temporal e extraordinario no pagamento da renda, sempre que o dito aprazamento ou a súa condonación total ou parcial non se acordase previamente entre ambas as partes con carácter voluntario.

2. Unha vez recibida a solicitude, a persoa arrendadora comunicará á arrendataria, no prazo máximo de 7 días laborables, as condicións de aprazamento ou de fraccionamento aprazado da débeda que acepta ou, na súa falta, as posibles alternativas que presenta en relación con elas.

3. Se a persoa física arrendadora non acepta ningún acordo sobre o aprazamento e, en calquera caso, cando a persoa arrendataria se encontre na situación de vulnerabilidade sobrevida referida no artigo 5, esta poderá ter acceso ao programa de axudas transitorias de financiamento reguladas polo artigo seguinte.

Artigo 9. *Aprobación dunha liña de avais para a cobertura por conta do Estado do financiamento a arrendatarios en situación de vulnerabilidade social e económica como consecuencia da expansión do COVID-19.*

1. Con obxecto de proporcionar cobertura financeira para facer fronte aos gastos de vivenda por parte dos fogares que se encontren en situacións de vulnerabilidade social e económica como consecuencia da expansión do COVID-19, autorízase o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para que, mediante acordo co Instituto de Crédito Oficial, por un prazo de até catorce anos, se desenvolva unha liña de avais con total cobertura do Estado, para que as entidades bancarias poidan ofrecer axudas transitorias de financiamento ás persoas que se encontren na referida situación de vulnerabilidade, cun prazo de devolución de até seis anos, prorrogable excepcionalmente por outros catro e sen que, en ningún caso, devindique ningún tipo de gastos e xuros para o solicitante.

2. As axudas transitorias de financiamento serán finalistas, deberán dedicarse ao pagamento da renda do arrendamento de vivenda e poderán cubrir un importe máximo de seis mensualidades de renda.

3. A estas axudas transitorias de financiamento poderán acceder todos aqueles arrendatarios que se encontren en situación de vulnerabilidade sobrevida como consecuencia da expansión do COVID-19, de acordo cos criterios e requisitos que se definan a través dunha orde do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que incluírán, en todo caso e, como mínimo, as situacións definidas no artigo 5 do presente real decreto lei. Esta orde non precisará desenvolvemento normativo posterior para a súa aplicación e cumprirá en todo caso coa normativa da Unión Europea en materia de axudas de Estado.

Artigo 10. *Novo Programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social do COVID-19 nos alugamentos de vivenda habitual.*

1. Mediante orde do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana incorporárase ao Plan estatal de vivenda 2018-2021 regulado no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, un novo programa de axudas ao alugamento, denominado «Programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social do COVID-19 nos alugamentos de vivenda habitual».

2. Este programa terá por obxecto a concesión de axudas ao alugamento, mediante adxudicación directa, ás persoas arrendatarias de vivenda habitual que, como consecuencia do impacto económico e social do COVID-19, teñan problemas transitorios para atender o pagamento parcial ou total do alugamento e encaixen nos supostos de vulnerabilidade económica e social sobrevida que se definan e que incluírán en todo caso, e, como mínimo, as situacións definidas no artigo 5 do presente real decreto lei.

Así e sen menoscabo doutras actuacións, este programa terá a finalidade de facer fronte á dificultade na devolución daquelas axudas transitorias de financiamento contraídas por fogares vulnerables que non se recuperasen da súa situación de vulnerabilidade sobrevida como consecuencia da crise do COVID-19 e que, por tanto, non poidan facer fronte á devolución dos ditos préstamos.

3. Poderán beneficiarse das axudas deste programa as persoas físicas que, na súa condición de arrendatarios de vivenda habitual, encaixen nos supostos de vulnerabilidade económica e social sobrevida referidas no número anterior e presenten problemas transitorios para atender o pagamento parcial ou total do alugamento.

4. A contía desta axuda será de até 900 euros ao mes e de até o 100% da renda arrendaticia ou, se for o caso, de até o 100% do principal e xuros do préstamo que se subscribise co cal se satisfixese o pagamento da renda da vivenda habitual. Serán os órganos competentes de cada comunidade autónoma e das cidades de Ceuta e de Melilla os que determinen a contía exacta destas axudas, dentro dos límites establecidos para este programa. Para estes efectos, poderán xuntar un informe dos servizos sociais autonómicos ou locais correspondentes en que se atenda e se valoren as circunstancias

excepcionais e sobrevidas da persoa beneficiaria como consecuencia do impacto económico e social do COVID-19.

Artigo 11. *Substitución do programa de axuda ás persoas en situación de desafiuzamento ou lanzamento da súa vivenda habitual polo novo programa de axuda ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables regulado no artigo seguinte.*

1. Mediante orde ministerial do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana substituirase o Programa de axuda ás persoas en situación de desafiuzamento ou lanzamento da súa vivenda habitual do Plan estatal de vivenda 2018-2021, regulado no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo novo «Programa de axuda ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables».

2. Este novo programa terá por obxecto facilitar unha solución habitacional inmediata ás persoas vítimas de violencia de xénero, ás persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, ás persoas sen fogar e a outras persoas especialmente vulnerables.

3. Poderán ser beneficiarias das axudas deste programa as persoas referidas no número anterior e as administracións públicas, empresas públicas e entidades sen ánimo de lucro, de economía colaborativa ou similares, sempre sen ánimo de lucro, cuxo obxecto sexa dotar dunha solución habitacional aquelas persoas e por conta delas.

Artigo 12. *Modificación do programa de fomento do parque de vivenda en alugamento.*

1. Mediante orde do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana modificarase o programa de fomento do parque de vivenda en alugamento. Esta modificación respectará na súa integridade o programa agora existente, pero incorporando un novo suposto que posibilite destinar as axudas á compra de vivendas con obxecto de incrementar o parque público de vivendas.

2. Poderán obter axudas neste novo suposto as vivendas que, de forma individualizada ou en bloque, sexan adquiridas polas administracións públicas, os organismos públicos e demais entidades de dereito público, así como as empresas públicas e as entidades do terceiro sector sen ánimo de lucro, con obxecto de incrementar o parque público de vivendas destinadas ao alugamento ou cesión en uso social.

Artigo 13. *Autorización para transferir anticipadamente ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e de Melilla os fondos comprometidos polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana nos convenios subscritos para a execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021.*

1. Autorízase o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para transferir ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e de Melilla o 100% dos fondos comprometidos para o ano 2020 nos convenios para a execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021, en concreto 346.637.200 euros consignados na partida orzamentaria 17.09.261N.753, sen esperar á adquisición do compromiso financeiro por parte daquelas nin a calquera outro requisito exixido nos convenios.

2. Autorízase, así mesmo, o citado Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para transferir ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e de Melilla o 100% dos fondos comprometidos para o ano 2021 nos convenios para a execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021, en concreto 354.255.600 euros, no primeiro trimestre de 2021, sen esperar á adquisición do compromiso financeiro por parte daquelas nin a calquera outro requisito exixido nos convenios.

Artigo 14. *Autorización para a disposición inmediata dos fondos aínda non comprometidos polas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e de Melilla para a concesión de axudas ao alugamento, mediante adxudicación directa, en aplicación do novo Programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social do COVID-19 nos alugamentos de vivenda habitual.*

Autorízanse as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e de Melilla para disporen dos fondos comprometidos polo Ministerio de Fomento (actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana) nos convenios para a execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e que non fosen comprometidos, pola súa vez, por elas, para a concesión de axudas ao alugamento, mediante adxudicación directa, en aplicación do novo Programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social do COVID-19 nos alugamentos de vivenda habitual.

Esta autorización enténdese sen necesidade do Acordo previo da Comisión Bilateral de Seguimento que, de conformidade co número 5 do artigo 6 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, se debese formalizar para redistribuír as achegas estatais entre os distintos programas do plan. Esta comisión dará conta *a posteriori* da redistribución xerada como consecuencia da disposición de fondos referida neste artigo.

Artigo 15. *Non suxeición do novo Programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social do COVID-19 nos alugamentos de vivenda habitual ao cofinanciamento autonómico establecido no artigo 6 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021.*

Os números 2 e 3 do artigo 6 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, non serán de aplicación aos fondos estatais que as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e de Melilla comprometan no Programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social do COVID-19 nos alugamentos de vivenda habitual.

## II

Artigo 16. *Definición de vulnerabilidade económica para os efectos da moratoria hipotecaria e do crédito de financiamento non hipotecario.*

1. Os supostos de vulnerabilidade económica a consecuencia da emerxencia sanitaria ocasionada polo COVID-19 para efectos deste real decreto lei e do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, quedan definidos polo cumprimento conxunto das seguintes condicións:

a) Que o potencial beneficiario pase a estar en situación de desemprego ou, en caso de ser empresario ou profesional, sufra unha perda substancial dos seus ingresos ou unha caída substancial na súa facturación de, ao menos, un 40%. Para os efectos deste artigo, terán a consideración de empresarios e profesionais as persoas físicas que cumpran as condicións previstas no artigo 5 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

b) Que o conxunto dos ingresos dos membros da unidade familiar non supere, no mes anterior á solicitude da moratoria:

i. Con carácter xeral, o límite de tres veces o indicador público de renda de efectos múltiples mensual (en diante, IPREM).

ii. Este límite incrementárase en 0,1 veces o IPREM por cada fillo a cargo na unidade familiar. O incremento aplicable por fillo a cargo será de 0,15 veces o IPREM por cada fillo no caso de unidade familiar monoparental.

iii. Este límite incrementárase en 0,1 veces o IPREM por cada persoa maior de 65 anos membro da unidade familiar.



iv. En caso de que algún dos membros da unidade familiar teña declarada discapacidade superior ao 33 por cento, situación de dependencia ou enfermidade que o incapacite acreditadamente de forma permanente para realizar unha actividade laboral, o límite previsto no subpunto i) será de catro veces o IPREM, sen prexuízo dos incrementos acumulados por fillo a cargo.

v. No caso de que o debedor hipotecario sexa persoa con parálise cerebral, con enfermidade mental, ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 por cento, ou persoa con discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65 por cento, así como nos casos de enfermidade grave que incapacite acreditadamente a persoa ou o seu coidador, para realizar unha actividade laboral, o límite previsto no subpunto i) será de cinco veces o IPREM.

c) Que o total das cotas hipotecarias dos bens inmobles a que se refire o artigo 19 máis os gastos e subministracións básicas resulte superior ou igual ao 35 por cento dos ingresos netos que perciba o conxunto dos membros da unidade familiar. Para estes efectos, entenderase por «gastos e subministracións básicas» o importe do custo das subministracións de electricidade, gas, gasóleo para calefacción, auga corrente, dos servizos de telecomunicación fixa e móbil e as contribucións á comunidade de propietarios. Só terán a consideración de «gastos e subministracións básicas» os subministrados na vivenda habitual da unidade familiar.

d) Que, como consecuencia da emerxencia sanitaria, a unidade familiar sufrise unha alteración significativa das súas circunstancias económicas en termos de esforzo de acceso á vivenda. Para tal fin, entenderase que se produciu unha alteración significativa das circunstancias económicas cando o esforzo que represente o total da carga hipotecaria, entendida como a suma das cotas hipotecarias dos bens inmobles a que se refire o artigo 19 sobre a renda familiar se multiplícase por, ao menos, 1,3.

Para os efectos do presente real decreto lei, enténdese por unidade familiar a composta polo debedor, o seu cónxuxe non separado legalmente ou parella de feito inscrita e os fillos, con independencia da súa idade, que residan na vivenda, incluídos os vinculados por unha relación de tutela, garda ou acollemento familiar e o seu cónxuxe non separado legalmente ou parella de feito inscrita, que residan na vivenda.

Para os efectos do presente real decreto lei enténdese por potencial beneficiario aquel que estea facendo fronte a unha débeda hipotecaria conforme o artigo 19.

2. En ningún caso resultará de aplicación esta definición para os consumidores vulnerables no ámbito da auga, o gas natural e a electricidade nos termos do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, e deste real decreto lei, nin para a moratoria de débeda arrendaticia a que se refire o artigo 3.

#### Artigo 17. *Acreditación das condicións subxectivas.*

1. A concorrencia das circunstancias a que se refire o artigo 16 acreditará o potencial beneficiario mediante a presentación dos seguintes documentos:

a) En caso de situación legal de desemprego, mediante certificado expedido pola entidade xestora das prestacións, no cal figure a contía mensual percibida en concepto de prestacións ou subsidios por desemprego.

b) En caso de cesamento de actividade dos traballadores por conta propia, mediante certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ou o órgano competente da comunidade autónoma, se for o caso, sobre a base da declaración de cesamento de actividade declarada polo interesado.

c) Número de persoas que habitan a vivenda:

i. Libro de familia ou documento acreditativo de parella de feito.

ii. Certificado de empadramento relativo ás persoas empadroadas na vivenda, con referencia ao momento da presentación dos documentos acreditativos e aos seis meses anteriores.

iii. Declaración de discapacidade, de dependencia ou de incapacidade permanente para realizar unha actividade laboral.

d) Titularidade dos bens:

i. Nota simple do servizo de índices do Rexistro da Propiedade de todos os membros da unidade familiar.

ii. Escrituras de compravenda da vivenda habitual, da vivenda en alugamento, ou do inmovible afecto a actividade económica e de concesión do préstamo ou préstamos con garantía hipotecaria no caso de que se solicite unha moratoria da débeda hipotecaria.

e) No caso de que se solicite a moratoria da débeda hipotecaria polo préstamo hipotecario por unha vivenda en alugamento conforme a letra c) do artigo 19, deberá achegarse o correspondente contrato de arrendamento.

f) Declaración responsable do debedor ou debedores relativa ao cumprimento dos requisitos exixidos para considerárense sen recursos económicos suficientes segundo este real decreto lei.

2. Se o solicitante da moratoria non pode achegar algún dos documentos requiridos nas letras a) a e) do número anterior, poderá substituílo mediante unha declaración responsable que inclúa a xustificación expresa dos motivos, relacionados coas consecuencias da crise do COVID-19, que lle impiden tal achega. Tras a finalización do estado de alarma e das súas prórrogas disporá do prazo dun mes para a achega dos documentos que non facilitou.

*Artigo 18. Definición da situación de vulnerabilidade económica e acreditación derivadas dos contratos de crédito sen garantía hipotecaria.*

1. Os supostos de vulnerabilidade económica como consecuencia da emerxencia sanitaria ocasionada polo COVID-19 derivados dos contratos de crédito sen garantía hipotecaria son os establecidos no artigo 16 do presente real decreto lei, coas seguintes especialidades:

a) Se a persoa física for beneficiaria, pola súa vez, da moratoria establecida no artigo 7 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, non se terá en conta a súa aplicación para efectos do cálculo previsto no artigo 16.1.c) e d) deste real decreto lei, para a suspensión das obrigacións derivadas dos créditos ou préstamos sen garantía hipotecaria establecida neste real decreto lei.

b) Se o potencial beneficiario non tiver contratado un préstamo hipotecario e, non obstante, tiver que facer fronte ao pagamento periódico ben dunha renda por alugamento da súa vivenda habitual ben de calquera tipo de financiamento sen garantía hipotecaria fronte a unha entidade financeira, ou ambas simultaneamente, substituirase o importe da cota hipotecaria pola suma total dos ditos importes, incluída a renda por alugamento aínda que sexa obxecto de moratoria conforme o artigo 3, para efectos dos cálculos referidos no artigo 16.1 letras c) e d). Así mesmo, para efectos do cálculo da carga hipotecaria conforme o artigo 16, utilizarase a suma total dos ditos importes. Se o potencial beneficiario tiver que facer fronte a un único préstamo sen garantía hipotecaria e non tiver que facer fronte ao pagamento periódico dunha renda por alugamento da súa vivenda habitual, terase en conta só o dito préstamo sen garantía hipotecaria para os efectos anteriores.

2. A concorrencia das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior acreditaráa o debedor ante o acredor mediante a presentación da documentación establecida no artigo 17 do presente real decreto lei. O importe dos pagamentos periódicos para a devolución do financiamento sen garantía hipotecaria acreditarase mediante a achega do correspondente contrato suscrito coa entidade financeira.

## III

Artigo 19. *Moratoria de débeda hipotecaria.*

A débeda hipotecaria ou os préstamos hipotecarios a que se refiren os artigos 7 a 16 ter do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, serán a débeda hipotecaria contraída ou os préstamos hipotecarios contratados para a adquisición:

- a) Da vivenda habitual.
- b) De inmobles afectos á actividade económica que desenvolvan os empresarios e profesionais a que se refire a letra a) do artigo 16.1.
- c) De vivendas distintas á habitual en situación de alugamento e para as cales o debedor hipotecario persoa física, propietario e arrendador das ditas vivendas, deixase de percibir a renda arrendaticia desde a entrada en vigor do Estado de alarma decretado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, ou deixe de percibir até un mes despois da súa finalización.

Artigo 20. *Aplicación do artigo 3 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, ás entidades locais.*

1. Para os efectos da aplicación do último parágrafo do artigo 3 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, o importe que poderá destinar cada entidade local ao gasto a que se refire o dito precepto será, como máximo, equivalente ao 20% do saldo positivo definido na letra c) do número 2 da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Para a aplicación do superávit á política de gasto 23 nos termos regulados no artigo 1 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, a modificación orzamentaria de crédito extraordinario para habilitar crédito ou de suplemento de créditos que deba aprobarse tramitarse por decreto ou resolución do presidente da corporación local sen que lle sexan de aplicación as normas sobre reclamación e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Tales decretos ou resolucións serán obxecto de validación no primeiro pleno posterior que se celebre, e para isto exixirase o voto favorable dunha maioría simple e a posterior publicación no boletín oficial correspondente.

A falta de validación plenaria non terá efectos anulatorios nin suspensivos do decreto aprobado, sen prexuízo da posibilidade de acudir á vía da reclamación económico-administrativa, para o cal o cómputo de prazos se producirá a partir da data de publicación do acordo plenario.

3. Para o seguimento polo órgano competente do Ministerio de Facenda, as entidades locais deberán remitir cuberto o formulario recollido no anexo III deste real decreto lei. Esta obrigação de remisión de información establécese en desenvolvemento do principio de transparencia recoñecido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, polo que se deberá atender centralizando a dita remisión a través da intervención ou unidade que exerza as súas funcións.

A información será remitida por medios electrónicos a través dos modelos normalizados e sistema que o Ministerio de Facenda habilite para o efecto, e mediante sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, de acordo coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, salvo naqueles casos en que o Ministerio de Facenda considere que non é necesaria a súa utilización.

4. Habilítase o dito órgano do Ministerio de Facenda para ditar as resolucións que sexan necesarias para a aplicación deste precepto e para o establecemento de prazos, períodos e procedemento de remisión.

5. O incumprimento das obrigações de subministración de información, no referido aos prazos establecidos, ao correcto contido e idoneidade dos datos ou ao modo de envío

derivados das disposicións deste real decreto lei poderá comportar imposición das medidas previstas nos artigos 20 e seguintes da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, logo de requirimento á corporación local para o seu cumprimento nun prazo de 10 días hábiles. Sen prexuízo da posible responsabilidade persoal que corresponda, o Ministerio de Facenda poderá dar publicidade aos requirimentos efectuados ou ao seu incumprimento.

6. O Ministerio de Facenda poderá difundir ou publicar a información remitida en virtude do presente real decreto lei co alcance, contido e metodoloxía que determine.

#### IV

##### Artigo 21. *Suspensión das obrigacións derivadas dos contratos de crédito sen garantía hipotecaria.*

1. Establécense medidas conducentes a procurar a suspensión temporal das obrigacións contractuais derivadas de todo préstamo ou crédito sen garantía hipotecaria que estivese vixente na data de entrada en vigor deste real decreto lei, cando estea contratado por unha persoa física que se encontre en situación de vulnerabilidade económica, na forma definida no artigo 16, como consecuencia da crise sanitaria provocada polo COVID-19.

2. Estas mesmas medidas aplicaranse igualmente aos fiadores e avalistas do debedor principal en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 16.

##### Artigo 22. *Fiadores ou avalistas.*

Os fiadores ou avalistas aos cales lles resulte de aplicación a suspensión das obrigacións derivadas dos contratos de crédito sen garantía hipotecaria poderán exixir que o acredor esgote o patrimonio do debedor principal antes de reclamarlles a débeda garantida, mesmo cando no contrato tivesen renunciado expresamente ao beneficio de excusión.

##### Artigo 23. *Solicitud de suspensión.*

Os debedores comprendidos no ámbito de aplicación da suspensión das obrigacións derivadas dos contratos de crédito sen garantía hipotecaria poderán solicitar do acredor, até un mes despois da fin da vixencia do estado de alarma, a suspensión das súas obrigacións. Os debedores xuntaránlle á solicitude de suspensión a documentación prevista no artigo 17.

##### Artigo 24. *Concesión da suspensión.*

1. Unha vez realizada a solicitude da suspensión a que se refire o artigo 23 deste real decreto lei e acreditada a situación de vulnerabilidade económica, o acredor procederá á suspensión automática das obrigacións derivadas do crédito sen garantía hipotecaria.

2. Ao igual que na moratoria dos préstamos hipotecarios regulada nos artigos 7 a 16 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, a aplicación da suspensión non requirirá acordo entre as partes para que produza efectos, nin novación contractual ningunha. A suspensión das obrigacións contractuais producirá efectos desde a solicitude do debedor ao acredor, acompañada da documentación requirida, a través de calquera medio. Non obstante, se o crédito ou préstamo está garantido mediante algún dereito inscristible distinto da hipoteca ou tivese accedido ao Rexistro de Venda a Prazos de Bens Mobles para os efectos previstos no número 1 do artigo 15 da Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles, será necesaria a inscrición da ampliación de prazo que supoña a suspensión, de acordo coas normas xerais aplicables.

3. Unha vez aplicada a suspensión, o acredor comunicará ao Banco de España a súa existencia e duración. Os importes que serían exixibles ao debedor de non aplicarse a moratoria non se considerarán vencidos.

4. A suspensión terá unha duración de tres meses ampliables mediante acordo do Consello de Ministros.

5. Cando prestamista e prestameiro beneficiario da moratoria acorden unha novación, como consecuencia da modificación das cláusulas do contrato en aspectos distintos á suspensión a que se refire o artigo 13 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, incorporarán, ademais daqueles outros aspectos que as partes pacten, a suspensión das obrigacións contractuais impostas por este real decreto lei e solicitadas polo debedor, así como a non devindicación de xuros durante a vixencia da suspensión.

6. Durante a vixencia do estado de alarma e até que se volva restablecer plenamente a liberdade de ambulatoria non se poderán formalizar as escrituras públicas a que se refire o número 2. Non obstante, isto non suspenderá a aplicación da moratoria, que deberá aplicarse automaticamente, formalizácese ou non aínda a dita suspensión en escritura.

#### Artigo 25. *Efectos da suspensión.*

1. Durante o período de vixencia da suspensión:

a) O acredor non poderá exixir o pagamento da cota, nin de ningún dos conceptos que a integran (amortización do capital ou pagamento de xuros), nin integramente nin parcialmente.

b) Non se devindicará ningún tipo de xuros, nin ordinarios nin de demora.

2. A data do vencemento acordada no contrato ampliarase, como consecuencia da suspensión, polo tempo de duración desta, sen modificación ningunha do resto das condicións pactadas. Tratándose de bens ou dereitos inscribibles axustaranse á súa propia normativa, de acordo coas regras xerais e o disposto no número segundo do artigo anterior.

3. A suspensión no pagamento de xuros non será aplicable a debedores ou contratos distintos dos regulados no presente real decreto lei.

#### Artigo 26. *Consecuencias da actuación fraudulenta do debedor en relación coa suspensión das obrigacións derivadas dos contratos de crédito sen garantía hipotecaria.*

Aplicarase ao debedor que se tivese beneficiado en fraude de lei das medidas de suspensión das obrigacións derivadas dos contratos de crédito sen garantía hipotecaria o establecido no artigo 16 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.

#### Artigo 27. *Réxime de supervisión e sanción.*

1. As entidades prestamistas supervisadas polo Banco de España remitirán cada día hábil a esta autoridade a seguinte información referida ao día hábil precedente:

- a) Número de solicitudes de suspensión presentadas por debedores.
- b) Número de suspensións concedidas.
- c) Número de beneficiarios da suspensión, desagregados, por un lado, en debedores e avalistas e, por outro lado, en autónomos e asalariados.
- d) Número de préstamos cuxo pagamento se suspendeu.
- e) Saldo vivo pendente de amortización cuxo pagamento se suspende.
- f) CNAE da actividade que viña realizando o debedor.

2. Os artigos 21 a 26 e o número primeiro deste artigo terán a consideración de normas de ordenación e disciplina a que se refire o artigo 2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

Artigo 28. *Dereito a percepción do bono social por parte de traballadores autónomos que cesasen a súa actividade ou visen reducida a súa facturación como consecuencia do COVID-19.*

1. Terán consideración de consumidores vulnerables na súa vivenda habitual e nos termos recollidos no Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos, os consumidores que, cumprindo o requisito de renda do número 2, acrediten con data posterior á entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, que o titular do punto de subministración, ou algún dos membros da súa unidade familiar, profesionais por conta propia ou autónomos, teñen dereito á prestación por cesamento total de actividade profesional ou por ter visto a súa facturación no mes anterior a que se solicita o bono social reducida en, ao menos, un 75 por cento en relación coa media de facturación do semestre anterior, nos termos establecidos no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.

Cando o contrato de subministración da vivenda habitual do profesional por conta propia ou autónomo estea a nome da persoa xurídica, o bono social deberá solicitarse para a persoa física, o que implicará un cambio de titularidade do contrato de subministración.

2. Para poder adquirir a condición de consumidor vulnerable referida no número anterior, será requisito necesario que a renda do titular do punto de subministración ou, en caso de formar parte dunha unidade familiar, a renda conxunta anual da unidade familiar á cal pertenza, calculada de acordo co estipulado no artigo 4 da Orde ETU/943/2016, do 6 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, sexa igual ou inferior:

- a 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) de 14 pagas, no caso de que o titular do punto de subministración non forme parte dunha unidade familiar ou non haxa ningún menor na unidade familiar;
- a 3 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa un menor na unidade familiar;
- a 3,5 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa dous menores na unidade familiar.

Para estes efectos, considérase unidade familiar a constituída conforme o disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

3. A condición de consumidor vulnerable definida nos números anteriores e, por tanto, o dereito a percibir o bono social nos termos que corresponda extinguirase cando deixen de concorrer as circunstancias referidas, e o consumidor está obrigado a comunicar este feito ao comercializador de referencia.

En ningún caso a consideración de consumidor vulnerable polo cumprimento dos números anteriores se estenderá máis de 6 meses desde a súa devindicación, sen prexuízo da posibilidade de acollerse á dita condición en calquera momento anterior ou posterior a esa data ao abeiro do resto de supostos previstos no Real decreto 897/2017, do 6 de outubro.

A empresa comercializadora de referencia estará obrigada a indicar ao consumidor, na última factura que emita antes do vencemento do prazo de 6 meses, a data de tal vencemento, a informalo de que, unha vez superado o dito prazo, o consumidor pasará a ser facturado a PVPC pola mesma comercializadora de referencia, e a indicarlle a posibilidade de que o consumidor poida, alternativamente, contratar a súa subministración cun comercializador en mercado libre.

4. Para acreditar a condición de consumidor vulnerable definida nos números anteriores e solicitar a percepción do bono social, o consumidor remitirá a un

comercializador de referencia, a través do enderezo de correo electrónico que apareza na súa páxina web, o modelo de solicitude definido no anexo IV xunto coa seguinte documentación acreditativa:

- Copia do NIF ou NIE do titular do punto de subministración e, en caso de que forme parte dunha unidade familiar, copia do NIF ou NIE de cada un dos membros para os que o dito documento sexa obrigatorio.
- Certificado de empadramento en vigor, individual ou conxunto, do titular de punto de subministración ou de todos os membros da unidade familiar.
- Libro de familia, no caso de que exista unidade familiar.
- Acreditación da súa condición conforme o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. En particular, cando o traballador autónomo se encontre no suposto de cesamento de actividade, a acreditación realizarase mediante certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ou o órgano competente da Comunidade Autónoma, se for o caso, sobre a base da declaración de cesamento de actividade declarada polo interesado.

A comercializadora de referencia remitirá ao titular do punto de subministración un correo electrónico de confirmación de recepción da solicitude.

Por orde da vicepresidenta cuarta e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, poderase modificar o modelo de solicitude que se establece no anexo IV.

## V

*Artigo 29. Garantía de subministración de enerxía eléctrica, produtos derivados do petróleo, gas natural e auga.*

Excepcionalmente, mentres estea en vigor o estado de alarma, non se poderá suspender a subministración de enerxía eléctrica, produtos derivados do petróleo, incluídos os gases manufacturados e os gases licuados do petróleo, gas natural e auga aos consumidores persoas físicas na súa vivenda habitual, por motivos distintos á seguridade da subministración, das persoas e das instalacións, aínda que conste a dita posibilidade nos contratos de subministración ou acceso subscritos polos consumidores de conformidade coa normativa sectorial que lles resulte aplicación en cada caso.

Para acreditar ante o subministrador que a subministración se produce na vivenda habitual, o consumidor poderá empregar calquera medio documental que acredite de maneira fidedigna a dita circunstancia.

Así mesmo, o período durante o que estea en vigor o estado de alarma non computará para efectos dos prazos comprendidos entre o requirimento fidedigno do pagamento e a suspensión da subministración por impagamento establecidos na normativa vixente ou nos contratos de subministración, de ser o caso.

## VI

*Artigo 30. Beneficiarios do subsidio extraordinario por falta de actividade para as persoas integradas no Sistema especial de empregados de fogar do réxime xeral da seguridade social.*

1. Terán dereito ao subsidio extraordinario por falta de actividade as persoas que, estando de alta no Sistema especial de empregados do fogar do réxime xeral da seguridade social antes da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, se encontren nalgunha das seguintes situacións:

- Deixasen de prestar servizos, total ou parcialmente, con carácter temporal, co fin de reducir o risco de contaxio, por causas alleas á súa vontade, nun ou varios domicilios e con motivo da crise sanitaria do COVID-19.

– Se extinguiše o seu contrato de traballo pola causa de despedimento recollida no artigo 49.1.k) do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou pola desistencia do empregador ou empregadora, nos termos previstos no artigo 11.3 do Real decreto 1620/2011, do 14 de novembro, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do servizo do fogar familiar, con motivo da crise sanitaria do COVID-19.

2. A acreditación do feito causante deberá efectuarse por medio dunha declaración responsable, asinada pola persoa empregadora ou persoas empregadoras, respecto das cales se producise a diminución total ou parcial de servizos. No suposto de extinción do contrato de traballo, este poderá acreditarse por medio de carta de despedimento, comunicación da desistencia da empregadora ou empregador, ou documentación acreditativa da baixa no Sistema especial de empregados do fogar do réxime xeral da seguridade social.

#### Artigo 31. *Contía do subsidio.*

1. A contía do subsidio extraordinario por falta de actividade será o resultado de aplicar á base reguladora correspondente á actividade que se deixase de desempeñar a porcentaxe determinada neste número.

2. A base reguladora diaria da prestación estará constituída pola base de cotización do empregado de fogar correspondente ao mes anterior ao feito causante, dividida entre 30.

Se fosen varios os traballos desempeñados neste sistema especial, calcularase a base reguladora correspondente a cada un dos distintos traballos que deixasen de realizarse.

3. A contía do subsidio será o resultado de aplicar unha porcentaxe do setenta por cento á base reguladora referida, e non poderá ser superior ao salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias. No caso de perda parcial da actividade, a contía do subsidio indicada percibirase en proporción directa á porcentaxe de redución de xornada que experimentase a persoa traballadora.

Cando fosen varios os traballos desempeñados, a contía total do subsidio será a suma das cantidades obtidas aplicando ás distintas bases reguladoras correspondentes a cada un dos distintos traballos a porcentaxe do setenta por cento, e a dita contía total terá o mesmo límite previsto no número anterior. No caso de perda parcial da actividade, en todos ou nalgún dos traballos desempeñados, aplicarase a cada unha das cantidades obtidas a porcentaxe de redución de xornada que experimentase a persoa traballadora na actividade correspondente; se a contía total do subsidio, previamente á aplicación das ditas porcentaxes, alcanza o importe do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias, ratearase o dito importe entre todos os traballos desempeñados atendendo á contía das bases de cotización durante o mes anterior ao feito causante de cada un deles, aplicando ás cantidades así obtidas a porcentaxe de redución de xornada que experimentase a persoa traballadora na actividade correspondente.

4. Este subsidio extraordinario por falta de actividade percibirase por períodos mensuais, desde a data do nacemento do dereito. Para estes efectos, entenderase por data efectiva de nacemento do dereito aquela identificada na declaración responsable referida no número anterior cando o feito causante consista na redución da actividade, ou a data de baixa na seguridade social, no caso da fin da relación laboral.

#### Artigo 32. *Compatibilidades e incompatibilidades do subsidio extraordinario.*

1. O subsidio extraordinario por falta de actividade será compatible coas percepcións derivadas das actividades por conta propia ou por conta allea que se estivesen desenvolvendo no momento da súa devindicación, incluíndo as que determinan a alta no Sistema especial da seguridade social dos empregados de fogar do réxime xeral da



seguridade social, sempre que a suma dos ingresos derivados do subsidio e o resto de actividades non sexa superior ao salario mínimo interprofesional.

2. O subsidio extraordinario por falta de actividade será incompatible co subsidio por incapacidade temporal e co permiso retribuído recuperable regulado no Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19.

Artigo 33. *Subsidio de desemprego excepcional por fin de contrato temporal.*

1. Serán beneficiarias do subsidio de desemprego excepcional por fin de contrato temporal as persoas traballadoras que se lles extinguiše un contrato de duración determinada de, ao menos, dous meses de duración, con posterioridade á entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e non contasen coa cotización necesaria para acceder a outra prestación ou subsidio se carecesen de rendas nos termos establecidos no artigo 275 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

Este subsidio será recoñecido ás persoas afectadas, nos termos referidos no parágrafo anterior, pola extinción dun contrato de duración determinada, incluídos os contratos de interinidade, formativos e de remuda, e que cumpran o resto de requisitos previstos neste artigo.

2. O subsidio de desemprego excepcional será incompatible coa percepción de calquera renda mínima, renda de inclusión, salario social ou axudas análogas concedidas por calquera Administración pública.

3. O subsidio excepcional consistirá nunha axuda mensual do 80 por cento do indicador público de renda de efectos múltiples mensual vixente.

4. A duración deste subsidio excepcional será dun mes, ampliable se así se determina por real decreto lei.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Medidas de apoio aos autónomos*

Artigo 34. *Moratoria das cotizacións sociais á seguridade social.*

1. Habilitase a Tesouraría Xeral da Seguridade Social para outorgar moratorias de seis meses, sen xuros, ás empresas e aos traballadores por conta propia incluídos en calquera réxime da seguridade social, que o soliciten e cumpran os requisitos e condicións que se establecerán mediante orde do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. A moratoria nos casos en que sexa concedida afectará o pagamento das súas cotizacións á seguridade social e por conceptos de recadación conxunta, cuxo período de devindicación, no caso das empresas, estea comprendido entre os meses de abril e xuño de 2020 e, no caso dos traballadores por conta propia, entre maio e xullo de 2020, sempre que as actividades que realicen non se suspendesen con ocasión do estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

2. As solicitudes de moratoria deberán presentarse, no caso de empresas, a través do Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da seguridade social (Sistema RED) regulado na Orde ESS/484/2013, e no caso dos traballadores por conta propia, a través do citado Sistema RED ou polos medios electrónicos dispoñibles na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social (SEDESS).

As empresas deberán presentar solicitudes individualizadas por cada código de conta de cotización onde figuren de alta os traballadores respecto dos cales se solicita a moratoria no pagamento das súas cotizacións á seguridade social e por conceptos de recadación conxunta.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá habilitar calquera outro medio electrónico distinto ao Sistema RED ou SEDESS para que se efectúe a solicitude.

Para estes efectos, a comunicación, a través dos medios indicados, da identificación do código de conta de cotización e do período de devindicación obxecto da moratoria, terá a consideración de solicitude desta.

3. As solicitudes de moratoria deberán comunicarse á Tesouraría Xeral da Seguridade Social dentro dos 10 primeiros días naturais dos prazos regulamentarios de ingreso correspondentes aos períodos de devindicación sinalados no número primeiro, sen que en ningún caso proceda a moratoria daquelas cotizacións cuxo prazo regulamentario de ingreso finalizase con anterioridade á dita solicitude.

4. A concesión da moratoria comunicarse no prazo dos tres meses seguintes ao da solicitude, a través dos medios sinalados no número segundo deste artigo. Non obstante, considerarase realizada a dita comunicación coa efectiva aplicación da moratoria por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social nas liquidacións de cotas que se practiquen a partir do momento en que se presente a solicitude.

5. Esta moratoria non será de aplicación aos códigos de conta de cotización polos que as empresas obtivesen exencións no pagamento da achega empresarial así como nas cotas de recadación conxunta, regulada no artigo 24 do Real decreto Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, como consecuencia dos procedementos de suspensión de contratos e redución de xornada por forza maior a que se refire o dito artigo.

6. En aplicación do previsto no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, as solicitudes presentadas polas empresas, ou polos traballadores por conta propia, que conteñan falsidades ou incorreccións nos datos facilitados darán lugar ás sancións correspondentes.

Considerarase para estes efectos como falsidade ou incorrección ter comunicado á Tesouraría Xeral da Seguridade Social na solicitude de inscrición como empresa, ou na alta do traballador no correspondente réxime especial, ou en variación de datos posterior á inscrición, ou á alta, unha actividade económica falsa ou incorrecta, así como aqueles outros datos que determinen a existencia das condicións e requisitos a que se refire o número primeiro.

O recoñecemento indebido de moratorias como consecuencia dalgún dos incumprimentos previstos no parágrafo anterior dará lugar á revisión de oficio do acto de recoñecemento da moratoria. En tales supostos, e sen prexuízo da responsabilidade administrativa ou penal que legalmente corresponda, á empresa, ou ao traballador por conta propia, resultarán de aplicación ás cotas ás cales se aplicase indebidamente a moratoria a correspondente recarga e xuros, de conformidade co establecido no Regulamento xeral de recadación da seguridade social.

#### Artigo 35. *Aprazamento no pagamento de débedas coa seguridade social.*

As empresas e os traballadores por conta propia incluídos en calquera réxime da seguridade social ou os autorizados para actuar a través do Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da seguridade social (Sistema RED), sempre que non tivesen outro aprazamento en vigor, poderán solicitar o aprazamento no pagamento das súas débedas coa seguridade social cuxo prazo regulamentario de ingreso teña lugar entre os meses de abril e xuño de 2020, nos termos e condicións establecidos na normativa da seguridade social, e será de aplicación un xuro do 0,5% en lugar do previsto no artigo 23.5 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lei 8/2015, do 30 de outubro. Estas solicitudes de aprazamento deberán efectuarse antes do transcurso dos dez primeiros naturais do prazo regulamentario de ingreso anteriormente sinalado.

*Sección 3.ª Medidas de protección de consumidores*

Artigo 36. *Dereito de resolución de determinados contratos sen penalización por parte dos consumidores e usuarios.*

1. Se como consecuencia das medidas adoptadas durante a vixencia do estado de alarma os contratos subscritos polos consumidores e usuarios, xa sexan de compravenda de bens ou de prestación de servizos, incluídos os de tracto sucesivo, resultan de imposible cumprimento, o consumidor e usuario terán dereito a resolver o contrato durante un prazo de 14 días. A pretensión de resolución só poderá ser estimada cando non caiba obter da proposta ou propostas de revisión ofrecidas por cada unha das partes, sobre a base da boa fe, unha solución que restaure a reciprocidade de intereses do contrato. As propostas de revisión poderán abarcar, entre outras, o ofrecemento de bonos ou vales substitutorios ao reembolso. Para estes efectos, entenderase que non cabe obter proposta de revisión cando transcorrese un período de 60 días desde a imposible execución do contrato sen que haxa acordo entre as partes sobre a proposta de revisión.

2. Nos supostos en que o cumprimento do contrato resulte imposible de acordo co número anterior, o empresario estará obrigado a devolver as sumas aboadas polo consumidor ou usuario, salvo gastos incorridos debidamente desagregados e facilitados ao consumidor, na mesma forma en que se realizou o pagamento nun prazo máximo de 14 días, salvo aceptación expresa de condicións distintas por parte do consumidor e usuario.

3. Respecto dos contratos de prestación de servizos de tracto sucesivo, a empresa prestadora de servizos poderá ofrecer opcións de recuperación do servizo *a posteriori* e só se o consumidor non pode ou non acepta a dita recuperación, entón procederíase á devolución dos importes xa aboados na parte correspondente ao período do servizo non prestado pola dita causa ou, baixo a aceptación do consumidor, a minorar a contía que resulte das futuras cotas que se imputarán pola prestación do servizo. Así mesmo, a empresa prestadora de servizos absterase de presentar a cobramento novas mensualidades até que o servizo poida prestarse con normalidade, sen que isto dea lugar á rescisión do contrato, salvo pola vontade de ambas as partes.

4. No suposto de que se trate de contratos de viaxe combinada, que fosen cancelados con motivo do COVID19, o organizador ou, de ser o caso, o retallista, poderá entregar ao consumidor ou usuario un bono para ser utilizado dentro dun ano desde a finalización da vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, por unha contía igual ao reembolso que correspondese. Transcorrido o período de validez do bono sen ter sido utilizado, o consumidor poderá solicitar o reembolso completo de calquera pagamento realizado. En calquera caso, o eventual ofrecemento dun bono substitutorio temporal deberá contar co suficiente apoio financeiro que garanta a súa execución.

Non obstante o anterior, o organizador ou, de ser o caso, o retallista, deberá proceder a efectuar o reembolso aos consumidores e usuarios no suposto de que estes solicitasen a resolución do contrato, de conformidade co previsto no número 2 do artigo 160 do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, sempre que os provedores de servizos incluídos no contrato de viaxe combinada procedesen á devolución total do importe correspondente aos seus servizos. Se só algúns dos provedores de servizos da viaxe combinada efectuaren a devolución ao organizador ou, se for o caso, ao retallista, ou a contía devolta por cada un deles for parcial, o consumidor ou usuario terá dereito ao reembolso parcial correspondente ás devolucions efectuadas, e será descontado do importe do bono entregado pola resolución do contrato.

O organizador ou, se for o caso, o retallista, procederá a efectuar os reembolsos citados anteriormente nun prazo non superior a 60 días desde a data da resolución do contrato ou desde aquela en que os provedores de servizos procedesen á súa devolución.

Artigo 37. *Medidas de restrición ás comunicacións comerciais das entidades que realicen unha actividade de xogo regulada na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.*

1. As medidas previstas neste artigo aplícanse a todas as entidades que desenvolvan unha actividade de xogo incluída no ámbito de aplicación da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

2. Para efectos do previsto neste artigo, enténdese por comunicacións comerciais calquera forma de actividade publicitaria difundida por calquera medio ou soporte, destinada a promocionar, de maneira directa ou indirecta, as actividades de xogo definidas no ámbito de aplicación da Lei 13/2011, do 27 de maio, ou as entidades que as realizan.

3. Prohíbense as comunicacións comerciais que, de forma implícita ou expresa, fagan referencia á situación de excepcionalidade que deriva da enfermidade COVID-19 ou interparen o consumo de actividades de xogo neste contexto.

4. Durante o tempo de vixencia da declaración do estado de alarma realizada polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, as entidades referidas no número 1 non poderán realizar as seguintes actuacións:

a) Actividades de promoción dirixidas á captación de novos clientes ou de fidelización de clientes existentes que recollan contías económicas, bonos, bonificacións, descontos, regalos de apostas ou partidas, multiplicadores de cotas ou premios ou calquera outro mecanismo similar.

b) Emisión de comunicacións comerciais nos servizos de comunicación audiovisual referidos no artigo 2.2 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, incluídos os servizos a petición cando aquelas sexan distinguibles e separables, excepto na franxa horaria comprendida entre a 1 e as 5 da mañá.

c) Emisión de comunicacións comerciais que sexan comercializadas, vendidas ou organizadas por prestadores de servizos de intercambio de vídeos a través de plataformas definidos como tales na Directiva (UE) 2018/1808 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de novembro de 2018, pola que se modifica a Directiva 2010/13/UE sobre a coordinación de determinadas disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á prestación de servizos de comunicación audiovisual, excepto na franxa horaria comprendida entre a 1 e as 5 da mañá.

d) Emisión de comunicacións comerciais en servizos da sociedade da información (incluídas comunicacións individualizadas en correos electrónicos ou medios equivalentes e redes sociais).»

5. O incumprimento de calquera das obrigacións establecidas neste artigo terá a consideración de infracción grave para os efectos do disposto a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

## CAPÍTULO II

### **Medidas para soste a actividade económica ante as dificultades transitorias consecuencia do COVID-19**

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Medidas de apoio á industrialización*

Artigo 38. *Modificación do momento e prazo para achega de garantías nas convocatorias de préstamos concedidos pola SXIPEME pendentes de resolución no momento de entrada en vigor do Real decreto 462/2000, do 14 de marzo.*

1. Con carácter temporal, e só para efectos das convocatorias de préstamos concedidos pola SXIPEME que se encontrasen pendentes de resolución no momento de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, as

garantías que achegarán os solicitantes presentaranse tras a resolución de concesión e con anterioridade ao pagamento do préstamo.

2. Unha vez resolta a convocatoria, os beneficiarios deberán achegar as garantías polo importe indicado na resolución de concesión e nas modalidades establecidas nas ditas convocatorias.

3. O prazo para presentar as garantías finalizará o 3 de novembro de 2020. De non presentarse antes da finalización do dito prazo, o beneficiario perderá o dereito ao cobramento do préstamo.

4. No momento do pagamento deberán cumprirse o resto de requisitos establecidos nas ordes de convocatoria.

5. O artigo 10 da Orde ICT/1100/2018, do 18 de outubro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de apoio financeiro ao investimento industrial no marco da política pública de reindustrialización e fortalecemento da competitividade, queda suspendido para a convocatoria correspondente ao ano 2019 no que contradiga os puntos 1 a 5 deste artigo. Queda suspendido, nos mesmos termos, o número noveno da orde pola que se realiza a convocatoria para o ano 2019.

6. Os artigos 13 e 25 da Orde ICT/859/2019, do 1 de agosto, pola que se establecen as bases para a concesión de apoio financeiro a proxectos industriais de investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito da industria manufacturera, quedan suspendidos para a convocatoria correspondente ao ano 2019 no que contradigan os puntos 1 a 5 deste artigo. Quedan derogados, nos mesmos termos, os números décimo primeiro e décimo sétimo da orde pola que se realiza a convocatoria para o ano 2019.

#### Artigo 39. *Refinanciamento dos préstamos concedidos pola SXIPEME.*

1. Os beneficiarios de concesións de préstamos a proxectos industriais outorgados pola SXIPEME poderán solicitar modificacións do seu cadro de amortización durante o prazo de 2 anos e medio contados desde a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo; sempre e cando a crise sanitaria provocada polo COVID-19 provocase períodos de inactividade do beneficiario, redución no volume das súas vendas ou interrupcións na subministración na cadea de valor.

Esta solicitude deberá ser resolta de forma expresa polo órgano que ditou a resolución de concesión. O prazo para a resolución será de 6 meses desde a presentación da solicitude. Se transcorrido o dito prazo o órgano competente para resolver non notifica a dita resolución, os interesados estarán lexitimados para entender desestimada a solicitude.

2. A solicitude presentada deberá incorporar:

a) Unha memoria xustificativa en que se motive adecuadamente a dificultade de atender o calendario de pagamentos vixente de acordo co establecido no número anterior. Esta xustificación deberá incluír un balance e conta de perdas e ganancias provisionais xusto antes de que se produciase a situación a que se refire o número 1, unha explicación cualitativa e cuantitativa de como se produciu esta afectación, a súa valoración económica e financeira, así como un plan de actuación para paliar eses efectos.

b) No caso de que o prazo de realización dos investimentos non finalizase, deberá incluírse unha memoria técnica e económica xustificativa dos investimentos realizados con cargo ao préstamo até ese momento e desagregado por partidas. Incluírse unha táboa cos datos dos investimentos e gastos executados (facturas e pagamentos), así como dos compromisos de gasto realizados, todo isto debidamente acreditado.

c) Unha declaración responsable de que a empresa está ao día das súas obrigacións tributarias e coa seguridade social, de que non ten débedas por reintegros de axudas ou préstamos coa Administración, e de que cumpriu coas súas obrigacións de presentación de contas ante o Rexistro Mercantil.

3. Non poderán autorizarse modificacións do calendario nos seguintes casos:

a) Que non exista unha afectación suficientemente acreditada que xustifique esa modificación.

b) Que a empresa non estea ao día das súas obrigacións tributarias e coa seguridade social.

c) Que a empresa teña débedas por reintegro de axudas ou préstamos coa Administración.

d) Que a empresa non teña cumpridas as súas obrigacións de presentación de contas ante o Rexistro Mercantil.

e) Que o vencemento de débeda sexa consecuencia dun reintegro por incumprimento ou renuncia.

f) Que, no caso de proxectos que se encontren dentro do prazo de xustificación de investimentos, non exista un grao de avance suficiente e que non garanta o cumprimento dos obxectivos comprometidos na resolución de concesión.

4. As modificacións do cadro de amortización poderán consistir:

a) Nun aumento do prazo máximo de amortización.

b) Nun aumento do prazo máximo de carencia, se aínda non se produciu vencemento dalgunha cota de principal.

c) Noutras modificacións que cumpran co establecido no punto 5 deste artigo.

5. As modificacións que se concedan realizaranse de forma que se respecten os mesmos niveis máximos de intensidade de axuda e os mesmos niveis de risco que no momento da concesión. A axuda equivalente calcularase no momento da concesión da modificación do cadro de amortización. Para isto poderán realizarse modificacións do tipo de xuro e/ou das garantías asociadas aos préstamos.

6. Durante o prazo de dous anos e medio contados desde a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e sempre que finalizase a verificación técnico-económica do proxecto, permitirase a subrogación dunha entidade de crédito na obrigación de devolución do préstamo por parte do beneficiario. Naqueles préstamos con tipo de xuro, poderase diminuír o tipo de xuro que asumirá a entidade de crédito, respectando o tipo de xuro mínimo exigible para os préstamos outorgados polo Estado, fixado na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

7. Os programas a que se aplica esta medida son os programas da SXIPEME de reindustrialización, competitividade de sectores estratéxicos industriais, competitividade do sector automoción, reindustrialización e fortalecemento da competitividade industrial, industria conectada 4.0 e I+D+i no ámbito da industria manufactureira.

8. Quedan suspendidos polo prazo de dous anos e medio contados desde a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, os artigos das ordes de bases e das convocatorias, en virtude das cales se outorgaron os préstamos afectados por esta medida, en todo o que contradigan o disposto neste artigo.

*Artigo 40. Devolución de gastos e concesión de axudas por cancelación de actividades de promoción do comercio internacional e outros eventos internacionais.*

1. Habilítase o ICEX España Exportación e Investimentos para a devolución ás empresas que incorresen en gastos non recuperables nesta ou futuras edicións das cotas pagadas para a participación nas feiras ou outras actividades de promoción de comercio internacional, que fosen convocadas pola entidade, cando estas sexan canceladas, gravemente afectadas ou aprazadas polo organizador como consecuencia do COVID-19. No suposto de aprazamento a empresa deberá xustificar motivadamente a súa imposibilidade de acudir á nova edición.

2. Habilítanse para conceder e pagar axudas as empresas que fosen participar nos eventos internacionais organizados a través das entidades colaboradoras do ICEX e as propias entidades colaboradoras, en función dos gastos incorridos non recuperables nesta ou en futuras edicións, cando as actividades sexan canceladas como consecuencia do COVID-19.

#### Artigo 41. *Emprendetur.*

Con carácter xeral, suspéndese, sen necesidade de solicitude previa e durante un período dun ano, o pagamento de xuros e amortizacións correspondentes a préstamos concedidos pola Secretaría de Estado de Turismo ao abeiro das disposicións seguintes:

– Orde IET/2481/2012, do 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para proxectos e actuacións dentro do programa Emprendetur I+D+i composto polas liñas Emprendetur I+D e Emprendetur Desenvolvemento de Produtos Innovadores no marco do Plan nacional e integral do turismo (BOE núm. 279, do 20 de novembro de 2012).

– Orde IET/476/2013, do 14 de marzo, pola que se modifica a Orde IET/2482/2012, do 15 de novembro, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas para proxectos e actuacións dentro do programa Emprendetur Mozos Emprendedores no marco do Plan nacional e integral do turismo (BOE núm. 73, do 26 de marzo de 2013).

– E Orde IET/2200/2014, do 20 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para proxectos e actuacións dentro do programa Emprendetur Internacionalización no marco do Plan nacional integral de turismo (BOE núm. 285, do 25 de novembro de 2014).

En consecuencia, os pagamentos en concepto de xuros e amortizacións dos referidos préstamos que deben realizar os prestameiros a partir da entrada en vigor deste real decreto lei serán exixibles na mesma data do ano seguinte ao que figura na resolución de concesión do préstamo, sen que isto implique a devindicación de xuros adicionais.

#### *Sección 2.ª Flexibilización en materia de subministracións*

#### Artigo 42. *Flexibilización dos contratos de subministración de electricidade para autónomos e empresas.*

1. Excepcionalmente e mentres estea en vigor o estado de alarma, os puntos de subministración de electricidade titularidade de autónomos que acrediten a dita condición mediante a súa alta no réxime especial da seguridade social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou asimilable e empresas poderanse acoller ás seguintes medidas:

a) En calquera momento, poderán suspender temporalmente ou modificar os seus contratos de subministración, ou as prórrogas dos ditos contratos, para contratar outra oferta alternativa co comercializador con que teñen contrato vixente, co obxecto de adaptar os seus contratos ás súas novas pautas de consumo, sen que proceda cargo ningún en concepto de penalización.

b) Os distribuidores atenderán as solicitudes de cambio de potencia ou de peaxe de acceso, con independencia de que o consumidor modifícase voluntariamente as condicións técnicas do seu contrato de acceso de terceiros á rede nun prazo inferior a doce meses, e aínda que non se producise ningún cambio na estrutura de peaxes de acceso ou cargos que o afecte. Cando as solicitudes non poidan atenderse por medios remotos, as actuacións de campo que, se for o caso, fosen necesarias, estarán suxeitas aos plans de continxencia adoptados e comunicados polas empresas distribuidoras.

En caso de que o consumidor conte cunha autorización para a aplicación conxunta dunha única tarifa de acceso, de conformidade co establecido no artigo 5.3.4.º do Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, poderá solicitar o cambio de potencia ou de peaxe de acceso sen que medie resolución expresa da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Os distribuidores deberán atender as solicitudes nos termos establecidos neste artigo. En todo caso, os consumidores deberán notificar a esa dirección xeral as solicitudes realizadas aos distribuidores.

2. Unha vez finalizado o estado de alarma, no prazo de tres meses, o consumidor que solicitase a suspensión do seu contrato de subministración poderá solicitar a súa reactivación.

No mesmo prazo de tres meses tras a finalización do estado de alarma, o consumidor que solicitase a modificación do seu contrato de subministración ou a modificación dos parámetros técnicos do contrato de acceso de terceiros á rede prevista no número anterior poderá solicitar unha nova modificación do contrato de subministración ou uns novos valores dos parámetros técnicos do contrato de acceso de terceiros á rede. Cando o consumidor conte cunha autorización para a aplicación conxunta dunha única tarifa de acceso, este deberá notificar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a dita solicitude.

3. As reactivacións do contrato de subministración e as modificacións dos contratos anteriormente sinaladas realizaranse no prazo máximo de cinco días naturais e sen que proceda a repercusión de custo ningún sobre o consumidor, a excepción:

- a) Dos pagamentos por dereitos de extensión por incrementos de potencia contratada por encima do limiar contratado antes do inicio do estado de alarma,
- b) Dos pagamentos por supervisión de instalacións cedidas, se for o caso, e,
- c) No caso de que resulte necesario o cambio dos equipamentos de medida, do pagamento de actuacións sobre os equipamentos de control e medida previstos no capítulo VII do Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía de retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica.

Na aplicación, se for o caso, dos pagamentos anteriormente citados observarase o previsto no capítulo VII do Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía de retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica.

No caso de que a nova modificación de potencia non supere o limiar contratado antes do inicio do estado de alarma, tampouco se aplicará o disposto no artigo 83.5 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración de electricidade e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sobre a revisión das instalacións de máis de vinte anos.

4. Nas leis de orzamentos xerais do Estado que se aproben tras a entrada en vigor deste real decreto lei, e co fin de compensar no sistema eléctrico a redución de ingresos consecuencia das medidas previstas no número 1 anterior, dotarase un crédito na sección orzamentaria do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico polo importe equivalente á redución de ingresos para o sistema eléctrico atribuíble ás ditas medidas no exercicio anterior.

O importe a que se refire o parágrafo anterior será transferido á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e incorporado dunha soa vez, como ingreso, ao sistema de liquidacións do sistema eléctrico xestionado por ese organismo.

#### Artigo 43. *Flexibilización dos contratos de subministración de gas natural.*

1. Excepcionalmente e mentres estea en vigor o estado de alarma, os puntos de subministración de gas natural titularidade de autónomos que acrediten a dita condición mediante a súa alta no réxime especial da seguridade social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou asimilable e empresas poderanse acoller ás seguintes medidas:

- a) O titular do punto de subministración poderá solicitar ao seu comercializador a modificación do caudal diario contratado, a inclusión nun chanzo de peaxe correspondente a un consumo anual inferior ou a suspensión temporal do contrato de subministración sen custo ningún para el.



b) O comercializador poderá solicitar ao distribuidor ou transportista algunha das seguintes medidas:

1.º) O cambio de chanzo de peaxes do termo de condución da peaxe de transporte e distribución;

2.º) A redución de caudal contratado en produtos de capacidade de saída de duración estándar ou de duración indefinida, neste último caso sen que tivesen que transcorrer 12 meses desde a última modificación do caudal contratado e sen que a dita modificación se contabilice para os efectos do prazo mínimo para a solicitude dunha nova modificación;

3.º) A anulación dos produtos de capacidade de saída contratados e a suspensión temporal de contratos de acceso de duración indefinida, sen ningunha restrición.

c) Todos os aforros derivados dos menores pagamentos de peaxes consecuencia da aplicación das medidas anteriores deberán ser repercutidos integramente polo comercializador ao titular do punto de subministración.

2. As modificacións dos contratos anteriormente sinaladas realizaranse sen que produza a repercusión de custo ningún sobre o comercializador ou o consumidor por parte de distribuidores e transportistas, con independencia da data de fin de vixencia do contrato de acceso ou do prazo transcorrido desde a súa sinatura ou última modificación. Cando as solicitudes non poidan atenderse por medios remotos, as actuacións de campo que, se for o caso, fosen necesarias, estarán suxeitas aos plans de continxencia adoptados e comunicados polas empresas distribuidoras.

3. Unha vez finalizado o estado de alarma, no prazo de tres meses, o titular do punto de subministración que solicitase a modificación da capacidade contratada ou do chanzo da peaxe de acceso poderá solicitar o incremento de caudal ou cambio de chanzo de peaxes do grupo 3 sen ningunha limitación temporal ou custo ningún. En caso de suspensión temporal do contrato de acceso, a nova activación do contrato farase no prazo máximo de cinco días naturais e non comportará o aboamento de dereitos de alta ou de acometida, salvo que sexa necesario realizar unha posta en servizo, consecuencia dun peche previo e posta en seguridade da instalación.

4. Nas leis de orzamentos xerais do Estado que se aproben tras a entrada en vigor deste real decreto lei, e co fin de compensar no sistema gasista a redución de ingresos consecuencia das medidas previstas no número 1 anterior, dotarase un crédito na sección orzamentaria do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico polo importe equivalente á redución de ingresos para o sistema gasista atribuíble ás ditas medidas no exercicio anterior.

O importe a que se refire o parágrafo anterior será transferido á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e incorporado dunha soa vez como ingreso ao sistema de liquidacións do sistema gasista xestionado por ese organismo.

**Artigo 44. *Suspensión de facturas de electricidade, gas natural e produtos derivados do petróleo.***

1. Excepcionalmente e mentres estea en vigor o estado de alarma, os puntos de subministración de enerxía eléctrica, gas natural, gases manufacturados e gases licuados do petróleo por canalización, titularidade de autónomos que acrediten a dita condición mediante a súa alta no réxime especial da seguridade social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou asimilable e pequenas e medianas empresas, tal e como se definen no anexo I do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión Europea, poderán solicitar, por medios que non supoñan desprazamento físico, ao seu comercializador ou, se for o caso, ao seu distribuidor, a suspensión do pagamento das facturas que correspondan a períodos de facturación que conteñan días integrados no estado de alarma, incluídos todos os seus conceptos de facturación.

Na solicitude dos consumidores deberán aparecer claramente identificados o titular do punto de subministración e o Código universal de punto de subministración (CUPS).

2. Nestes casos, as comercializadoras de electricidade quedarán eximidas da obrigaón de aboar a peaxe de acceso ás redes de transporte e distribución correspondente ás facturas aprazadas á empresa distribuidora, establecida no parágrafo d) do artigo 46.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, até que o consumidor aboe a factura completa.

As comercializadoras deberán comunicar ás distribuidoras a información relativa aos titulares de puntos de subministración, e os CUPS asociados, que solicitaron a suspensión do pagamento conforme o número anterior.

3. Pola súa parte, as comercializadoras de gas natural quedarán eximidas de aboar o termo de condución da peaxe de transporte e distribución correspondente ás facturas aprazadas á empresa distribuidora ou transportista, establecida na letra f) do artigo 81.2 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, até que o consumidor aboe a factura completa.

As comercializadoras deberán comunicar ás distribuidoras ou transportistas a información relativa aos titulares de puntos de subministración, e os CUPS asociados, que solicitaron a suspensión do pagamento conforme o número anterior.

4. As comercializadoras de electricidade e gas natural e as distribuidoras de gases manufacturados e gases licuados do petróleo por canalización tamén quedarán eximidas da liquidación do IVE, do imposto especial da electricidade, se for o caso, e do imposto especial de hidrocarburos, tamén se for o caso, correspondentes ás facturas cuxo pagamento fose suspendido en virtude desta medida, até que o consumidor as aboase de forma completa, ou transcorresen seis meses desde a finalización do estado de alarma.

5. Unha vez finalizado o dito estado de alarma, as cantidades debidas regularizaranse a partes iguais nas facturas emitidas polas comercializadoras de electricidade e gas natural e as distribuidoras de gases manufacturados e gases licuados do petróleo por canalización, correspondentes aos períodos de facturación en que se integren os seguintes seis meses. Os autónomos e empresas que se acollan á suspensión da facturación recollida neste artigo non poderán cambiar de comercializadora de electricidade ou gas natural, segundo o caso, mentres non se completase a dita regularización.

6. As comercializadoras de electricidade e gas natural, e as distribuidoras de gases manufacturados e gases licuados do petróleo por canalización, cuxos ingresos se vexan reducidos como consecuencia das medidas incluídas no número 1, poderán solicitar os avais definidos no artigo 29 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, ou calquera outra liña de avais creada de forma específica con este fin, polo importe polo que visen reducidos os seus ingresos, tendo en conta as exencións recollidas no punto 2 para as comercializadoras de electricidade e no punto 3 para as comercializadoras de gas natural.

7. As distribuidoras de electricidade e as distribuidoras e transportistas de gas natural, cuxos ingresos provisionais por recadación de peaxes se vexan reducidos como consecuencia das medidas incluídas no número 2, poderán solicitar os avais definidos no artigo 29 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, ou calquera outra liña de avais creada de forma específica con este fin, polo importe polo que visen reducidos os seus ingresos.

#### Artigo 45. *Modificación da data de efectos das especificacións das gasolinas para a temporada de verán de 2020.*

1. Con carácter excepcional para o exercicio 2020, e sen prexuízo da notificación a que se refire o artigo 6 do Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, durante o período comprendido entre o 1 de maio e o 30 de xuño, as características das gasolinas destinadas a seren utilizadas en vehículos equipados cun motor de acendido por chispa que, de acordo co anexo I do Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se determinan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fuel óleos e gases licuados do petróleo e se regula o uso de determinados biocombustibles e o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, teñan límites distintos en verán e en inverno, entenderase que se adecúan a

especificacións sempre que respecten o límite mínimo para verán e o límite máximo para inverno establecidos nel.

2. Por resolución da persoa titular da Secretaría de Estado de Enerxía, poderá modificarse a data de finalización do período establecido no número 1, en función da evolución da demanda de gasolinas, e a duración do estado de alarma establecido polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Así mesmo, a persoa titular da Secretaría de Estado de Enerxía poderá solicitar canta información sexa necesaria aos operadores grosistas e aos titulares de instalacións de transporte ou almacenamento de produtos petrolíferos.

*Artigo 46. Compensación temporal de determinados gastos de cobertura poboacional obrigatoria do servizo de televisión dixital terrestre de ámbito estatal.*

Con carácter excepcional, apróbanse axudas por importe de quince millóns de euros para compensar unha parte dos custos dos prestadores do servizo de comunicación audiovisual de televisión dixital terrestre de ámbito estatal, derivados de manter durante un prazo de seis meses determinadas porcentaxes de cobertura poboacional obrigatoria.

No instrumento en que se regule esta compensación de custos definiranse as actuacións financiáveis, os gastos obxecto de financiamento, as condicións e o procedemento en que materializar as compensacións e concretaranse os beneficiarios.

### CAPÍTULO III

#### Outras medidas

*Artigo 47. Doazóns para apoio fronte ao COVID-19.*

As doazóns de diñeiro que se efectúen para contribuír ao financiamento dos gastos ocasionados pola crise sanitaria provocada polo COVID-19 ingresaranse na conta do Tesouro Público ES17 9000 0001 2002 5001 2346 ou outra que se designe para tal efecto e xerarán crédito de acordo co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro de 2003, xeral orzamentaria, no Ministerio de Sanidade, aplicación orzamentaria 26.09.313A.228 «Gastos orixinados no Sistema nacional de saúde derivados da emerxencia de saúde pública en relación co COVID-19 en España», sen necesidade de aceptación expresa.

As doazóns de equipamento e subministracións destinadas á loita contra o COVID-19 que teñan a consideración de bens mobles entenderanse aceptadas pola súa mera recepción polo Ministerio de Sanidade ou polo órgano ou organismo que este designe como destinatario.

As doazóns de bens inmobles serán aceptadas pola ministra de Facenda, na forma prevista na lexislación do patrimonio das administracións públicas, e os inmobles poderán destinarse directamente á loita contra o COVID-19 ou allearse e aplicar o produto obtido a esta finalidade.

As cantidades obtidas por estas vías quedarán afectadas ao financiamento exclusivo dos gastos derivados da crise sanitaria provocada polo COVID-19 e poderán destinarse a atender gastos tales como equipamentos e infraestruturas sanitarias, material, subministracións, contratación de persoal, investigación e calquera outro que poida contribuír a reforzar as capacidades de resposta á crise derivada do COVID-19.

*Artigo 48. Medidas extraordinarias aplicables en relación cos prazos de formulación e rendición de contas anuais do exercicio 2019 das entidades do sector público estatal e de remisión da Conta Xeral do Estado ao Tribunal de Contas.*

1. As entidades de dereito público pertencentes ao sector público estatal procurarán formular e render as contas anuais de 2019 de acordo cos prazos previstos na normativa. Non obstante, cando con motivo da declaración de estado de alarma isto non for posible e así fose acordado e comunicado polo contadante á Intervención Xeral da Administración

do Estado, quedarán suspendidos os prazos previstos na normativa que resultase de aplicación, desde a declaración do dito estado, e o seu cómputo continuará cando desapareza a dita circunstancia ou ampliárase o prazo previsto nun período equivalente ao da duración efectiva do estado de alarma.

2. Da mesma forma, os prazos previstos na normativa reguladora da remisión das contas e do resto da información financeira ao Tribunal de Contas quedarán suspendidos desde a declaración do estado de alarma, e o seu cómputo continuará cando desapareza a dita circunstancia ou ampliárase o prazo previsto nun período equivalente ao da duración efectiva do estado de alarma.

3. As previsións anteriores serán de aplicación ao sector público local, afectarán tamén os prazos de tramitación da conta xeral na entidade local e poderán ser de aplicación supletoria ao sector público autonómico.

**Artigo 49. *Dispoñibilidades líquidas dos organismos autónomos e outras entidades integrantes do sector público estatal.***

Coa finalidade de atender os gastos para combater a crise sanitaria provocada polo COVID-19, dispónse a transferencia á conta do Tesouro Público que se determine das dispoñibilidades líquidas dos organismos autónomos e outras entidades integrantes do sector público estatal, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Autorízase a ministra de Facenda para requirir o ingreso no Tesouro Público da totalidade ou parte das dispoñibilidades líquidas, a excepción das procedentes de cotizacións e conceptos de recadación conxunta, cando puidesen non ser necesarias para financiar o exercicio da actividade indicada.

Este importe poderá xerar crédito na sección 35 «Fondo de Continxencia» para atender exclusivamente gastos e actuacións que sexan necesarios para facer fronte a esta crise sanitaria que ten o seu efecto en todos os ámbitos da sociedade, co fin de paliar os efectos dela no emprego, nas persoas e sectores máis afectados, ou para atender calquera gasto que sexa necesario para reforzar as capacidades de resposta a esta crise derivada do COVID-19.

A ministra de Facenda autorizará as modificacións orzamentarias que resulten necesarias.

Excepcionalmente, até a entrada en vigor da nova Lei de orzamentos xerais do Estado, o importe da sección 35 «Fondo de Continxencia» poderá superar o límite previsto no artigo 50.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

**Artigo 50. *Aprazamento extraordinario do calendario de reembolso en préstamos concedidos por comunidades autónomas e entidades locais a empresarios e autónomos afectados pola crise sanitaria provocada polo COVID-19.***

1. Aquelas empresas e traballadores autónomos que sexan prestameiros de créditos ou préstamos financeiros cuxa titularidade corresponda a unha comunidade autónoma ou entidade local poderán solicitar o aprazamento do pagamento de principal e/ou xuros que debe satisfacer no que resta de 2020. Para optar a este aprazamento extraordinario é necesario que a crise sanitaria provocada polo COVID-19 ou as medidas adoptadas para paliar a orixinasen nas ditas empresas ou autónomos períodos de inactividade, redución significativa no volume das vendas ou interrupcións na subministración na cadea de valor que lles dificulte ou impida atender o seu pagamento. A dita solicitude deberá efectuarse sempre antes de que finalice o prazo de pagamento en período voluntario e deberá ser estimada de forma expresa polo órgano que ditou a resolución de concesión nos termos establecidos neste artigo.

2. Este precepto só afectará os préstamos financeiros concedidos exclusivamente por entidades incluídas no sector administracións públicas conforme o establecido nas letras a), b) e c) do artigo 2.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e que teñan a consideración contable de

pasivos financeiros nos prestameiros, que serán entidades empresariais que non formen parte do sector público e traballadores autónomos.

O aprazamento extraordinario regulado neste precepto non será aplicable cando a Administración pública prestamista xa adoptase unha medida similar.

En caso de que os préstamos financeiros se concedesen no marco de convenios con entidades de crédito, calquera aprazamento ou modificación realizárase de acordo coas ditas entidades.

Sen prexuízo das medidas que adopte a Administración correspondente, tampouco será aplicable a préstamos participativos, operacións de capital risco, instrumentos de cobertura, derivados, subvencións, avais financeiros e, en xeral, calquera operación de carácter financeiro que non se axuste a préstamos financeiros en termos de mercado.

3. A solicitude presentada deberá incorporar:

a) Unha memoria xustificativa en que se acredite a insuficiencia de recursos ordinarios ou dificultade grave para atender ao pagamento dos vencementos de acordo co establecido no número anterior. Esta xustificación deberá incluír un estado das contas xusto antes de que se producise a situación a que se refire o número 1, unha explicación cualitativa e cuantitativa de como se produciu esta afectación, a súa valoración económica e financeira, así como un plan de actuación para paliar eses efectos. Poderá incluírse calquera documento que se axuste a dereito que acredite a insuficiencia ou dificultade grave. A Administración afectada poderá aprobar un formulario normalizado da solicitude e outra documentación anexa.

b) Unha declaración responsable de que a empresa está ao día das súas obrigacións tributarias e coa seguridade social, de que non ten débedas por reintegros de axudas ou préstamos coa Administración e de que cumpriu, se for o caso, coas súas obrigacións de presentación de contas ante o Rexistro Mercantil.

c) Declaración responsable de que se respectan os límites de intensidade de axuda permitidos e o resto de regulación establecida pola normativa comunitaria en materia de axudas de Estado.

En caso de que a documentación anterior inclúa datos falsos ou nesgados e que servisen de fundamento para a concesión do aprazamento, determinará o vencemento anticipado da totalidade do préstamo, sen prexuízo doutras responsabilidades aplicables.

4. O aprazamento poderá ser concedido polo órgano concedente da Administración prestamista, logo do informe favorable da consellería ou concellaría que teña competencias en materia de facenda e orzamentos. O prazo máximo para a resolución do procedemento e a súa notificación é dun mes contado a partir da presentación da solicitude. Se transcorrido o dito prazo o órgano competente para resolver non notificase a dita resolución, os interesados estarán lexitimados para entender desestimada a solicitude. Desde a solicitude do aprazamento até 15 días despois da súa resolución expresa ou presunta serán inaplicables as cláusulas de vencemento anticipado vinculadas ao impagamento dos vencementos do préstamo.

5. A estimación da solicitude comportará a modificación do calendario de reembolsos, respectando o prazo máximo do préstamo, e as cotas aprazadas poderán ser obxecto de fraccionamento. As cotas aprazadas devindicarán o tipo de xuro fixado para o préstamo ou crédito obxecto do aprazamento. En ningún caso se aplicarán gastos nin custos financeiros.

*Artigo 51. Reforzo das obrigacións de subministración de información económico-financeira.*

1. As comunidades autónomas e corporacións locais subministrarán ao Ministerio de Facenda, coa periodicidade que este determine, a información económico-financeira que se requira sobre os efectos derivados das actuacións acometidas en relación co COVID-19, así como toda a información que resulte necesaria para o cumprimento das disposicións previstas neste real decreto lei ou para atender calquera outro requirimento de información exixido pola normativa ou institucións, tanto comunitarias como internacionais.

2. En concreto, sen prexuízo doutra información económico-financeira que se determine ou de posteriores modificacións que se adopten ao respecto, será remitida, con periodicidade mensual, por parte das comunidades autónomas a información recollida no anexo I deste real decreto lei; con anterioridade ao día 15 de cada mes remitirase a información referida ao mes anterior. As entidades locais remitirán a información recollida nos anexos II e III con periodicidade trimestral.

3. A remisión da información económico-financeira de cada comunidade autónoma ou corporación local prevista neste real decreto lei centralizarase a través de:

a) No caso das comunidades autónomas, a intervención xeral ou unidade equivalente que teña competencias en materia de contabilidade.

b) Nas corporacións locais, a intervención ou unidade que exerza as súas funcións.

4. Habilitase o órgano competente do Ministerio de Facenda para ditar as instrucións ou resolucións que resulten necesarias para a concreción, procedemento e prazo de remisión da información que deben subministrar as comunidades autónomas e corporacións locais, así como para a ampliación ou modificación dos formularios.

5. O Ministerio de Facenda poderá difundir ou publicar a información remitida en virtude do presente real decreto lei co alcance, contido e metodoloxía que determine.

6. A información será remitida por medios electrónicos a través dos modelos normalizados e do sistema que o Ministerio de Facenda habilite para o efecto, e mediante sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, de acordo coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, salvo naqueles casos en que o Ministerio de Facenda considere que non é necesaria a súa utilización.

7. O incumprimento das obrigacións de subministración de información, tanto no referido aos prazos establecidos, ao correcto contido e á idoneidade dos datos ou ao modo de envío derivadas das disposicións deste real decreto lei poderá comportar a imposición das medidas previstas nos artigos 20 e seguintes da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, logo de requirimento á comunidade autónoma ou corporación local para o seu cumprimento nun prazo de 10 días hábiles. Sen prexuízo da posible responsabilidade persoal que corresponda, o Ministerio de Facenda poderá dar publicidade aos requirimentos efectuados ou ao seu incumprimento.

#### Artigo 52. *Aprazamento de débedas derivadas de declaracións alfandegueiras.*

1. No ámbito das competencias da Administración tributaria do Estado, para os efectos dos aprazamentos a que se refire o artigo 65 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, concederase o aprazamento do ingreso da débeda alfandegueira e tributaria correspondente ás declaracións alfandegueiras presentadas desde a data de entrada en vigor do presente real decreto lei e até o día 30 de maio de 2020, ambos incluídos, sempre que as solicitudes presentadas até esa data reúnan os requisitos a que se refire o artigo 82.2.a) da citada Lei 58/2003 e o importe da débeda que se vai aprazar sexa superior a 100 euros.

2. O previsto no número anterior non resulta aplicable ás cotas do imposto sobre o valor engadido que se liquiden conforme o previsto no artigo 167.dous, segundo parágrafo, da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

3. Este aprazamento solicitarase na propia declaración alfandegueira e a súa concesión notificarase na forma prevista para a notificación da débeda alfandegueira, de acordo co artigo 102 do Regulamento (UE) n.º 952/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de outubro de 2013, polo que se establece o código alfandegueiro da Unión.

4. Para efectos do previsto no número 3 do artigo 65 da Lei 58/2003, a garantía achegada para a obtención do levantamento da mercadoría será válida para a obtención do aprazamento, e quedará afecta ao pagamento da débeda alfandegueira e tributaria correspondente até o cumprimento íntegro polo obrigado do aprazamento concedido, sen prexuízo do previsto no número 3 do artigo 112 do Regulamento (UE) n.º 952/2013 do

Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de outubro de 2013, polo que se establece o código alfandegueiro da Unión.

5. Será requisito necesario para a concesión do aprazamento que o destinatario da mercadoría importada sexa persoa ou entidade con volume de operacións non superior a 6.010.121,04 euros no ano 2019.

6. As condicións do aprazamento serán as seguintes:

a) O prazo será de seis meses desde a finalización do prazo de ingreso que corresponda conforme o previsto no artigo 108 do Regulamento (UE) n.º 952/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de outubro de 2013, polo que se establece o código alfandegueiro da Unión.

b) Non se devindicarán xuros de demora durante os primeiros tres meses do aprazamento.

**Artigo 53.** *Suspensión de prazos no ámbito tributario das comunidades autónomas e das entidades locais.*

O disposto no artigo 33 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, será de aplicación ás actuacións, trámites e procedementos que se rexan polo establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e os seus regulamentos de desenvolvemento e que sexan realizados e tramitados polas administracións tributarias das comunidades autónomas e entidades locais. Así mesmo será aplicable, en relación con estas últimas, ás actuacións, trámites e procedementos que se rexan polo texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**Artigo 54.** *Medidas en materia de subvencións e axudas públicas.*

1. Nos procedementos de concesión de subvencións, as ordes e resolucións de convocatoria e concesión de subvencións e axudas públicas previstas no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que xa fosen outorgadas no momento da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, poderán ser modificadas para ampliar os prazos de execución da actividade subvencionada e, se for o caso, de xustificación e comprobación da dita execución, aínda que non se recollese nas correspondentes bases reguladores.

Para estes efectos, o órgano competente deberá xustificar unicamente a imposibilidade de realizar a actividade subvencionada durante a vixencia do estado de alarma, así como a insuficiencia do prazo que reste tras a súa finalización para a realización da actividade subvencionada ou a súa xustificación ou comprobación.

2. Tamén poderán ser modificadas, por instancia do beneficiario, as resolucións e convenios de concesión de subvencións previstas no artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, sen necesidade de que sexa modificado, se for o caso, o real decreto previsto no artigo 28.2 da dita lei, nas mesmas condicións e cos mesmos requisitos previstos no número anterior. Non obstante, no caso de que o obxecto da subvención sexa o financiamento dos gastos de funcionamento dunha entidade, o prazo de execución establecido inicialmente non poderá ser modificado.

3. A adopción destas modificacións non está suxeita aos requisitos previstos no número 4 da disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020 e non afecta a suspensión dos prazos establecida no número 1 da mencionada disposición adicional.

**Disposición adicional primeira.** *Liña de garantías COVID-19 de Cersa.*

Para ampliar a partida orzamentaria do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo destinada a dotar o Fondo de Provisións Técnicas da Compañía Española de Reafianzamiento, S.M.E.,S.A. (Cersa) concédese un suplemento de crédito por importe de 60M€ no concepto 747.01 «á Compañía de Reafianzamiento, Cersa» do programa 433M

«Apoio á pequena e mediana empresa» financiado en calquera das formas que establece o artigo 55 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición adicional segunda. *Aplicación das condicións xerais do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021.*

Aos novos programas de axuda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 que se relacionan neste real decreto lei, xa sexa por incorporación, substitución ou modificación, seranlles de aplicación as disposicións que, con carácter xeral, se regulan no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, salvo as excepcións específicas reguladas neste real decreto lei.

Disposición adicional terceira. *Incorporación de novos programas de axuda aos convenios subscritos entre o daquela Ministerio de Fomento e as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla para a execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021.*

Os novos programas de axuda do Plan estatal de vivenda 2018-2021, que se relacionan neste real decreto lei, xa sexa por incorporación, substitución ou modificación, poderán ser obxecto dos convenios subscritos entre o Ministerio de Fomento e as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e de Melilla para a execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021. Poderán, por tanto, ser financiados con cargo aos fondos comprometidos por ambas as administracións nos ditos convenios.

Para tal efecto, as comisións bilaterais de seguimento, reguladas no artigo 74 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, e na cláusula décimo quinta de cada convenio que para a execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021 subscribiu o daquela Ministerio de Fomento con cada comunidade autónoma e con Ceuta e Melilla, poderán incorporar os novos programas de axuda nos reaxustes orzamentarios que acorde sobre o inicialmente previsto, entre os distintos programas, respectando sempre o marco xeral establecido no convenio de colaboración e sen que as reordenacións que se acorden poidan supor un incremento nas dotacións orzamentarias que achegue o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda urbana cada ano nin se prolonguen máis alá do exercicio 2021.

Disposición adicional cuarta. *Reaxustes na repartición dos fondos dispoñibles en cada convenio entre os programas do Plan estatal de vivenda 2018-2021 sobre a repartición inicialmente prevista.*

A Comisión Bilateral de Seguimento, prevista nos convenios de colaboración que xa estean subscritos ou que se vaian subscribir entre o daquela Ministerio de Fomento, hoxe Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, e as comunidades autónomas ou as cidades de Ceuta e de Melilla para a execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021, incluídas, de ser o caso, as súas eventuais modificacións, poderá acordar reaxustes na repartición de fondos inicialmente prevista entre os distintos programas de axuda, así como outros axustes que resulten necesarios, polas modificacións que se se poidan producir no financiamento do Plan, respectando sempre o marco xeral establecido no convenio de colaboración e sen que os reaxustes na repartición poidan supor un incremento das dotacións orzamentarias que achegará o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana en cada ano, nin se prolonguen máis alá do exercicio 2021.

Estes acordos de reaxuste na repartición de fondos entre programas poderanse producir mesmo con posterioridade á finalización do exercicio obxecto de reaxuste, especialmente con motivo da liquidación dos convenios de colaboración.

Disposición adicional quinta. *Comprobación de requisitos para a concesión de axudas ao alugamento do Plan estatal de vivenda 2018-2021.*

1. Os requisitos que deben cumprir os beneficiarios de calquera axuda ao alugamento financiada con cargo ao Plan estatal de vivenda 2018-2021, incluídos os do Programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social do COVID-19 nos



alugamentos de vivenda habitual, poderán ser verificados polas comunidades autónomas e polas cidades de Ceuta e de Melilla con posterioridade á resolución de concesión da axuda, e esta quedará condicionada ao seu cumprimento.

2. As comunidades autónomas ou as cidades de Ceuta e Melilla que, como consecuencia da comprobación dos requisitos con posterioridade á resolución de concesión da axuda e, se for o caso, ao seu pagamento total ou parcial, detecten o seu incumprimento, deberán resolver a anulación ou suspensión da concesión da axuda desde a data en que se producise o incumprimento e solicitar, se for o caso, o reintegro ou devolución que proceda conforme a normativa de aplicación.

Disposición adicional sexta. *Réxime aplicable aos usuarios de vivenda militar suxeitos á Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas.*

As medidas previstas neste real decreto lei aplicaranse ás persoas físicas que sexan usuarios de vivenda militar suxeitos á Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas, que se encontren nos supostos de vulnerabilidade económica establecidos no artigo 5 deste real decreto lei.

Disposición adicional sétima. *Fondos provenientes da recadación da cota de formación profesional para o emprego para o ano 2020.*

Un. Con carácter excepcional e extraordinario, debido ao impacto económico das medidas aprobadas para facer fronte á crise sanitaria provocada polo COVID-19, os ingresos derivados da cotización por formación profesional obtidos no exercicio 2020 poderán destinarse ao financiamento de calquera das prestacións e accións do sistema de protección por desemprego definidas no artigo 265 do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, ou para financiar programas que fomenten a contratación de persoas desempregadas ou as axuden a recuperar emprego.

Dous. Dáse nova redacción ao número un da disposición adicional centésimo vixésimo cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, que queda redactado como segue:

«Sen prexuízo doutras fontes de financiamento, os fondos provenientes da cota de formación profesional destinaranse, na proporción que regulamentariamente se determine, a financiar os gastos do sistema de formación profesional para o emprego regulado pola Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, incluídos os correspondentes a programas públicos de emprego e formación, todo isto co obxecto de impulsar e estender entre as empresas e os traballadores ocupados e desempregados unha formación que responda ás súas necesidades do mercado laboral e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento.»

Disposición adicional oitava. *Ampliación do prazo para recorrer.*

1. O cómputo do prazo para interpor recursos en vía administrativa ou para instar calquera outro procedemento de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraje que o substitúa de acordo co previsto nas leis, en calquera procedemento do cal poidan derivar efectos desfavorables ou de gravame para o interesado, computarase desde o día hábil seguinte á data de finalización da declaración do estado de alarma, con independencia do tempo que transcorrese desde a notificación da actuación administrativa obxecto de recurso ou impugnación con anterioridade á declaración do estado de alarma. O anterior enténdese sen prexuízo da eficacia e executividade do acto administrativo obxecto de recurso ou impugnación.

2. En particular, no ámbito tributario, desde a entrada en vigor do Real decreto 463/2020 do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, até o 30 de abril de 2020, o prazo para interpor recursos de reposición ou reclamacións económico-administrativas que se rexan pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e os seus regulamentos de desenvolvemento empezará a contar desde o 30 de abril de 2020 e aplicarase tanto nos supostos onde se iniciase o prazo para recorrer dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do acto ou resolución impugnada e non finalizase o citado prazo o 13 de marzo de 2020, como nos supostos onde non se notificase aínda o acto administrativo ou resolución obxecto de recurso ou reclamación. Idéntica medida será aplicable aos recursos de reposición e reclamacións que, no ámbito tributario, se regulan no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Disposición adicional novena. *Aplicación do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, a determinados procedementos e actos.*

1. O período comprendido desde a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, até o 30 de abril de 2020 non computará para efectos da duración máxima do prazo para a execución das resolucións de órganos económico-administrativos.

2. Desde a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, até o 30 de abril de 2020 quedan suspendidos os prazos de prescrición e caducidade de calquera acción e dereito recollidos na normativa tributaria.

3. O previsto nos números anteriores será de aplicación aos procedementos, actuacións e trámites que se rexan polo establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e os seus regulamentos de desenvolvemento, e que sexan realizados e tramitados por parte da Axencia Estatal de Administración Tributaria, do Ministerio de Facenda, ou polas administracións tributarias das comunidades autónomas e das entidades locais, así como, no caso destas últimas, aos que se rexan polo texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4. O previsto no artigo 33 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, para as débedas tributarias, resultará de aplicación aos demais recursos de natureza pública.

Disposición adicional décima. *Ampliación de prazos aplicables aos pagamentos que se deben xustificar.*

Os prazos previstos no artigo 79.4 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para a rendición de contas xustificativas que venzan durante o período de duración do estado de alarma ou transcorran en parte dentro do dito período disporán dun prazo adicional dun mes para a súa rendición e, en todo caso, até transcorrido un mes desde a finalización do estado de alarma. Esta ampliación comportará, igualmente, a dos prazos previstos nos artigos 3.1 e 7.1 do Real decreto 938/2005, do 29 de xullo, sobre o seguimento e aplicación contable dos fondos dispoñibles nos servizos do exterior, relativos á obrigaición de remisión da «conta de xestión» dos fondos dispoñibles nos servizos no exterior e á obrigaición de transferir ao Tesouro Público ou á conta do correspondente organismo ou entidade aqueles fondos que non se puidesen compensar dentro do período indicado no citado artigo 7.1.

Disposición adicional décimo primeira. *Medidas provisionais para a expedición de certificados electrónicos cualificados.*

Durante a vixencia do estado de alarma, decretado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, permitirase a expedición de certificados electrónicos cualificados de acordo co previsto no artigo 24.1.d) do Regulamento (UE) 910/2014, do 23 de xullo, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior. Para tal efecto, o organismo supervisor aceptará aqueles métodos de identificación por videoconferencia baseados nos procedementos autorizados polo Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias ou recoñecidos para a expedición de certificados cualificados por outro Estado membro da Unión Europea. A equivalencia no nivel de seguridade será certificada por un organismo de avaliación da conformidade. Os certificados así emitidos serán revogados polo prestador de servizos ao finalizar o estado de alarma, e o seu uso limitarase exclusivamente ás relacións entre o titular e as administracións públicas.

Disposición adicional décimo segunda. *Regras aplicables á duración de determinados contratos de persoal docente e investigador celebrados polas universidades.*

Os contratos de axudantes, profesores axudantes doutores, profesores asociados e profesores visitantes, celebrados conforme os artigos 49, 50, 53 e 54 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, cuxa duración máxima estea previsto que finalice durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, nos termos establecidos no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, prorrogaranse de acordo coas regras establecidas nos números seguintes, salvo pacto en contrario.

Esta prórroga realizarase por unha extensión equivalente ao tempo de duración do estado de alarma e, se for o caso, das súas prórrogas. Excepcionalmente, por motivos xustificadas, as partes poderán acordar, con carácter previo á data de finalización do contrato, unha prórroga deste por até tres meses adicionais ao tempo de duración do estado de alarma e das súas prórrogas.

A duración dos contratos prorrogados en aplicación desta disposición adicional poderá exceder os límites máximos previstos para estes na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

Disposición adicional décimo terceira. *Regras aplicables aos contratos de traballo subscritos con cargo ao financiamento de convocatorias públicas de recursos humanos no ámbito da investigación e á integración de persoal contratado no Sistema nacional de saúde.*

1. As entidades que subscribisen contratos de traballo de duración determinada con cargo ao financiamento procedente de convocatorias de axudas de recursos humanos realizadas por axentes de financiamento do Sistema estatal de ciencia, tecnoloxía e innovación, baixo calquera modalidade laboral e no marco da Lei 14/2011, do 12 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, poderán prorrogar a súa vixencia nas condicións previstas nesta disposición adicional, exclusivamente cando reste un ano ou menos para a finalización dos correspondentes contratos de traballo.

2. A prórroga dos contratos poderá ser acordada polo tempo de duración do estado de alarma e das súas prórrogas vinculadas á emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19, nos termos previstos no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Por motivos xustificadas, poderanse prorrogar os contratos por até tres meses adicionais ao tempo de duración do estado de alarma e das súas prórrogas.

Ademais, cando os contratos fosen suspendidos para posibilitar que as persoas contratadas se integren no Sistema nacional de saúde para atender as continxencias

derivadas da situación de emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19, o tempo de suspensión engadirase ao establecido no parágrafo anterior.

3. En todo caso, a duración total do contrato de traballo e da súa eventual prórroga poderá exceder os límites temporais máximos previstos na Lei 14/2011, do 1 de xuño.

4. A prórroga dos contratos laborais requirirá da subscripción do correspondente acordo entre a entidade contratante e a persoa empregada, con carácter previo á data prevista de finalización do contrato.

5. Os custos laborais e sociais derivados da dita prórroga serán financiados con cargo aos orzamentos do órgano, organismo ou entidade convocante, nas mesmas condicións económicas que a convocatoria correspondente. Autorízanse os titulares dos órganos superiores e directivos, presidentes e directores dos organismos convocantes para a realización das modificacións e variacións orzamentarias que resulten necesarias para dar lugar ao dito financiamento, incluídas as que se leven a cabo con cargo a remanentes de tesouraría, así como a reanualización dos expedientes de gasto correspondentes.

6. Os órganos e entidades convocantes poderán ditar as resolucións que resulten precisas para adaptar as condicións previstas nas súas correspondentes convocatorias de axudas recollidas neste real decreto lei, e poderán modificar, mediante as ditas resolucións, as condicións e prazos da execución e xustificación das axudas, así como cantas cuestións poidan afectar o adecuado desenvolvemento dos contratos nas súas distintas modalidades e outros conceptos de gasto por motivo da situación de estado de alarma e da aplicación do disposto nesta disposición.

*Disposición adicional décimo cuarta. Aplicación da disposición adicional sexta do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, ás empresas dos sectores das artes escénicas, musicais e do cinematográfico e audiovisual.*

O compromiso do mantemento do emprego establecido na disposición adicional sexta do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, valorarase con atención ás características específicas dos distintos sectores e a normativa laboral aplicable, tendo en conta, en particular, as especificidades daquelas empresas que presentan unha alta variabilidade ou estacionalidade do emprego ou unha relación directa con eventos ou espectáculos concretos, como sucede, entre outros, no ámbito das artes escénicas, musicais, cinematográfico e audiovisual.

En particular, no caso de contratos temporais o compromiso de mantemento do emprego non se entenderá incumprido cando o contrato se extinga por expiración do tempo convido ou a realización da obra ou servizo que constitúe o seu obxecto ou cando non se poida realizar de forma inmediata a actividade obxecto de contratación.

En todo caso, as medidas previstas nos artigos 22 a 28 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, resultarán de aplicación a todas as persoas traballadoras, con independencia da duración determinada ou indefinida dos seus contratos.

*Disposición adicional décimo quinta. Efectos da compatibilidade da pensión de xubilación co nomeamento como persoal estatutario dos profesionais sanitarios realizado ao abeiro da Orde SND/232/2020, do 15 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos e medios para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.*

1. Os profesionais sanitarios xubilados médicos/as e enfermeiros/as e o persoal emérito, que reincorpore ao servizo activo a autoridade competente da comunidade autónoma, ou o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria (Inxesa) nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla, a través do nomeamento estatutario correspondente terán dereito a percibir o importe da pensión de xubilación que estivesen percibindo ao tempo da

incorporación ao traballo, en calquera das súas modalidades, incluído, se for o caso, o complemento a mínimos.

2. Non lles será de aplicación o previsto nos artigos 213 e 214 do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

3. O beneficiario terá a consideración de pensionista para todos os efectos.

4. Durante a realización deste traballo, aplicarase o réxime de limitación das pensións, incompatibilidades e o exercicio do dereito de opción, previstos no Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

A protección destes traballadores, con ocasión ou por consecuencia do traballo desempeñado, consistirá:

a) Cando se expida un parte de baixa médica cualificada como accidente de traballo, causarán dereito á correspondente prestación de incapacidade temporal derivada de accidente de traballo que será compatible coa percepción da pensión de xubilación que viñesen percibindo ao tempo da súa incorporación.

b) Cando se expida un parte de baixa médica cualificada de enfermidade común, e sempre que acredite as cotizacións exixidas na letra a) do artigo 172 do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, causarán dereito á correspondente prestación de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns que será compatible coa percepción da pensión de xubilación que viñesen percibindo ao tempo da súa incorporación.

c) Cando fosen declarados en situación de incapacidade permanente, poderán optar por continuar coa percepción da pensión de xubilación ou por beneficiarse da correspondente pensión de incapacidade permanente derivada de accidente de traballo.

d) Cando os profesionais xubilados falezan con ocasión ou por consecuencia do traballo desempeñado pola dita reincorporación, poderán causar as correspondentes prestacións de morte e supervivencia derivadas de accidente de traballo.

Disposición adicional décimo sexta. *Habilitación aos autorizados do Sistema RED.*

Os autorizados para actuar a través do Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da seguridade social (Sistema RED), regulado pola Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, estarán habilitados para efectuar por medios electrónicos as solicitudes e demais trámites correspondentes aos aprazamentos no pagamento de débedas, ás moratorias no pagamento de cotizacións e ás devolucións de ingresos indebidos coa seguridade social correspondentes aos suxeitos responsables do cumprimento da obrigación de cotizar en cuxo nome actúen.

A habilitación a que se refire o parágrafo anterior poderá estenderse a outras actuacións que se determinen mediante resolución do director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Disposición adicional décimo sétima. *Criterios de gradación dos posibles incumprimentos en programas de financiamento da SXIPEME.*

Modifícanse o artigo 23 da Orde ICT/1100/2018, do 18 de outubro; o artigo 29 da Orde EIC/742/2017, do 28 de xullo, e o artigo 28 da Orde ICT/859/2019, do 1 de agosto, incluíndo neles un novo punto 3 que queda redactado da seguinte maneira:

«3. Para os proxectos que se encontren en período de execución no momento da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, sempre que o grao de cumprimento acreditado polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se constante que se

alcanzaron os obxectivos do proxecto inicialmente formulados, considerarase un cumprimento do 100% do proxecto, sen proporse reintegro ningún.»

Para estes efectos, considerarase incumprimento total o equivalente a unha porcentaxe inferior ao 60 por cento de realización do investimento financiable, e cumprimento aproximado de modo significativo ao total o equivalente a un 80 por cento ou superior. En casos de cumprimento situado entre esas dúas porcentaxes, aplicarse o reintegro parcial descrito no número anterior.

Disposición adicional décimo oitava. *Colaboración de empregadas e empregados públicos.*

As empregadas e empregados públicos en servizo activo que soliciten colaborar tanto no ámbito da súa Administración de orixe como en calquera outra Administración, nas áreas de carácter sanitario, sociosanitario, de emprego, para a protección de colectivos vulnerables e aqueloutras que requiran un reforzo en materia de persoal como consecuencia da situación provocada polo COVID-19, seguirán devindicando as súas retribucións polo organismo de orixe, non supoñendo modificación da súa situación administrativa ou contrato de traballo mentres dure a declaración de Estado de alarma.

A prestación do servizo poderase levar a cabo tanto de maneira presencial como a través de modalidades non presenciais de traballo, logo de autorización do seu superior xerárquico e comunicación ao órgano competente en materia de persoal.

Disposición adicional décimo novena. *Axilización procesual.*

Unha vez que se deixase sen efecto a declaración do estado de alarma e das súas prórrogas que, se for o caso, acordase o Goberno, por proposta do ministerio de Xustiza, aprobará coa maior brevidade posible e en todo caso no prazo máximo de 15 días, un plan de actuación para axilizar a actividade xudicial nas ordes xurisdicionais social e contencioso-administrativa, así como no ámbito dos xulgados do mercantil coa finalidade de contribuír ao obxectivo dunha rápida recuperación económica tras a superación da crise.

Disposición adicional vixésima. *Dispoñibilidade dos plans de pensións en caso de desemprego ou cesamento de actividade derivados da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.*

1. Durante o prazo de seis meses desde a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, os partícipes dos plans de pensións poderán, excepcionalmente, facer efectivos os seus dereitos consolidados nos seguintes supostos:

a) Encontrarse en situación legal de desemprego como consecuencia dun expediente de regulación temporal de emprego derivado da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

b) Ser empresario titular de establecementos cuxa apertura ao público se vise suspendida como consecuencia do establecido no artigo 10 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

c) No caso dos traballadores por conta propia que estivesen previamente integrados nun réxime da seguridade social como tales e cesasen na súa actividade como consecuencia da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

2. O importe dos dereitos consolidados dispoñible non poderá ser superior a:

a) Os salarios deixados de percibir mentres se manteña a vixencia do expediente de regulación temporal de emprego para o suposto previsto no número 1.a).

b) Os ingresos netos estimados que se deixasen de percibir mentres se manteña a suspensión de apertura ao público para o suposto recollido no número 1.b).

c) Os ingresos netos estimados que se deixasen de percibir mentres se manteña a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 para o suposto recollido no número 1.c).

Os importes establecidos nos parágrafos anteriores deberán ser acreditados polos partícipes dos plans de pensións que soliciten a disposición dos seus dereitos consolidados.

3. Regulamentariamente poderán regularse as condicións e termos en que poderán facerse efectivos os dereitos consolidados nos supostos indicados no número 1.

En todo caso, o reembolso de dereitos consolidados farase efectivo por solicitude do partícipe, suxeitándose ao réxime fiscal establecido para as prestacións dos plans de pensións. O reembolso deberá efectuarse dentro do prazo máximo de sete días hábiles desde que o partícipe presente a documentación acreditativa correspondente.

4. O disposto nesta disposición será igualmente aplicable aos asegurados dos plans de previsión asegurados, plans de previsión social empresarial e mutualidades de previsión social a que se refire o artigo 51 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

5. O Goberno, por proposta da ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, poderá ampliar o prazo previsto no número 1 para solicitar o cobramento dos plans de pensións, tendo en conta as necesidades de renda dispoñible ante a situación derivada das circunstancias da actividade económica provocadas como consecuencia da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Incapacidade temporal en situación excepcional de confinamento total.*

Con carácter excepcional, e con efectos desde o inicio da situación de confinamento, e mediante o correspondente parte de baixa, estenderase esta protección a aqueles traballadores obrigados a desprazárense de localidade e que teñan obrigación de prestar os servizos esenciais a que se refire o Real decreto lei 10/2020, sempre que se acordase o confinamento da poboación onde teña o seu domicilio e lles fose denegada de forma expresa a posibilidade de desprazárense pola autoridade competente, non poidan realizar o seu traballo de forma telemática por causas non imputables á empresa para a que prestan os seus servizos ou ao propio traballador e non teñan dereito a percibiren ningunha outra prestación pública.

A acreditación do acordo de confinamento da poboación onde ten o domicilio e a denegación da posibilidade de desprazamento realizarase mediante certificación expedida polo concello do domicilio ante o correspondente órgano do servizo público de saúde. De igual forma, a imposibilidade de realización do traballo de forma telemática acreditarase mediante unha certificación da empresa ou unha declaración responsable no caso dos traballadores por conta propia ante o mesmo órgano do servizo público de saúde.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Compatibilidade do subsidio por coidado de menor e prestación por desemprego ou cesamento de actividade durante a permanencia do estado de alarma.*

1. Durante a permanencia do estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, o subsidio por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave, que percibisen os traballadores por conta allea en 14 de marzo de 2020, non se verá afectado pola suspensión do contrato e redución de xornada que teñan a súa causa no previsto nos artigos 22 e 23 do Real decreto 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

Nestes casos, o expediente de regulación temporal de emprego que tramite o empresario, xa sexa por suspensión de contratos ou redución temporal da xornada de traballo, só afectará o traballador beneficiario deste subsidio na parte da xornada non afectada polo coidado do menor.

Será, por tanto, compatible a percepción do subsidio por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave coa percepción da prestación por desemprego que, como consecuencia da redución da xornada, afectada por un expediente de regulación temporal de emprego, puidese ter dereito a percibir.

Para tal efecto, a empresa, ao tempo de presentar a solicitude, indicará as persoas que teñan reducida a xornada de traballo como consecuencia de seren titulares do subsidio por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave, e sinalaralles a parte da xornada que se ve afectada polo expediente de regulación temporal de emprego.

Durante o tempo que permaneza o estado de alarma non existirá obrigaçión de cotizar e terase o período por cotizado para todos os efectos.

2. O disposto no número anterior será de aplicación aos traballadores autónomos que percibisen o subsidio por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave en 14 de marzo de 2020.

*Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio aplicable ao programa de axuda ás persoas en situación de desafiuzamento ou lanzamento da vivenda.*

As axudas recoñecidas ao abeiro do programa de axuda ás persoas en situación de desafiuzamento ou lanzamento da súa vivenda habitual manteñen os seus efectos polo prazo total e a contía total polos que foron recoñecidas.

A partir da entrada en vigor da orde ministerial que desenvolva o programa de axuda ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables, non se admitirán novos recoñecementos de axudas ao abeiro do programa de axuda ás persoas en situación de desafiuzamento ou lanzamento da súa vivenda habitual, e estas poderán acceder ás axudas reguladas ao abeiro do programa de axuda ás vítimas de violencia de xénero, persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, persoas sen fogar e outras persoas especialmente vulnerables.

*Disposición transitoria segunda. Tramitación da autorización de operacións en curso e de operacións de importe reducido incluídas no artigo 7 bis da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior e sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais.*

Tramitación da autorización de operacións en curso e de operacións de importe reducido incluídas no artigo 7 bis da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior e sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais.

1. De forma transitoria, rexeranse polo procedemento simplificado establecido no número 2 desta disposición as solicitudes de autorización administrativa previa das operacións de investimento directo estranxeiro incluídas no artigo 7 bis da Lei 19/2003, do 4 de xullo, descritas a continuación:

a) Aquelas respecto das cales se acredite, por calquera medio válido en dereito, a existencia de acordo entre as partes ou unha oferta vinculante en que o prezo fose fixado, determinado ou determinable, con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

b) Aquelas cuxo importe sexa igual ou superior a 1 millón de euros e inferior a 5 millóns de euros até que entre en vigor a normativa de desenvolvemento do artigo 7.bis.



2. As solicitudes dirixiranse á persoa titular da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos, que as resolverá logo do informe da Xunta de Investimentos Exteriores, aplicando de oficio a tramitación simplificada do procedemento prevista no artigo 96 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Así mesmo, de forma transitoria e até que o importe mínimo a que se refire o último parágrafo do artigo 7 bis.1 da Lei 19/2003, do 4 de xullo, quede establecido regulamentariamente, entenderanse exentas da obrigaón de autorización previa as operacións de investimento cuxo importe sexa inferior a 1 millón de euros».

Disposición transitoria terceira. *Carácter retroactivo e tramitación do subsidio extraordinario por falta de actividade das persoas integradas no Sistema especial de empregados do fogar e do subsidio de desemprego excepcional por fin de contrato temporal.*

1. O subsidio extraordinario por falta de actividade e o subsidio de desemprego excepcional por fin de contrato temporal previstos neste real decreto lei serán de aplicación aos feitos causantes definidos neles mesmo cando se producisen con anterioridade á súa entrada en vigor, sempre que estes se tivesen producido con posterioridade á entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

2. O Servizo Público de Emprego Estatal establecerá no prazo dun mes, a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei, o procedemento para a tramitación de solicitudes, que determinará os formularios, sistema de tramitación (presencial ou telemático) e os prazos para a súa presentación.

Disposición transitoria cuarta. *Previsións en materia de concursos de acredores.*

1. Se na data de entrada en vigor deste real decreto lei o xuíz do concurso tivese ditado auto en que acordase a aplicación das medidas previstas nos artigos 22 e 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, a resolución xudicial terá plenos efectos para o recoñecemento das prestacións previstas no capítulo II desa norma legal.

2. As solicitudes presentadas en que o xuíz do concurso non ditase resolución deberán remitirse á autoridade laboral e continuarán a súa tramitación polo procedemento e coas especialidades previstas nos artigos 22 e 23 do Real decreto Lei 8/2020, do 17 de marzo. As actuacións previamente practicadas e o período de consultas que estea en curso ou que se celebre conservarán a súa validez para os efectos do novo procedemento.

Disposición transitoria quinta. *Aplicación de determinadas medidas do real decreto lei.*

O disposto no artigo 53 deste real decreto lei será de aplicación aos procedementos cuxa tramitación se iniciase con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.*

O Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 4, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. A partir da entrada en vigor deste real decreto lei suspéndese a vixencia dos seguintes artigos relativos aos sistemas de actualización de prezos regulados:

a. Os artigos 3.5 e 6 da Orde IET/389/2015, do 5 de marzo, pola que se actualiza o sistema de determinación automática de prezos máximos de venda,

antes de impostos, dos gases licuados do petróleo envasados e se modifica o sistema de determinación automática das tarifas de venda, antes de impostos, dos gases licuados do petróleo por canalización, para os seguintes tres bimestres, salvo que a aplicación do sistema de determinación automática de prezos máximos teña por efecto a fixación de novos prezos inferiores aos vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei.

Salvo que concorra a circunstancia sinalada no inciso final do parágrafo anterior, durante o período de suspensión estarán vixentes os prezos máximos establecidos na Resolución do 14 de xaneiro de 2020, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se publican os novos prezos máximos de venda, antes de impostos, dos gases licuados do petróleo envasados, en envases de carga igual ou superior a 8 kg, e inferior a 20 kg, excluídos os envases de mestura para usos dos gases licuados do petróleo como carburante.

b. O artigo 10, así como o número segundo da disposición adicional única da Orde ITC/1660/2009, do 22 de xuño, pola que se establece a metodoloxía de cálculo da tarifa de último recurso de gas natural, para os seguintes dous trimestres, salvo que en calquera deles a aplicación da metodoloxía de cálculo tivese por efecto a fixación dunha tarifa de último recurso inferior á vixente no momento da entrada en vigor deste real decreto lei.

Salvo que concorra a circunstancia sinalada no inciso final do parágrafo anterior, durante o período de suspensión estarán vixentes os termos da tarifa establecidos na Resolución do 23 de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se fai pública a tarifa de último recurso de gas natural. »

Dous. O artigo 7 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 7. *Moratoria de débeda hipotecaria.*

1. Establécense medidas conducentes a procurar a moratoria da débeda hipotecaria para a adquisición da vivenda habitual, de inmobles afectos á actividade económica que desenvolvan empresarios e profesionais e de vivendas distintas á habitual en situación de alugamento, conforme o artigo 19 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, por aqueles que padecen extraordinarias dificultades para atender o seu pagamento como consecuencia da crise do COVID-19 desde este artigo e até o artigo 16ter deste real decreto lei, ambos incluídos.

2. Para os efectos da moratoria de débeda hipotecaria a que se refire o número anterior terán a consideración de empresarios e profesionais as persoas físicas que cumpran as condicións previstas no artigo 5 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.»

Tres. O artigo 8 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 8. *Ámbito de aplicación da moratoria de débeda hipotecaria.*

1. As medidas previstas neste real decreto lei para a suspensión das obrigacións derivadas dos contratos de préstamo con garantía hipotecaria vixentes no momento da data de entrada en vigor deste real decreto lei cuxa finalidade sexa a adquisición de vivenda habitual ou de inmobles afectos á actividade económica que desenvolvan empresarios e profesionais aplicaranse aos ditos contratos cando concorran no debedor todos os requisitos establecidos no artigo 16 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, para entender que está dentro dos supostos de vulnerabilidade económica.

2. Estas mesmas medidas aplicaranse igualmente aos fiadores e avalistas do debedor principal, respecto da súa vivenda habitual e coas mesmas condicións que as establecidas para o debedor hipotecario.»

Catro. O artigo 12 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 12. *Solicitud de moratoria.*

Os debedores comprendidos no ámbito de aplicación deste real decreto lei poderán solicitar do acredor, até quince días despois da fin da vixencia do presente real decreto lei, unha moratoria no pagamento do préstamo con garantía hipotecaria para a adquisición da súa vivenda habitual ou de inmobles afectos á actividade económica que desenvolvan empresarios e profesionais. Os debedores achegarán, xunto coa solicitude de moratoria, a documentación prevista no artigo 17 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo.»

Cinco. O artigo 13 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 13. *Concesión da moratoria.*

1. Unha vez realizada a solicitude da moratoria a que se refire o artigo 12 deste real decreto lei, a entidade acreedora procederá á súa implementación nun prazo máximo de 15 días.

2. Unha vez concedida a moratoria, a entidade acreedora comunicará ao Banco de España a súa existencia e duración. Os importes que serían exixibles ao debedor de non aplicarse a moratoria non se considerarán vencidos. Durante o período de suspensión non se devindicará xuro ningún.

3. A aplicación da suspensión non requirirá acordo entre as partes, nin novación contractual ningunha, para que produza efectos, pero deberá formalizarse en escritura pública e inscribirse no Rexistro da Propiedade. A inscrición da ampliación do prazo inicial terá plenos efectos, se for o caso, fronte aos acredores intermedios inscritos aínda que non conte co consentimento destes.

4. Cando prestamista e prestameiro beneficiario da moratoria acorden unha novación como consecuencia da modificación das cláusulas do contrato en termos ou condicións contractuais que vaian máis alá da mera suspensión a que se refire o artigo 13, incorporarán, ademais daqueles outros aspectos que as partes pacten, a suspensión das obrigacións contractuais imposta por este real decreto lei e solicitada polo debedor, así como a non devindicación de xuros durante a vixencia da suspensión.»

Seis. O número 1 do artigo 14 queda redactado da forma seguinte:

«1. A solicitude da moratoria a que se refire o artigo 12 comportará a suspensión da débeda hipotecaria durante o prazo de tres meses e a conseguinte inaplicación durante o período de vixencia da moratoria da cláusula de vencemento anticipado que, se for o caso, conste no contrato de préstamo con garantía hipotecaria.

A duración da suspensión poderá ser ampliada por acordo do Consello de Ministros.»

Sete. Introdúcese un novo artigo 16 bis e 16 ter, co seguinte literal:

«Artigo 16 bis. *Réxime de supervisión e sanción.*

1. As entidades prestamistas supervisadas polo Banco de España remitirán cada día hábil a esta autoridade a seguinte información referida ao día hábil precedente:

- a) Número de solicitudes de suspensión presentadas por debedores.
- b) Número de suspensións concedidas.
- c) Número de beneficiarios da suspensión, desagregados, por un lado, en debedores e avalistas e, por outro lado, en asalariados e empresarios/profesionais.
- d) Número de préstamos cuxo pagamento se suspendeu.

- e) Saldo vivo pendente de amortización cuxo pagamento se suspende.
- f) CNAE da actividade que viña realizando o debedor.
- g) Número de préstamos en que o debedor solicita que se documente a suspensión en escritura notarial.

2. Os artigos 7 a 16 e o número primeiro deste artigo terá a consideración de normas de ordenación e disciplina a que se refire o artigo 2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

Artigo 16 ter. *Formalización en escritura pública da moratoria hipotecaria.*

1. Os dereitos arancelarios notariais e rexistrais derivados da formalización e inscrición da moratoria hipotecaria legal nos termos do número 3 do artigo 13 e da formalización e inscrición da novación do préstamo hipotecario nos supostos do número 4 do artigo 13 serán satisfeitos en todo caso polo acreedor e bonificaranse nun 50 por cento nos seguintes termos:

a) Polo outorgamento da escritura devindicárase o arancel correspondente ás escrituras de novación hipotecaria, previsto na letra f) do punto 1 do número 1 do anexo I do Real decreto 1426/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos notarios, reducidos ao 50 por cento, sen que se devindique cantidade ningunha a partir do quinto folio de matriz e de copia, sexa copia autorizada ou copia simple. O arancel mínimo previsto será de 30 euros e o máximo de 75.

b) Pola práctica da inscrición aplicarase o arancel previsto para as novacións modificativas en artigo 2.1.g) do anexo I do Real decreto 1427/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos rexistradores. Ao resultado aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento. O arancel mínimo previsto será de 24 euros e o máximo de 50 euros.

2. Durante a vixencia do estado de alarma e até que volva restablecerse plenamente a liberdade deambulatoria non poderán formalizarse as escrituras públicas a que se refire o artigo 13. Non obstante, isto non suspenderá a aplicación da moratoria, que se deberá aplicar no prazo máximo de 15 días conforme o artigo 13.1, formalizácese ou non aínda a dita suspensión en escritura pública.

3. Unha vez formalizada a escritura pública o notario autorizante remitiráa ao Rexistro da Propiedade a través de calquera dos medios de presentación que permite a Lei hipotecaria.»

Oito. Modifícase o enunciado do número 1 do artigo 17 que queda redactado como segue:

«1. Con carácter excepcional e vixencia limitada a un mes, a partir da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ou até o último día do mes en que finalice o dito estado de alarma, de se prolongar este durante máis dun mes, os traballadores por conta propia ou autónomos, cuxas actividades queden suspendidas, en virtude do previsto no mencionado real decreto ou, noutro caso, cando a súa facturación no mes anterior a que se solicita a prestación se vexa reducida, ao menos, nun 75 por cento en relación coa media de facturación do semestre anterior, terán dereito á prestación extraordinaria por cesamento de actividade que se regula neste artigo, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estaren afiliados e en alta, na data da declaración do estado de alarma, no réxime especial da seguridade social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou, se for o caso, no réxime especial da seguridade social dos traballadores do mar.

b) No suposto de que a súa actividade non se vexa directamente suspendida en virtude do previsto no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, acredítaren a redución da súa facturación en, ao menos, un 75 por cento, en relación coa efectuada no semestre anterior. No caso dos traballadores por conta propia ou autónomos que desenvolvan actividades nalgún dos códigos da CNAE 2009 entre o 9001 e o 9004, ambos incluídos, a redución da facturación calcularase en relación coa efectuada nos 12 meses anteriores. Alternativamente, para producións agrarias de carácter estacional este requisito entenderase cumprido cando a súa facturación media nos meses de campaña de produción anteriores a aquel en que se solicita a prestación se vexa reducida, ao menos, nun 75 por cento en relación cos mesmos meses da campaña do ano anterior.

c) Achárense ao día no pagamento das cotas á seguridade social. Non obstante, se na data da suspensión da actividade ou da redución da facturación non se cumpre este requisito, o órgano xestor invitará ao pagamento o traballador autónomo para que no prazo improrrogable de trinta días naturais ingrese as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para a adquisición do dereito á protección.»

Engádense tres novos números 7, 8 e 9:

«7. No suposto de suspensión da actividade, a cotización correspondente aos días de actividade no mes de marzo de 2020 non cubertos pola prestación regulada neste artigo, que non fose aboada dentro do prazo regulamentario de ingreso, non será obxecto da recarga prevista no artigo 30 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

8. O recoñecemento da prestación regulada neste artigo poderá solicitarse até o último día do mes seguinte a aquel en que se produciu a finalización do estado de alarma.

9. A acreditación da redución da facturación realizarase mediante a achega da información contable que o xustifique, poderá facerse a través da copia do libro de rexistro de facturas emitidas e recibidas, do libro diario de ingresos e gastos, do libro rexistro de vendas e ingresos ou do libro de compras e gastos.

Aqueles traballadores autónomos que non estean obrigados a levar os libros que acreditan o volume de actividade deberán acreditar a redución ao menos do 75% exixida por calquera medio de proba admitido en dereito.

Toda solicitude deberá ir acompañada dunha declaración xurada en que se faga constar que se cumpren todos os requisitos exixidos para causar dereito a esta prestación.»

Novo. Modifícase o artigo 20, coa seguinte redacción:

«Artigo 20. *Suspensión da portabilidade.*

Mentres estea en vigor o estado de alarma, os provedores de servizos de comunicacións electrónicas non realizarán campañas comerciais extraordinarias de contratación de servizos de comunicacións electrónicas que requiran a portabilidade de numeración, na medida que pode incrementar a necesidade dos usuarios de desprazarse fisicamente a centros de atención presencial a clientes ou de realizar intervencións físicas nos domicilios dos clientes para manter a continuidade nos servizos.

Con este mesmo fin, mentres estea en vigor o estado de alarma, suspenderanse todas as operacións de portabilidade de numeración fixa e móbil que non estean en curso para cuxa materialización sexa necesaria a presenza xa sexa dos operadores involucrados ou dos seus axentes, xa sexa do usuario, excepto en casos excepcionais de forza maior. Naqueles supostos en que se iniciase unha operación de portabilidade e houbera que suspendela por requirir a realización dalgunha actuación presencial para completar o proceso, os operadores involucrados deberán

garantir que a dita operación de portabilidade non se complete e que en ningún momento se interrompa o servizo ao usuario.

Mentres estea en vigor o estado de alarma, os operadores provedores de servizos de comunicacións electrónicas non poderán incrementar os prezos dos servizos nos contratos xa celebrados, xa sexa de abono ou de prepagamento, sempre que os ditos servizos puidesen dar lugar a operacións de portabilidade de numeración fixa e móbil unha vez finalizado o estado de alarma, pero que actualmente non poden selo por seren obxecto da suspensión establecida no presente artigo. O secretario de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais poderá ditar instrucións para a aplicación e aclaración desta medida.»

Dez. Modifícanse con efectos desde a entrada en vigor do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, o número 1, o cuarto parágrafo do número 3, o número 6, e engádense dous novos números 7 e 8 ao artigo 34, que quedan redactados como segue:

«1. Os contratos públicos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva, vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, suscritos polas entidades pertencentes ao sector público, no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo, quedarán suspendidos total ou parcialmente desde que se producise a situación de feito que impide a súa prestación e até que a dita prestación poida continuar. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode continuar cando, tendo cesado as circunstancias ou medidas que a viñesen impedindo, o órgano de contratación notificase ao contratista a fin da suspensión.

Cando, conforme o disposto no parágrafo anterior, a execución dun contrato público quede totalmente en suspenso, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos e perdas efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, logo de solicitude e acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía polo contratista. Os danos e perdas polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente aboase o contratista ao persoal que figurese adscrito con data do 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva, relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugamentos ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipamentos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vinculadas ao obxecto do contrato que fosen suscritas polo contratista e estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

En caso de suspensión parcial, os danos e perdas que se van aboar serán os correspondentes conforme o presente número deste artigo á parte do contrato suspendida.

A aplicación do disposto neste número só procederá cando o órgano de contratación, por instancia do contratista e no prazo de cinco días naturais, apreciase a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación descrita no seu primeiro parágrafo. Con esta finalidade o contratista deberá dirixir a súa solicitude ao órgano de contratación e reflectirá as razóns polas que a execución do

contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipamentos adscritos á execución do contrato nese momento, e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato. As circunstancias que se poñan de manifesto na solicitude poderán ser obxecto de posterior comprobación. Transcorrido o prazo indicado sen notificarse a resolución expresa ao contratista, esta deberá entenderse desestimatoria.

Non obstante, en caso de que entre o persoal que figurase adscrito ao contrato a que se refire o punto 1.º deste número se encontre persoal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, o aboamento pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais non terá o carácter de indemnización senón de aboamento á conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos termos do artigo tres do mencionado real decreto lei, e que se terá en conta na liquidación final do contrato.

Non resultará de aplicación ás suspensións a que se refire o presente artigo o disposto no número 2.a) do artigo 208 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, nin tampouco o disposto no artigo 220 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Ademais, naqueles contratos públicos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva, cando no momento de vencemento dun contrato non se formalizase o novo contrato que garanta a continuidade da prestación como consecuencia da paralización dos procedementos de contratación derivada do disposto no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e non puidese formalizarse o correspondente novo contrato, poderá aplicarse o previsto no último parágrafo do artigo 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia da data de publicación da licitación do dito novo expediente.

A suspensión dos contratos do sector público conforme este artigo non constituirá en ningún caso unha causa de resolución deles.»

«3. (...) naqueles contratos en que, de acordo co «programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra» estivese prevista a finalización do seu prazo de execución entre o 14 de marzo, data de inicio do estado de alarma, e durante o período que dure este, e como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, non poida ter lugar a entrega da obra, o contratista poderá solicitar unha prórroga no prazo de entrega final sempre e cando ofrezca o cumprimento dos seus compromisos pendentes se se lle amplía o prazo inicial, para o que deberá cubrir a correspondente solicitude xustificativa.»

«6. O previsto nos números anteriores deste artigo, con excepción do previsto no penúltimo parágrafo do número 1, non será de aplicación en ningún caso aos seguintes contratos:

- a) Contratos de servizos ou subministración sanitaria, farmacéutica ou doutra índole, cuxo obxecto estea vinculado coa crise sanitaria provocada polo COVID-19.
- b) Contratos de servizos de seguridade, limpeza ou de mantemento de sistemas informáticos.

Non obstante, no caso dos contratos de servizos de seguridade e limpeza, si será posible a súa suspensión total ou parcial, nos termos establecidos no número 1 deste artigo, e por instancia do contratista ou de oficio, se como consecuencia das medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combater o COVID-19, algún ou algúns dos seus edificios ou instalacións públicas quedasen cerrados total ou parcialmente e debeña imposible que o contratista preste a totalidade ou parte dos servizos contratados. No suposto de

suspensión parcial, o contrato quedará parcialmente suspendido no que respecta á prestación dos servizos vinculados aos edificios ou instalacións públicas pechadas total ou parcialmente, desde a data en que o edificio ou instalación pública ou parte deles quede pechada e até que este se reabra. Para estes efectos, o órgano de contratación notificará ao contratista os servizos de seguridade e limpeza que deban manterse en cada un dos edificios. Así mesmo, deberá comunicarlle a data de reapertura total do edificio ou instalación pública ou parte deles para que o contratista proceda a restablecer o servizo nos termos pactados.

c) Contratos de servizos ou subministración necesarios para garantir a mobilidade e a seguridade das infraestruturas e servizos de transporte.

d) Contratos adjudicados por aquelas entidades públicas que coticen en mercados oficiais e non obteñan ingresos dos orzamentos xerais do Estado.

O réxime previsto neste artigo enténdese sen prexuízo das medidas que poida adoptar o ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, como autoridade competente designada no artigo 4 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, para garantir as prestacións necesarias en prol da protección de persoas, bens e lugares. Estas medidas poderán implicar, entre outras, unha modificación dos supostos en que procede a suspensión dos contratos.

7. Para os efectos deste artigo só terán a consideración de «contratos públicos» aqueles contratos que conforme os seus pregos estean suxeitos á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; ou ao Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público; ou á Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais; ou ao libro I do Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais, ou á Lei 24/2011, do 1 de agosto, de contratos do sector público nos ámbitos da defensa e da seguridade.

8. Para os efectos do sinalado no presente artigo, os gastos salariais a que se fai alusión nel incluírán os relativos ás cotizacións á seguridade social que correspondesen.»

Once. Modifícanse as letras A) do orzamento de ingresos e H) do orzamento de gastos do número 4 e o número 7 do artigo 37, que quedan redactados como segue:

«A) Aplicación 28.107.400.06 «Do departamento por necesidades excepcionais provocadas pola crise do COVID-19», por importe de 950.000 euros.»

«H) Aplicación 28.107.465A.787. «Para subvencións de concesión directa para proxectos e programas de investigación do virus SARS-CoV2, causante do COVID-19», por importe de 24.000.000 euros.»

«7. A repercusión dos puntos anteriores no Consello Superior de Investigacións Científicas é a seguinte:

#### ORZAMENTO DE INGRESOS:

A) Aplicación 28.301.400.11. «Do departamento para todo tipo de gastos correntes relacionados coa investigación do coronavirus COVID-19», por importe de 390.000 euros.

B) Aplicación 28.301.700.06. «Do departamento para todo tipo de gastos de capital relacionados coa investigación do coronavirus COVID-19», por importe de 4.060.000 de euros.



## ORZAMENTO DE GASTOS:

A) Aplicación 28.301.463A.221.99. «Outras subministracións», por importe de 390.000 euros.

B) Aplicación 28.301.463A.620. «Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos», por importe de 3.450.000 de euros.

C) Aplicación 28.301.463A.640. «Gastos de investimentos de carácter inmaterial», por importe de 610.000 euros.»

Doce. Modifícase o número 1 e engádesse un novo número 10 ao artigo 38, coa seguinte redacción:

«1. Tendo en conta o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, non resultará de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a aquelas disposicións en diñeiro realizadas polo Instituto de Saúde Carlos III ou o Consello Superior de Investigacións Científicas que se realicen no ámbito das medidas que resulten imprescindibles para o desenvolvemento de actividades de utilidade pública ou interese social conducentes á investigación científica e técnica derivada da emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19 e que se efectúen a favor de persoas públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, incluíndo organismos e entidades de dereito público, universidades, entidades integrantes do Sistema nacional de saúde e do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, sen contraprestación directa dos beneficiarios.»

«10. O disposto neste artigo será, así mesmo, de aplicación a cantas achegas efectúe a entidade pública empresarial Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) para o fomento da innovación derivada da emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19, e corresponderá á persoa titular da súa dirección a adopción de cantas resolucións resulten precisas co fin de realizar as achegas que correspondan e para o desenvolvemento do establecido nos números anteriores.»

Trece. Modificación do artigo 40 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.

Quedaré redactado como segue:

«Artigo 40. *Medidas extraordinarias aplicables ás persoas xurídicas de dereito privado.*

1. Aínda que os estatutos non o previsen, durante o período de alarma, as sesións dos órganos de goberno e de administración das asociacións, das sociedades civís e mercantís, do consello reitor das sociedades cooperativas e do padroado das fundacións poderán celebrarse por videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple, sempre que todos os membros do órgano dispoñan dos medios necesarios, o secretario do órgano recoñeza a súa identidade e así o exprese na acta, que remitirá de inmediato aos enderezos de correo electrónico de cada un dos concorrentes. A mesma regra será de aplicación ás comisións delegadas e ás demais comisións obrigatorias ou voluntarias que tivese constituídas. A sesión entenderase celebrada no domicilio da persoa xurídica.

Aínda que os estatutos non o previsen, durante o período de alarma, as xuntas ou asembleas de asociados ou de socios poderán celebrarse por vídeo ou por conferencia telefónica múltiple sempre que todas as persoas que tivesen dereito de asistencia ou aqueles que os representen dispoñan dos medios necesarios, o secretario do órgano recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta, que remitirá de inmediato aos enderezos de correo electrónico.

2. Aínda que os estatutos non o previsen, durante o período de alarma, os acordos dos órganos de goberno e de administración das asociacións, das sociedades civís e mercantís, do consello reitor das sociedades cooperativas e do padroado das fundacións poderán adoptarse mediante votación por escrito e sen sesión sempre que o decida o presidente e deberán adoptarse así cando o soliciten, ao menos, dous dos membros do órgano. A mesma regra será de aplicación ás comisións delegadas e ás demais comisións obrigatorias ou voluntarias que tivese constituídas. A sesión entenderase celebrada no domicilio social. Será de aplicación a todos estes acordos o establecido no artigo 100 do Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Mercantil, aínda que non se trate de sociedades mercantís.

3. A obrigaçión de formular as contas anuais, ordinarias ou abreviadas, individuais ou consolidadas, no prazo de tres meses contados desde o peche do exercicio social que incumbe ao órgano de goberno ou administración dunha persoa xurídica e, cando for legalmente exixible, o informe de xestión e demais documentos exixibles segundo a lexislación de sociedades, queda suspendida até que finalice o estado de alarma, proseguindo de novo por outros tres meses contados desde esa data. Non obstante o anterior, será válida a formulación das contas que realice o órgano de goberno ou administración dunha persoa xurídica durante o estado de alarma, que poderá igualmente realizar a súa verificación contable dentro do prazo legalmente previsto ou acollerse á prórroga prevista no número seguinte.

4. No caso de que, na data de declaración do estado de alarma ou durante a súa vixencia, o órgano de goberno ou administración dunha persoa xurídica obrigada formulase as contas do exercicio anterior, o prazo para a verificación contable desas contas, tanto se a auditoría for obrigatoria como voluntaria, entenderase prorrogado por dous meses contados desde que finalice o estado de alarma.

5. A xunta xeral ordinaria para aprobar as contas do exercicio anterior reunirse necesariamente dentro dos tres meses seguintes contados desde que finalice o prazo para formular as contas anuais.

6. Se a convocatoria da xunta xeral se publicase antes da declaración do estado de alarma pero o día de celebración for posterior a esa declaración, o órgano de administración poderá modificar o lugar e a hora previstos para celebración da xunta ou revogar o acordo de convocatoria mediante anuncio publicado cunha antelación mínima de corenta e oito horas na páxina web da sociedade e, se a sociedade non tiver páxina web, no «Boletín Oficial del Estado». En caso de revogación do acordo de convocatoria, o órgano de administración deberá proceder a nova convocatoria dentro do mes seguinte á data en que finalizase o estado de alarma.

6.bis. En relación coa proposta de aplicación do resultado, as sociedades mercantís que, tendo formulado as súas contas anuais, convoquen a xunta xeral ordinaria a partir da entrada en vigor da presente disposición, poderán substituír a proposta de aplicación do resultado contida na memoria por outra proposta.

O órgano de administración deberá xustificar con base na situación creada polo COVID-19 a substitución da proposta de aplicación do resultado, á cal deberá tamén xuntárselle un escrito do auditor de contas no cal este indique que non tería modificado a súa opinión de auditoría se tivese coñecido no momento da súa sinatura a nova proposta.

Tratándose de sociedades cuxa xunta xeral ordinaria estivese convocada, o órgano de administración poderá retirar da orde do día a proposta de aplicación do resultado para efectos de someter unha nova proposta á aprobación dunha xunta xeral que deberá celebrarse tamén dentro do prazo legalmente previsto para a celebración da xunta xeral ordinaria. A decisión do órgano de administración deberá publicarse antes da celebración da xunta xeral xa convocada. En relación coa nova proposta deberán cumprirse os requisitos de xustificación, escrito de auditor de

contas, sinalados no parágrafo anterior. A certificación do órgano de administración para efectos do depósito de contas limitarase, se for o caso, á aprobación das contas anuais, presentándose posteriormente no Rexistro Mercantil certificación complementaria relativa á aprobación da proposta de aplicación do resultado.

7. O notario que for requirido para que asista a unha xunta xeral de socios e levante acta da reunión poderá utilizar medios de comunicación a distancia en tempo real que garantan adecuadamente o cumprimento da función notarial.

8. Aínda que conorra causa legal ou estatutaria, nas sociedades de capital os socios non poderán exercer o dereito de separación até que finalice o estado de alarma e as súas prórrogas que, se for o caso, se acorden.

9. O reintegro das achegas aos socios cooperativos que causen baixa durante a vixencia do estado de alarma queda prorrogado até que transcorran seis meses contados desde que finalice o estado de alarma.

10. No caso de que, durante a vixencia do estado de alarma, transcorrese o prazo de duración da sociedade fixado nos estatutos sociais, non se producirá a disolución de pleno dereito até que transcorran dous meses contados desde que finalice o dito estado.

11. En caso de que, antes da declaración do estado de alarma e durante a vixencia dese estado, conorra causa legal ou estatutaria de disolución da sociedade, o prazo legal para a convocatoria polo órgano de administración da xunta xeral de socios co fin de que adopte o acordo de disolución da sociedade ou os acordos que teñan por obxecto enervar a causa suspéndese até que finalice o dito estado de alarma.

12. Se a causa legal ou estatutaria de disolución acaece durante a vixencia do estado de alarma, os administradores non responderán das débedas sociais contraídas nese período.»

Catorce. O artigo 41 quedará redactado como segue:

«Artigo 41. *Medidas extraordinarias aplicables ao funcionamento dos órganos de goberno das sociedades anónimas cotizadas.*

1. Excepcionalmente, durante o ano 2020 aplicaranse as seguintes medidas ás sociedades con valores admitidos a negociación nun mercado regulado da Unión Europea: a) A obrigaçión de publicar e remitir o seu informe financeiro anual á CNMV e o informe de auditoría das súas contas anuais poderá cumprirse até seis meses contados a partir do peche de exercicio social. Este prazo estenderase a catro meses para a publicación da declaración intermedia de xestión e o informe financeiro semestral. b) A xunta xeral ordinaria de accionistas poderá celebrarse dentro dos dez primeiros meses do exercicio social. c) O consello de administración poderá prever na convocatoria da xunta xeral a asistencia por medios telemáticos e o voto a distancia nos termos previstos nos artigos 182, 189 e 521 da Lei de sociedades de capital, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, así como a celebración da xunta en calquera lugar do territorio nacional, aínda que estes aspectos non estean previstos nos estatutos sociais. Se a convocatoria xa se publicase na data de entrada en vigor do presente real decreto lei, poderase prever calquera destes supostos nun anuncio complementario que deberá publicarse ao menos cinco días naturais antes da data prevista para a celebración da xunta. d) No suposto de que as medidas impostas polas autoridades públicas impidan celebrar a xunta xeral no lugar e sede física establecidos na convocatoria e non se puidese facer uso da facultade prevista no número anterior: i) se a xunta se constitúe validamente no dito lugar e sede, a xunta poderá acordar continuar a celebración no mesmo día noutro lugar e sede dentro da mesma provincia, e establecerá un prazo razoable para o traslado dos asistentes; ii) se a xunta non se pode celebrar, a súa celebración en ulterior convocatoria poderá ser anunciada coa mesma orde do día e os mesmos requisitos de publicidade que a

xunta non celebrada, con ao menos cinco días de antelación á data fixada para a reunión. Neste caso, o órgano de administración poderá acordar no anuncio complementario a celebración da xunta por vía exclusivamente telemática, isto é, sen asistencia física dos socios ou dos seus representantes, sempre que se ofrezca a posibilidade de participar na reunión por todas e cada unha destas vías: (i) asistencia telemática; (ii) representación conferida ao presidente da xunta por medios de comunicación a distancia e (iii) voto anticipado a través de medios de comunicación a distancia. Calquera destas modalidades de participación na xunta poderán arbitrala os administradores aínda cando non estea prevista nos estatutos da sociedade, sempre e cando se acompañe de garantías razoables para asegurar a identidade do suxeito que exerce o seu dereito de voto. Os administradores poderán asistir á reunión, que se considerará celebrada no domicilio social con independencia de onde se encontre o presidente da xunta, por audioconferencia ou videoconferencia.

2. Excepcionalmente, e para os efectos do disposto no número anterior, serán válidos os acordos do consello de administración e os acordos da Comisión de Auditoría que, se for o caso, debe informar previamente, cando sexan adoptados por videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple, aínda que esta posibilidade non estea recollida nos estatutos sociais, sempre que todos os conselleiros dispoñan dos medios necesarios para isto, e o secretario recoñeza a súa identidade, o cal deberá expresarse na acta e na certificación dos acordos que se expida. En tal caso, a sesión considerarase única e celebrada no lugar do domicilio social.

3. Cando as sociedades cotizadas apliquen calquera das medidas recollidas no artigo 40.6 bis deste real decreto lei, a nova proposta, a súa xustificación polo órgano de administración e o escrito do auditor deberán facerse públicos, tan pronto como se aproben, como información complementaria ás contas anuais na páxina web da entidade e na da CNMV como outra información relevante ou, en caso de ser preceptivo atendendo ao caso concreto, como información privilexiada.»

Quince. Modifícase o título da disposición adicional sétima, que queda redactado da seguinte maneira:

«Disposición adicional sétima. *Autorización para o desenvolvemento de actividades de utilización confinada e liberación voluntaria con organismos modificados xeneticamente*».

Dezaseis. Introdúcese unha nova disposición adicional décima «Especialidades en aplicación do capítulo II ás empresas concursadas», que queda redactada nos seguintes termos:

«1. As medidas previstas neste capítulo para os procedementos de suspensión de contrato e redución de xornada por causa de forza maior e por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción serán de aplicación ás empresas en concurso, sempre e cando concorran os presupostos de feito recollidos nos artigos 22 e 23.

2. Entenderase por normativa reguladora aos procedementos referidos no número anterior a prevista no Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, coas especialidades previstas nos artigos 22 a 28 e na disposición adicional sexta deste real decreto lei, sen que resulte de aplicación o procedemento do artigo 64 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

3. Non obstante, resultarán aplicables á tramitación e resolución dos ditos procedementos as especialidades seguintes:

a) As solicitudes ou comunicacións dos expedientes deberán ser formuladas pola empresa concursada coa autorización da administración concursal, ou pola administración concursal directamente, segundo o réxime de intervención ou suspensión de facultades patrimoniais.

b) A administración concursal será parte no período de consultas previsto no artigo 23 deste real decreto lei.

c) A decisión de aplicación das medidas sobre suspensión de contratos ou redución de xornada, nos supostos previstos no dito artigo 23, deberá contar coa autorización da administración concursal ou ser adoptada por esta, segundo o réxime de intervención ou suspensión de facultades patrimoniais, en caso de que non se alcance acordo ao respecto no período de consultas.

d) En todo caso, deberá informarse de forma inmediata da solicitude, resolución e medidas aplicadas o xuíz do concurso, por medios telemáticos.

e) Nos supostos do número 1 do artigo 47.1, parágrafos 10, 15 e 16, do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e do número 6 do artigo 33 do Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada, será o xuíz do concurso o que coñeza das impugnacións a que estes se refiren. Estas impugnacións substanciaranse polo procedemento do incidente concursal en materia laboral e a sentenza que se dite será recorrible en suplicación.

g) Nos supostos do número 5 do artigo 33 do Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro, a impugnación da resolución da autoridade laboral realizarase ante a xurisdición social».

Dezasete. Modifícase a disposición derradeira décima, que queda redactada da seguinte maneira:

«1. Con carácter xeral, as medidas previstas no presente real decreto lei manterán a súa vixencia até un mes despois da fin da vixencia da declaración do estado de alarma. Non obstante o anterior, aquelas medidas previstas neste real decreto lei que teñen un prazo determinado de duración suxeitaranse a el.

Sen prexuízo do anterior, a vixencia das medidas previstas neste real decreto lei, logo da avaliación da situación, poderaa prorrogar o Goberno mediante real decreto lei.»

Dezaoito. O número segundo da disposición transitoria primeira queda redactado nos seguintes termos:

«2. As medidas extraordinarias en materia de cotizacións e protección por desemprego previstas nos artigos 24 e nos números 1 a 5 do artigo 25 serán de aplicación aos afectados polos procedementos de suspensión de contratos e redución de xornada comunicados, autorizados ou iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, sempre que deriven directamente do COVID-19.

A medida prevista no artigo 25.6 será de aplicación aos traballadores que visen suspendida a súa relación laboral con anterioridade á data de entrada en vigor dese real decreto lei, sempre que a dita suspensión sexa consecuencia directa do COVID-19»

Dezanove. Con efectos desde a entrada en vigor do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, a disposición derradeira primeira do dito real decreto lei queda redactada da seguinte forma:

«Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro.*

Engádesse un novo número 28 ao artigo 45.I.B) do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, coa seguinte redacción:

«28. As escrituras de formalización das novacións contractuais de préstamos e créditos hipotecarios que se produzan ao abeiro do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, quedarán exentas da cota gradual de documentos notariais da modalidade de actos xurídicos documentados deste imposto, sempre que teñan o seu fundamento nos supostos regulados nos artigos 7 a 16 do citado real decreto lei, referentes á moratoria de débeda hipotecaria para a adquisición de vivenda habitual».

Vinte. A disposición derradeira oitava queda redactada como segue:

«Este real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup>, 10.<sup>a</sup>, 13.<sup>a</sup>, 14.<sup>a</sup>, 15.<sup>a</sup>, 17.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup>, 21.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; lexislación mercantil; lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan; réxime alfandegueiro; de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; facenda xeral; fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica; lexislación básica e réxime económico da seguridade social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas; lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas, telecomunicacións e bases do réxime mineiro e enerxético.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

Engádesse un novo número 3 ao artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa seguinte redacción:

«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das entidades locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo alcalde ou presidente ou quen validamente o substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se encontren en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, e disporanse os medios necesarios para garantir o seu carácter público ou secreto segundo proceda legalmente en cada caso.

Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias ou outros sistemas tecnolóxicos ou

audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior e sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais.*

A Lei 19/2003, do 4 de xullo, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 7 bis, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 7 bis. *Suspensión do réxime de liberalización de determinados investimentos estranxeiros directos en España.*

1. Para efectos do establecido neste artigo considéranse investimentos estranxeiros directos en España todos aqueles investimentos como consecuencia dos cales o investidor pase a ter unha participación igual ou superior ao 10 por 100 do capital social da sociedade española, ou cando, como consecuencia da operación societaria, acto ou negocio xurídico, se participe de forma efectiva na xestión ou no control da dita sociedade, sempre que concorra unha destas circunstancias:

a) Que sexan realizados por residentes de países de fóra da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio.

b) Que sexan realizados por residentes de países da Unión Europea ou da Asociación Europea de Libre Comercio cuxa titularidade real corresponda a residentes de países de fóra da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio. Entenderase que existe esa titularidade real cando estes últimos posúan ou controlen en último termo, directa ou indirectamente, unha porcentaxe superior ao 25% do capital ou dos dereitos de voto do investidor, ou cando por outros medios exerzan o control, directo ou indirecto, do investidor.

Poderá establecerse regulamentariamente o importe por debaixo do cal as operacións de investimento directo estranxeiro quedarán exentas de se someter ao réxime de autorización previa.»

Dous. Suprímese o número 6 do artigo 7 bis.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

O número 7 do artigo 71 septies da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 71 septies. *Supervisión dos límites ao aparcamento, da adecuación dos procesos de avaliación crediticia e do risco de liquidez.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores, co obxecto de garantir un tratamento equitativo dos partícipes ou accionistas ou por razóns de estabilidade e integridade do sistema financeiro, poderá, de maneira temporal e xustificando a necesidade e proporcionalidade da medida:

a) Exixir ás sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, con carácter individual ou respecto dunha pluralidade delas, que reforcen o nivel de liquidez das carteiras das institucións de investimento colectivo xestionadas e, en particular, que incrementen a porcentaxe de investimento en activos especialmente líquidos, tal e como os defina a propia Comisión Nacional do Mercado de Valores.

b) Autorizar ás sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, con carácter individual ou respecto dunha pluralidade delas, o establecemento de

períodos de aviso previo para os reembolsos nunha ou varias institucións de investimento colectivo por elas xestionadas sen suxeición aos requisitos de prazo, importe mínimo e constancia previa no Regulamento de xestión aplicables con carácter ordinario. Estes períodos de aviso previo poderán tamén ser establecidos pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, que determinará os reembolsos a que resulte de aplicación a medida.

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.*

Modifícase a letra a) da disposición transitoria oitava da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, que queda redactada co seguinte teor:

«a) Non ter obtido autorización de explotación da instalación de xeración asociada no maior dos seguintes prazos:

1.º Antes de dous meses desde a finalización do estado de alarma inicial ou prorrogado declarado mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Para tal efecto, non será de aplicación a esta disposición transitoria a suspensión e continuación de prazos regulada nas disposicións adicionais terceira e cuarta do citado real decreto.

2.º Cinco anos desde a obtención do dereito de acceso e conexión nun punto da rede.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias.*

A letra b) do número 3 do artigo 44 queda redactada do seguinte modo:

«b) A dotación dun fondo de reserva para facer fronte a posibles necesidades de recursos propios da entidade de crédito participada que non poidan ser cubertas con outros recursos e que, a xuízo do Banco de España, puidesen pór en perigo o cumprimento das súas obrigacións en materia de solvencia.

Para tal fin, o plan financeiro conterá un calendario de dotacións mínimas ao fondo de reserva até alcanzar o volume obxectivo que, coa finalidade de garantir a xestión sa e prudente da entidade participada, determine o Banco de España en función, entre outros, dos seguintes factores:

1.º As necesidades de recursos propios previstas no plan financeiro;

2.º O valor dos activos ponderados por risco da entidade participada e o volume da participación da fundación bancaria na entidade;

3.º Se as accións da entidade están admitidas a negociación nun mercado secundario oficial de valores;

4.º O nivel de concentración no sector financeiro dos investimentos da fundación bancaria.

O fondo de reserva así constituído deberá investirse en instrumentos financeiros de elevada liquidez e calidade crediticia, que deberán estar en todo momento plenamente dispoñibles para o seu uso pola fundación.

O Banco de España desenvolverá os supostos e o modo en que a fundación bancaria deberá facer uso destes fondos para atender as necesidades de solvencia da entidade participada. En todo caso, deberá facerse uso do fondo de reserva sempre que se producise unha diminución significativa dos recursos propios da entidade participada, que, a xuízo do Banco de España, puiden pór en perigo o cumprimento coa normativa de solvencia da entidade. Así mesmo, desenvolverá mediante circular os activos que poden ser considerados como de elevada liquidez e alta calidade crediticia para efectos do disposto neste artigo.



Non obstante o anterior, o plan financeiro da fundación bancaria non requirirá a constitución do fondo de reserva sempre que se incorpore ao plan de diversificación un programa de desinvestimento que inclúa de maneira detallada as medidas que vai implementar a fundación para reducir a súa participación na entidade de crédito por debaixo do nivel sinalado no primeiro parágrafo deste número nun prazo máximo de cinco anos. Este programa, que terá carácter reservado, será aprobado polo Banco de España, que supervisará o seu cumprimento e poderá requirir calquera información que considere pertinente á fundación. En caso de incumprimento, o Banco de España poderá exixir á fundación bancaria a presentación no prazo máximo de vinte días dunha modificación do plan financeiro que incluíra a constitución dun fondo de reserva de acordo co previsto neste artigo. Esta obrigaçión entenderase sen prexuízo da aplicación, cando proceda, do artigo 47 desta lei.

As fundacións bancarias que contén cun programa de desinvestimento aprobado polo Banco de España nos termos establecidos no parágrafo anterior poderán optar pola ampliación do prazo para cumprir o obxectivo de desinvestimento até en dous anos adicionais presentando unha modificación do seu programa de desinvestimento.

Se a fundación opta pola ampliación do prazo mencionada no parágrafo anterior, deberá constituír un fondo de reserva ao cal deberá achegar, en cada un dos exercicios que dure a citada ampliación, unha dotación anual que será de ao menos un 50% dos importes recibidos da entidade de crédito participada en concepto de repartición de dividendos.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.*

A Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, queda modificada como segue:

Un. O parágrafo segundo do número 4 do artigo 29 queda redactado como segue:

«Excepcionalmente, nos contratos de subministracións e de servizos poderase establecer un prazo de duración superior ao establecido no parágrafo anterior, cando o exixa o período de recuperación dos investimentos directamente relacionados co contrato e estes non sexan susceptibles de se utilizar no resto da actividade produtiva do contratista ou a súa utilización for antieconómica, sempre que a amortización dos ditos investimentos sexa un custo relevante na prestación da subministración ou servizo, circunstancias que deberán ser xustificadas no expediente de contratación con indicación dos investimentos a que se refira e do seu período de recuperación. O concepto de custo relevante na prestación da subministración ou servizo será obxecto de desenvolvemento regulamentario.»

Dous. Con vixencia indefinida engádesse unha disposición adicional á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a disposición adicional quincuaxésimo quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quincuaxésimo quinta. *Réxime xurídico de «Hulleras del Norte S.A., S.M.E.» (Hunosa) e as súas filiais e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, como medios propios e servizos técnicos.*

1. A empresa pública estatal «Hulleras del Norte S.A., S.M.E.» (Hunosa) e as súas filiais poderán ter a consideración de medios propios personificados e servizos técnicos da Administración xeral do Estado, das entidades do sector público estatal que teñan a condición de poder adxudicador, do Principado de Asturias e das

demais comunidades autónomas sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 2º da letra d) do número 2 do artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e nas letras a) e b) do número 4 do citado artigo, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas no número 3 do presente artigo, sen prexuízo da aplicación, de ser o caso, do disposto no número 5 do dito precepto.

Así mesmo, Hunosa e as súas filiais poderán ter a consideración de medios propios personificados e servizos técnicos das entidades pertencentes ao sector público que non teñan a consideración de poder adxudicador e sexan dependentes dalgunhas das administracións citadas no parágrafo anterior, e poderán recibir encargos delas sempre que se cumpran os requisitos que establece o artigo 33 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

2. O capital social de Hunosa e das súas filiais será integramente de titularidade pública.

As entidades do sector público estatal e as comunidades autónomas deberán participar no capital de Hunosa mediante a adquisición de accións, e só poderán allear as accións que adquiran a favor da Administración xeral do Estado ou de organismos e entidades vinculadas ou dependentes daquela.

3. Hunosa e as súas filiais poderán prestar, por encarga das entidades do sector público das cales sexan medio propio ou servizo técnico, as seguintes actividades:

a) A realización de todo tipo de proxectos, obras, traballos e prestación de servizos de desenvolvemento de actuacións de restauración, incluíndo a restauración forestal ou silvícola e o saneamento atmosférico, de zonas degradadas e espazos afectados a causa da actividade mineira ou como consecuencia do peche ordenado de minas subterráneas ou da restauración de explotacións a ceo aberto.

b) A realización de proxectos, obras ou servizos orientados á creación ou rehabilitación de dotacións ou infraestruturas que permitan o desenvolvemento alternativo e ambientalmente sustentable das zonas recuperadas, así como os que resulten necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais afectados polas actividades mineiras ou para potenciar a reactivación económica e o desenvolvemento alternativo das zonas afectadas polo axuste da minaría do carbón.

c) A recollida, transporte, eliminación, almacenamento, transformación, mellora, revalorización e xestión de entulleiras, produtos, subprodutos e residuos provenientes do peche das minas ou das actividades de rexeneración, incluíndo a mellora das instalacións de canalización, depuración e rexeneración de augas residuais.

d) A promoción, investigación, desenvolvemento, innovación e adaptación de novas técnicas, equipamentos, sistemas ou procesos destinados á rexeneración ou recuperación das zonas degradadas pola minaría do carbón.

4. No non previsto nos números anteriores observaranse os termos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 8 de novembro.

5. A FNMT-RCM, que en todo caso terá a consideración de entidade pública empresarial e se rexerá polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, para este tipo de organismos públicos, actuará como medio propio personificado dos poderes adxudicadores pertencentes aos sectores públicos estatais, autonómicos ou locais, sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, para cada caso. Adicionalmente, a persoa titular do Ministerio de Facenda, nos supostos e co alcance subxectivo que determine, poderá realizarlle encargos de forma centralizada a favor daqueles entes, organismos e entidades para os cales a FNMT-RCM sexa medio propio conforme as previsións da citada Lei 9/2017. Estas encargos financiaranse conforme o previsto na disposición adicional décimo primeira da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais

do Estado para 2015, e na disposición adicional vixésimo terceira da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.»

Disposición derradeira oitava. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nos números 1.º, 4.º, 6.ª; 7.ª; 8.ª; 10.º, 11.º, 13.º, 14.º, 16.º, 17.ª; 18.º, 21.º, 25.ª e 27.ª do artigo 149.1 da Constitución española, que atribúe ao Estado, respectivamente, a competencia na regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento dos dereitos constitucionais; sobre defensa e Forzas Armadas, a lexislación procesual; en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas; a lexislación civil; do réxime alfandegueiro e arancelario e comercio exterior; sistema monetario: divisas, cambio e convertibilidade; bases da ordenación de crédito, banca e seguros. En materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; Facenda xeral e débeda do Estado; en materia de sanidade exterior e bases e coordinación xeral da sanidade, lexislación sobre produtos farmacéuticos, en materia de lexislación básica e réxime económico da seguridade social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas; bases do réxime xurídico das administracións públicas; lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas; bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, telecomunicacións, e as bases do réxime mineiro e enerxético, normas básicas do réxime de prensa, radio e televisión e, en xeral, de todos os medios de comunicación social, respectivamente.

Disposición derradeira novena. *Achega financeira estatal adicional ao Plan estatal de vivenda 2018-2021.*

1. Autorízase o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a dispor de 100 millóns de euros con cargo ao Fondo de Continxencia para seren implementados con urxencia no crédito orzamentario 17.09.261N.753 «Subvencións estatais. Plans de vivenda» correspondente ao exercicio 2020. Esta dotación será implementada de inmediato ao importe comprometido para o exercicio 2020 polo Ministerio de Fomento, hoxe Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, nos convenios para a execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

2. A repartición desta dotación entre as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla realizarase coas mesmas porcentaxes que acordou a Conferencia Sectorial de Vivenda, Urbanismo e Solo.

3. Autorízase o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para transferir con urxencia ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e de Melilla o 100% desta dotación sen esperar á adquisición do compromiso financeiro por parte daquelas, nin a calquera outro requisito exixido nos convenios. Polo que respecta á Comunidade Foral de Navarra e ao País Vasco, as axudas que correspondan negociaranse no seo do concerto navarro e a cota vasca, respectivamente.

Disposición derradeira décima. *Habilitación para o desenvolvemento e modificación do Plan estatal de vivenda 2018-2021.*

Habilítase a persoa titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para ditar cantas disposicións resulten necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021.

Habilítase, así mesmo, a persoa titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para ditar cantas disposicións resulten necesarias para a modificación parcial do disposto no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, sempre e cando se respecten os compromisos adquiridos polo anterior Ministerio de Fomento coas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta

e Melilla nos convenios subscritos para a execución do dito plan e as modificacións que teñan por obxecto contribuir a minimizar os efectos económicos e sociais do COVID-19.

Disposición derradeira décimo primeira. *Desenvolvemento regulamentario e execución.*

Habíltanse o Goberno e as persoas titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira décimo segunda. *Vixencia.*

1. Con carácter xeral, as medidas previstas no presente real decreto lei manterán a súa vixencia até un mes despois da fin da vixencia da declaración do estado de alarma. Non obstante o anterior, aquelas medidas previstas neste real decreto lei que teñen un prazo determinado de duración suxeitaranse a el.

2. Sen prexuízo do anterior, a vixencia das medidas previstas neste real decreto lei, logo de avaliación da situación, poderán ser prorrogadas polo Goberno mediante real decreto lei.

Disposición derradeira décimo terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado* a excepción do artigo 37, sobre medidas de restrición ás comunicacións comerciais das entidades que realicen unha actividade de xogo regulada na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, que entrará en vigor aos dous días da citada publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de marzo de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN





## ANEXO II

### Formulario de gastos derivados da xestión do COVID 19

*Importes en miles €*

Programa/ Grupo de programa Descripción	Capítulo de gasto Descripción	UNIDADES FÍSICAS DE REFERENCIA	Nº UNIDADES	Gasto asociado directamente coa aplicación de medidas por COVID 19				Relación esquemática de medidas adoptadas con impacto en cada grupo de programas e en cada capítulo	
				Obligacións reconocidas	Gastos recollidos en contas non orzamentarias de acredores por obrigacións pendentes de aplicar a orzamento		Outros asustes a devindicación estimados		Total gasto devindicado estimado
					Aboamentos no exercicio	Aplicacións no exercicio			
132. Seguridade e orde pública	Gastos de persoal: cap. 1	Nº de persoas novas no cadro de persoal/ Aumento de horas extraordinarias derivadas do COVID 19							
	Gasto en bens e servizos: cap. 2	Nº de unidades de material adicional adquirido/nº de contratos de servizos adicionais polo COVID 19							
	Gasto de investimento: cap. 6								
	Gasto de transferencias correntes: cap. 4								
	Gasto de transferencias de capital: cap. 7								
134. Mobilidade urbana	Gastos de persoal: cap. 1	Nº de persoas novas no cadro de persoal/ Aumento de horas extraordinarias derivadas do COVID 19							
	Gasto en bens e servizos: cap. 2	Nº de unidades de material adicional adquirido/nº de contratos de servizos adicionais polo COVID 19							
	Gasto de investimento: cap. 6								
	Gasto de transferencias correntes: cap. 4								
	Gasto de transferencias de capital: cap. 7								
135: Protección civil	Gastos de persoal: cap. 1	Nº persoas novas no cadro de persoal/ Aumento de horas extraordinarias derivadas do COVID 19							
	Gasto en bens e servizos: cap. 2	Nº de unidades de material adicional adquirido/nº de contratos de servizos adicionais polo COVID 19							
	Gasto de investimento: cap. 6								
	Gasto de transferencias correntes: cap. 4								
	Gasto de transferencias de capital: cap. 7								

A) EFECTOS EN GASTOS DE FUNCIONAMIENTO E DE INVERSIÓN E DE TRANSFERENCIAS

Programa/ Grupo de programa Descripción	Capítulo de gasto Descripción	UNIDADES FÍSICAS DE REFERENCIA	Nº UNIDADES	Gasto asociado directamente coa aplicación de medidas por COVID 19				Relación esquemática de medidas adoptadas con impacto en cada grupo de programas e en cada capítulo
				Obligacións reconhecidas	Aboamentos no exercicio	Aplicacións no exercicio	Outros ajustes a devindicación estimados	
162: Recollida, xestión e tratamento de residuos	Gastos de persoal: cap. 1	Nº persoas novas no cadro de persoal/ Aumento de horas extraordinarias derivadas do COVID 19						
	Gasto en bens e servizos: cap. 2	Nº de unidades de material adicional adquirido/nº de contratos de servizos adicionais polo COVID 19						
	Gasto de investimento: cap. 6							
	Gasto de transferencias correntes: cap. 4							
	Gasto de transferencias de capital: cap. 7							
	Gastos de persoal: cap. 1	Nº persoas novas no cadro de persoal/ Aumento de horas extraordinarias derivadas do COVID 19						
	Gasto en bens e servizos: cap. 2	Nº de unidades de material adicional adquirido/nº de contratos de servizos adicionais polo COVID 19						
163: Limpeza viaria	Gasto de investimento: cap. 6							
	Gasto de transferencias correntes: cap. 4							
	Gasto de transferencias de capital: cap. 7							
	Gastos de persoal: cap. 1	Nº de empregados beneficiarios das axudas						
221: Outras prestacións económicas a favor dos empregados	Gasto en bens e servizos: cap. 2							
	Gasto de investimento: cap. 6							
	Gasto de transferencias correntes: cap. 4							
	Gasto de transferencias de capital: cap. 7							
231: Asistencia social primaria	Gastos de persoal: cap. 1	Nº persoas novas no cadro de persoal polo COVID 19						
	Gasto en bens e servizos: cap. 2	Nº de prazas novas en centros de asistencia social polo COVID 19						
	Gasto de investimento: cap. 6	Nº de prazas novas en residencias de anciáns polo COVID 19						
	Gasto de transferencias correntes: cap. 4	Nº de prazas novas en gardarías infantís (non os parvularios nin docentes prescolares) polo COVID 19						
311: Protección da saúde pública	Gasto de transferencia de capital: cap. 7	Nº de prazas novas noutros centros de atención social polo COVID 19						
	Gasto de investimento: cap. 6	Nº de unidades de material adicional adquirido						
	Gasto de transferencias correntes: cap. 4	Nº de contratos de servizos adicionais polo COVID 19						
	Gastos de persoal: cap. 1	Nº de persoas novas no cadro de persoal/ Aumento de horas extraordinarias derivadas do COVID 19						

Importes en miles €



Importes en miles €

Programa/ Grupo de programa Descripción	Capítulo de gasto Descripción	UNIDADES FÍSICAS DE REFERENCIA	Nº UNIDADES	Gasto asociado directamente coa aplicación de medidas por COVID 19			Relación esquemática de medidas adoptadas con impacto en cada grupo de programas e en cada capítulo
				Obligacións recoñecidas	Abonamentos no exercicio	Aplicacións no exercicio	
312: Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde	Gasto en bens e servizos: cap. 2	Nº de unidades de material adicional adquirido/nº de contratos de servizos adicionais polo COVID 19					
	Gasto de investimento: cap. 6						
	Gasto de transferencias correntes: cap. 4						
	Gasto de transferencias de capital: cap. 7						
	Gastos de persoal: cap. 1	Nº persoas novas no cadro de persoal/ Aumento de horas extraordinarias derivadas do COVID 19					
	Gasto en bens e servizos: cap. 2	Nº de unidades de material adicional adquirido/nº de contratos de servizos adicionais polo COVID 19					
	Gasto de investimento: cap. 6						
320: Administración xeral de educación	Gasto de transferencia correntes: cap. 4						
	Gasto de transferencia de capital: cap. 7						
	Gasto de persoal: cap. 1	Nº de persoas novas no cadro de persoal/ Aumento de horas extraordinarias derivadas do COVID 19					
	Gasto en bens e servizos: cap. 2	Nº de unidades de material adicional adquirido/nº de contratos de servizos adicionais polo COVID 19					
	Gasto de investimento: cap. 6						
	Gasto de transferencia correntes: cap. 4						
	Gasto de transferencia de capital: cap. 7						
323: Funcionamento de centros docentes de ensino infantil e primario e educación especial.	Gasto de persoal: cap. 1	Nº de persoas novas no cadro de persoal/ Aumento de horas extraordinarias derivadas do COVID 19					
	Gasto en bens e servizos: cap. 2	Nº de unidades de material adicional adquirido/nº de contratos de servizos adicionais polo COVID 19					
	Gasto de investimento: cap. 6						
	Gasto de transferencia correntes: cap. 4						
	Gasto de transferencia de capital: cap. 7						
	Gastos correntes: cap. 2	Nº de unidades ou material novo adquiridos para favorecer o teletraballo polo COVID 19					
	Gasto de investimento: cap. 6	Nº de equipamentos informáticos ou unidades novas adquiridos para favorecer o teletraballo polo COVID 19					
Área de gasto 9: Actuacións de carácter xeral	Gastos correntes: cap. 2	Nº de unidades ou material novo adquiridos para favorecer o teletraballo polo COVID 19					
	Gasto de investimento: cap. 6	Nº de equipamentos informáticos ou unidades novas adquiridos para favorecer o teletraballo polo COVID 19					

**B) EFECTOS EN INGRESOS TRIBUTARIOS**

Relación esquemática de medidas adoptadas con impacto en cada concepto			
Minoraçión de ingresos asociados directamente coa aplicación de medidas polo COVID 19			
Concepto orzamentario de ingresos	Dereitos liquidados	Minoraçión de dereitos por redución de actividade	Minoraçión de dereitos por medidas discrecionales
			Total dereitos liquidados estimados



## ANEXO IV - [Formulario de solicitude]

### Modelo de solicitude do bono social para traballadores por conta allea afectados por ERE e/ou traballadores autónomos que visen afectada a súa actividade como consecuencia do COVID-19

Datos da empresa  
comercializadora de  
referencia

Espazo reservado para o rexistro de  
entrada da solicitude na empresa  
comercializadora de referencia

#### DATOS DO TITULAR DA SUBMINISTRACIÓN

Apelidos e nome:

NIF ou NIE:

Enderezo do punto de subministración:

Enderezo de correo electrónico para efectos de notificación:

Municipio:

Código postal:

Provincia:

Teléfonos de contacto: / / /

Alternativamente, enderezo de correo postal para efectos de notificación:

Código universal de punto de subministración, CUPS (dato que figura na factura ou que pode ser solicitado ao distribuidor):

De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que todos os datos facilitados terán carácter confidencial. Os datos recollidos utilizaranse coa finalidade de aplicar o bono social regulado no Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, e o resto de normativa de aplicación ao bono social.

Así mesmo, para a utilización dos ditos datos, comunicámoslle que estes quedarán incorporados e serán tratados nos ficheiros denominados:

.....(incorporar nome dos ficheiros)... inscritos ante a Axencia Española de Protección de Datos, titularidade de ...(nome do responsable dos ficheiros)....

Da mesma maneira, ...(nome do responsable dos ficheiros)... comprométese a tratar de forma confidencial os datos de carácter persoal facilitados e a non comunicar ou ceder a dita información a terceiros.

En cumprimento da normativa vixente, garántese que se adoptaron as medidas técnicas e organizativas necesarias para manter o nivel de seguridade requirido, en atención á natureza dos datos persoais tratados.

Tamén o/a informamos da posibilidade que ten de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos de carácter persoal a través do enderezo de correo electrónico ...(enderezo de correo electrónico da empresa para estes efectos)... .., xuntando copia do DNI.....

SOLICITA:

A aplicación do bono social á subministración do código universal de punto de subministración citado.

PARA TAL EFECTO, DECLARA:

- Que a subministración para a que solicita bono social está destinada á vivenda habitual do titular.
- Que o titular é persoa física.
- Que o titular está acollido ao prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC) ou, en caso de non estalo, que acepta a formalización dun contrato coa comercializadora de referencia acollido a PVPC<sup>1</sup>.

Marque, se procede:

- Que forma parte da unidade familiar<sup>2</sup> integrada polos seguintes membros nome e NIF ou NIE de cada un dos membros para os cales o dito documento sexa obrigatorio).

(Espazo reservado para nome e NIF ou NIE do titular ou dos membros da unidade familiar).

<sup>1</sup> A aplicación do bono social comporta ter un contrato de subministración co comercializador de referencia a PVPC. O PVPC está regulado no Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación.

<sup>2</sup> Enténdese por unidade familiar, para os únicos efectos da aplicación do bono social na factura de enerxía eléctrica, a constituída conforme o disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, calquera das seguintes modalidades:

1.ª A integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber:

- a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentes destes.
- b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

2.ª Nos casos de separación legal, ou cando no exista vínculo matrimonial, a formada polo pai ou a nai e todos os fillos que convivan cun ou outro e que reúnan os requisitos a que se refire a regra 1ª.

Ninguén poderá formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.

Marque, se for o caso:

- 1) Que o titular do punto de subministración ou, se for o caso, algún membro da unidade familiar, traballador por conta allea, está acollido a un expediente de regulación de emprego (ERE), que teña a súa causa directa en perdas de actividade como consecuencia do COVID-19, autorizado pola autoridade laboral.
- 2) Que o titular do punto de subministración ou algún dos membros da súa unidade familiar, traballadores por conta propia ou autónomos, teñen dereito á prestación por cesamento total de actividade profesional ou por ver a facturación no mes anterior a que se solicita o bono social reducida en, ao menos, un 75 por cento en relación coa media de facturación do semestre anterior, nos termos establecidos no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

PARA ACREDITAR O CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS, ACHEGA:

- Copia do NIF ou NIE do titular do punto de subministración e, en caso de que forme parte dunha unidade familiar, copia do NIF ou NIE de cada un dos membros para os que o dito documento sexa obrigatorio.
- Certificado de empadramento en vigor, individual ou conxunto, do titular do punto de subministración ou de todos os membros da unidade familiar.
- Libro de familia, no caso de que exista unidade familiar.
- No caso definido na letra a) do número 1 do artigo 28 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, para o titular da subministración ou o membro da unidade familiar afectado:
  - Acordo do ERE.
  - Resolución da autoridade laboral en referencia ao ERE
  - Documento que acredite a relación do traballador por conta allea e a empresa que leva a cabo o ERE, se for o caso.
- No caso definido na letra b) do número 1 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, o traballador autónomo deberá acreditar a súa condición conforme o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

En particular, cando o traballador autónomo se encontre no suposto de cesamento de actividade, a acreditación realizarase mediante certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ou o órgano competente da comunidade autónoma, se for o caso, sobre a base da declaración de cesamento de actividade declarada polo interesado.

(Espazo reservado para nome, NIF ou NIE e sinatura do titular e dos membros da unidade familiar que se encontren nas circunstancias das letras a) ou b) do número 1 do artigo 28 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo).

No caso de que as circunstancias anteriores se alteren antes do prazo de 6 meses establecido no número 3 do artigo 28 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, o consumidor deberá comunicalo á súa comercializadora de referencia. En calquera caso, o consumidor pode solicitar o bono social en virtude do regulado no Real decreto 897/2017, do 6 de outubro.

En ..... o ..... de ..... de 20...

Sinatura do titular da subministración e, se for o caso, sinatura dos membros da unidade familiar.